

AS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

3.1. *Algunbas consideracións teóricas sobre as actitudes*

Unha investigación de carácter demolingüístico como a que nos ocupa, que ambicione ofrecer unha visión completa da situación das linguas en Galicia non debe prescindir de describi-las actitudes lingüísticas da poboación. Parece claro que a soa relación entre variables sociais e factores situacionais (sexo, idade, estudos, clase social, contexto comunicativo, etc.) non abonda para explica-la función das variedades lingüísticas dentro dunha comunidade, senón que cómpre coñece-las actitudes cara ás mesmas, que acostuman se-lo resultado de longos procesos históricos¹⁷. Por outra banda, limita-la análise ó uso das linguas e á súa relación con determinadas variables sociais prescinde normalmente da compoñente de individualidade que todo falante posúe, reducíndoo a un feixe de categorías externas ó mesmo.

¹⁷ Vid. St. Clair, R. N. 1982. "From Social History to Language Attitudes". *Attitudes towards Language Variation* ed. por E. Ryan e H. Giles, 164-174. London: Edward Arnold. 1982.

Antes de adentrármolos na descrición das actitudes cara ás linguas en Galicia¹⁸, consideramos necesario avanzar unha breve introducción sobre a natureza e estruturación das actitudes humanas, que axudará ó lector a encadrar e comprende-las análises posteriores.

As actitudes humanas foron obxecto de estudo de varias disciplinas —psicoloxía social, antropoloxía, socioloxía, lingüística, teoría da comunicación— pero os avances teóricos na súa definición e descrición estrutural producíronse especialmente no seo da psicoloxía social e non sempre estiveron exentos de debate¹⁹. Nesta obra consideráremo-las actitudes humanas como estados mentais e neurolóxicos, non observables directamente, que activan a avaliación dun obxecto —no noso caso lingüístico— e estimulan a actuación cara ó mesmo²⁰.

As actitudes humanas constan de tres compoñentes: cognitiva, afectiva, e conductual²¹. A primeira identifícase coas percepcións do individuo sobre o obxecto da actitude e coa información que posúa verbo del. En relación con este aspecto cómpre ter en conta dous conceptos importantes relacionados coa clase de información referida ó obxecto: o de *diferenciación* e o de *centralización*²². A diferenciación refírese ó tipo e cantidade de información sobre o obxecto: esta pode ser deficiente ou distorsionada e dar lugar a crenzas des-

¹⁸ Neste traballo entendéremo-las actitudes cara ás linguas en sentido amplo, é dicir, incluíndo non só as actitudes que teñen como referente as linguas e o seu uso, senón tamén os seus falantes e os procesos de transmisión e planificación lingüística.

¹⁹ Para ilustrar esta afirmación abondará con mencionar algunhas das numerosas definicións do concepto: 'estado neurolóxico e psíquico de predisposición á actuación', 'valoración positiva ou negativa dun obxecto', 'disposición a reaccionar', 'respostas puntuais a situacións tamén puntuais', etc.

²⁰ Algúns dos autores que adoptaron puntos de vista mentalistas na definición das actitudes foron os seguintes: Allport, G. W. 1935. "Attitudes". *A Handbook of Social Psychology* ed. por C. Murchinson, 798-844. Worcester, MA: Clark University Press.; Ajzen, I. e M. Fishbein. 1980. "Language Attitudes Studies". *Anthropological Linguistics* 12:5.137-157; Morales, F. et al. 1994. "Actitudes". *Psicología Social* coord. por F. Morales, 495-621. Madrid: McGraw-Hill. Estas teorías consideran o conductismo como unha corrente que responde a unha visión un tanto mecanicista do comportamento humano ó interpreta-las actitudes como respostas concretas ante determinadas situacións non susceptibles de seren sistematizadas.

²¹ Estas tres compoñentes son as establecidas pola escola multicompoñencial, que foi seguida por case tódolos psicólogos sociais dende 1950. Pola súa parte, a escola monocompoñencial, que ten dous dos seus maiores expoñentes en I. Ajzen e M. Fishbein (*op. cit.*), reduce a estrutura das actitudes á dimensión avaliativa.

²² Deprez, K. e Y. Peersons. 1987. "Attitude". *Sociolinguistics* ed. por U. Ammon e N. Dittmar, 116-131: vol. I. Berlín: Walter de Gruyter. 1987.

virtuadas que acabarán configurando unha serie de prexuízos sociais. A centralización ten relación coa importancia dos diversos datos informativos para defini-lo obxecto. Hainos que se consideran máis centrais e outros máis adxacentes. Concederlle unha importancia desmedida ós datos adxacentes para a configuración do obxecto pode ser outra das causas que orixinen os prexuízos. A compoñente afectiva está formada polos sentimentos, emocións ou afectos que dito obxecto esperta no individuo. Finalmente, a conductual identifícase coas tendencias, disposicións e intencións cara ó obxecto, así como coas accións concretas dirixidas a el.

A actitude global pode considerarse como o conxunto superior constituído por cada un dos subconxuntos que son as súas compoñentes²³. En virtude desta concepción xerárquica, podemos esperar que as medidas dunha mesma compoñente sexan moi semellantes entre si e menos semellantes ás medidas doutra compoñente. Isto é, a análise das variables relativas á compoñente avaliativa dará resultados máis próximos entre si ca con aquelas relativas ás compoñentes conductiva ou cognitiva. Sen embargo, por seren tódalas compoñentes parte dunha única actitude deben gardar tamén unha estreita relación, de tal modo que adoita existir unha influencia mutua entre elas. Deste xeito, a información cognitiva que posuímos sobre un obxecto incide na nosa resposta afectiva e ambas dirixen a conducta posterior cara a ese obxecto. Pero, así mesmo, os afectos poden condicionalo procesamento cognitivo da información futura sobre o obxecto da actitude, seleccionando, de entre a información total, aquela que non se amosa contradictoria coa compoñente afectiva.

Neste punto enlazamos cunha das cuestións máis discutidas polos teóricos das actitudes humanas: a relación entre actitude e conducta. O debate sobre se as actitudes presentan a esperada consistencia afectivo-conductual iniciouse coa publicación dun traballo de LaPiere²⁴, no que se poñía en relación o prexuízo racial coa conduc-

²³ Rosenberg, M.J. e C. I. Hovland eds. 1960. *Attitude Organization and Change*. New Haven: Yale University Press. Citado a través de *Psicología Social* ed. por F. Morales, E. Rebolloso e M. Molla, 500. Madrid: McGraw-Hill.

²⁴ LaPiere, R. T. 1934. "Attitudes versus Actions". *Social Forces* 14. 230-237. Tamén recollido en *Readings in Attitude Theory and Measurement* ed. por M. Fishbein, 26-31. Nova York: John Wiley. 1967.

ta de aceptación ou rexeitamento de persoas pertencentes a minorías étnicas en Estados Unidos. Os resultados deste traballo demostraron que mentres a actitude se manifestaba claramente prexuízosa non sucedía o mesmo coa conducta. Para contribuír á resolución deste problema xurdiu a *teoría da acción razoada* de Ajzen e Fishbein (1980), que defende a dificultade de relacionar de xeito directo a actitude e a conducta, sendo necesario postula-la existencia de constructos intermedios, entre os que podemos salienta-la *intención conductual*. A intención conductual estará determinada polo peso da actitude individual e da norma social subxectiva, entendendo por *norma social subxectiva* a presión social que a persoa percibe e adoita proceder das persoas máis achegadas a ela. Esta é unha función das crenzas normativas en virtude das cales a persoa estima a probabilidade de que a súa conducta resulte aceptable ou inaceptable para os demais. A intención conductual será, logo, un predictor máis exacto da conducta cá actitude ou a norma social subxectiva por separado. Unha conducta que xurda da intención dunha persoa e que teña en conta a presión do ambiente social ademais da súa propia orientación pódese considerar unha conducta razoada. Para os citados autores o nivel de xeneralidade en que se formulan as actitudes e a correspondente conducta tamén inflúe no grao de coherencia da súa relación. A actitude só terá poder predictivo cando o seu nivel de xeneralidade coincida co da intención conductual. Deste xeito, actitudes moi xerais só poderán ser relacionadas con condutas moi xerais, e actitudes moi específicas con condutas igualmente específicas. No caso das actitudes lingüísticas, isto significa que da existencia de actitudes favorables cara ó ensino dunha lingua non debe derivarse o seu uso no ámbito familiar. Outros autores²⁵ engaden o *hábito* á lista de variables non actitudinais que poden incidir na persistencia dunha conducta. Por hábito enténdese unha acción que se converte en automática á forza de repetida. Deste xeito podería darse o caso da existencia de actitudes extremadamente favorables cara ó uso dunha lingua no ámbito familiar que non tivesen resposta no nivel conductual debido ó enraizamento doutros hábitos lingüísticos nese dominio.

²⁵ Ronis, D. L., Yates, J. F. e J. P. Kirscht. (1989). "Attitudes, Decisions and Habits as Determinants of Repeated Behavior". *Attitude Structure and Function* ed. por S. R. Pratkanis, S. J. Breckler e A. G. Greenwald, 213-239. Hillsdale, L. Erlbaum.

Cómpre salientar, por outra parte, a importancia da percepción dos beneficios ou prexuízos que os individuos asocian cunha conducta determinada. Se consideran que unha acción respecto dun obxecto os prexudicará, os seus afectos polo mesmo serán negativos; pola contra, se prevén que os beneficiará, tenderán a configurar afectos positivos.

Por último, é necesario menciona-la existencia, recoñecida polos estudiosos deste campo da psicoloxía social, de actitudes que posúen unha compoñente cognitiva desvirtuada e unha compoñente afectiva caracterizada por unha forte carga emocional: os denominados prexuízos.

Os prexuízos xorden de erros ordinarios na categorización da realidade, que adoitan producir algún dos dous tipos seguintes de inferencias²⁶:

1º) as propiedades detectadas nun individuo fanse extensibles á totalidade do grupo ó que pertence (principio de *instantiation*)

2º) inversamente, as propiedades que se lle atribúen ó grupo aplícanse a cada un dos seus membros sen excepción.

Podemos afirmar, polo tanto, que as categorizacións que dan lugar a prexuízos tenden a reduci-las diferencias intragrupo e a aumenta-las intergrupais, mediante procesos de esaxeración e polarización debidos a erros que se producen no proceso inferencial. O proceso lóxico de extraer inferencias segue tres etapas²⁷ (Morales 1994):

- a) recollida da información
- b) mostraxe da información
- c) uso da información

Parece claro, logo, que canto maior e máis detallada sexa a información recollida, máis correcta será a inferencia. Sen embargo, nesta primeira etapa poden producirse erros na selección dos datos relevantes para a representación do obxecto. A segunda etapa, mostraxe da información, céntrase no grao de adecuación da infor-

²⁶ Van Dijk, T. 1987. *Communicating Racism. Ethnic Prejudice in Thought and Talk*. Londres. Sage Publications.

²⁷ Véxase J. F. Morales (op. cit., pp. 273 ss.)

mación seleccionada, e nela pode producirse o erro de seleccionar unha mostra excesivamente sesgada e considerala representativa da totalidade. Finalmente, a forma de usa-la información seleccionada é decisiva para facer inferencias correctas. Nesta última etapa poden cometerse tres tipos de erros, relacionados co cálculo de probabilidades de que dous feitos ocorran conxuntamente, co manexo da información relevante e non relevante e coa estimación do grao en que dous feitos están relacionados²⁸.

Todos estes erros que poden cometerse no procesamento da información dan lugar, segundo algúns sicólogos sociais, a 'formas inferiores de pensamento', non coincidentes coa realidade, que obedecen a unha motivación defensiva e son altamente ríxidas e etnocéntricas —esta etiqueta cómpre entendela coma unha sobrevaloración do propio grupo e un rexeitamento e hostilidade cara ós grupos opostos.

No presente volume tratamos de analiza-las actitudes da poboación galega cara ás linguas (castelá e galega) incluíndo no cuestionario preguntas relacionadas coas súas tres compoñentes (cognitiva, avaliativa e conductual), así coma a posible existencia de prexuízos sobre as linguas ou os seus usuarios e conductas hipoteticamente discriminatorias. Non obstante, o método de medición empregado non nos permite levar a cabo un estudio pormenorizado de cada unha das compoñentes actitudinais por separado, polo que, partindo dunha concepción ampla das actitudes lingüísticas, enfocáremolas desde unha perspectiva globalizadora, en lugar de adentrármolos en descrições detalladas de cada unha das compoñentes que, para a finalidade desta investigación, resultan, ademais, innecesarias. Polo tanto, ó longo desta obra serán descritos os afectos, as crenzas e opinións da poboación galega sobre diversos aspectos vencellados á normalización do uso do galego, ós seus usuarios, á súa utilidade, etc. Nesta concepción ampla das actitudes lingüísticas incluímo-los prexuízos verbo da lingua galega ou os seus falantes que, como xa dixemos en páxinas anteriores, son actitudes altamente marcadas por unha sobrecarga afectiva e unha sobrexeneralización das categorizacións da realidade, pero actitudes en definitiva. Xa que logo, a súa análise dá lugar a unha sección no interior do capítulo de actitudes.

²⁸ Véxase J. F. Morales (op. cit.).

3.2. Unha medida xeral das actitudes

Para o estudio das actitudes elaboramos unha variable, etiquetada como *Actitude lingüística xeral*, que será analizada neste epígrafe. Se o lector desexa coñecer-lo procedemento polo que obtivemos esta variable, pode consulta-lo capítulo 2, onde se explican detidamente os pasos seguidos ata a agrupación definitiva. Cómpre recordar, en calquera caso, que a *Actitude lingüística xeral* é o resultado de agrupar dezaseis variables actitudinais, todas elas cunha escala de 1 a 5. O valor 1 representa sempre a actitude menos favorable para o galego e o 5 a máis favorable, sendo o 3 un valor intermedio que pode ter distintas etiquetas; etiquétase como 'indiferente' cando se pregunta exclusivamente polo galego (preguntas 71, 74, 75, 80, 81, 84, 94, 108, 113 e 120), e como 'igual de axeitado' cando se compara o galego co castelán (preguntas 69, 70, 72, 90 e 91). Nótese, así mesmo, que a opción 'indiferente' pode ter significados distintos nas diversas preguntas do cuestionario. Así, na pregunta 71 (*Se ten un pleito e o seu avogado o defende en galego, vostede estaría...*) subxace unha comparación entre o galego e o castelán, de maneira que probablemente o significado neste caso sexa equivalente a 'igual de axeitado'; pola contra, na pregunta 108 (*¿Que opina vostede de que medre o uso do galego, de que se potencie?*) o sentido parece ser máis ben que ó entrevistado non lle importa se o uso do galego se potencia ou non. Pola súa parte, a pregunta 109 (*As medidas que se toman para favorece-lo uso do galego parécenlle...*) ten unha escala de respostas distinta das restantes, aínda que equivalente desde o punto de vista da gradación de menor a maior favorabilidade para o galego.

Antes de adentrármolos na análise da medida xeral de actitudes, cremos conveniente presentar algúns datos sobre cada unha das dezaseis variables de que se compón, acompañados dunha visión moi xeral do seu comportamento nos 34 sectores en que dividimos Galicia. Con tal fin presentamos e describimos no epígrafe seguinte algunhas medidas de tendencia central e de dispersión (media, moda e desviación típica), ordenando as preguntas que corresponden a cada variable segundo a orde decrecente das medias obtidas.

3.2.1. Variables para a análise da actitude xeral

P.113. *Todo o que vive en Galicia debe saber ou coñece-lo galego*

$\bar{x}=4.47$; $Mo=5$; $s=.84$

A pregunta 113 mide unha actitude referida á relación entre o galego e a identidade colectiva. Apréciase na súa formulación un certo ton prescritivo, o que pode favorecer que os entrevistados manifesten un posicionamento claro, é dicir, que eviten as respostas intermedias e particularmente o "indiferente" (valor 3). Entre as variables de actitudes que estamos a comentar, esta é a que ten unha media máis elevada, e polo tanto a máis favorable cara ó galego. A desviación típica (de menos dun punto) indica que as respostas son considerablemente homoxéneas, de maneira que, tendo en conta a moda de 5, podemos dicir que a maior parte dos entrevistados coinciden en dar importancia ó coñecemento do galego por parte de todo o que vive en Galicia. Por sectores, dezaseis están por baixo da media e dezaioito por riba. As puntuacións máis elevadas aparecen na provincia de Ourense, onde seis sectores superan o 4.65.

P.108. *¿Que opina vostede de que medre o uso do galego, de que se potencia?*

$\bar{x}=4.38$; $Mo=5$; $s=.85$

Esta formulación, fronte á da pregunta anterior, favorece que o informante manifeste diferentes graos de compromiso co obxecto da mesma. O enunciado establece, por outra banda, unha vinculación implícita entre o potenciamento do galego e a actuación de axentes con algunha posibilidade de intervir neste terreo (Administración, medios de comunicación, escola, etc.). A media reflicte, coma no caso anterior, unha actitude claramente favorable ó aumento e potenciación do galego, confirmada pola moda e a desviación típica. Hai vinte sectores con medias inferiores ás de Galicia e catorce con medias superiores; destes, oito teñen unha puntuación igual ou maior a 4.5. Todos están por riba de 4.

P.69. *O uso normal do galego nos concellos e na Xunta, parécelle, en comparanza co do castelán...*

$\bar{x}=4.02$; $Mo=5$; $s=1.04$

Pregúntase nesta ocasión pola adecuación do galego, en comparanza co castelán, para a comunicación con determinadas ins-

titucións. A media indica que existe unha actitude favorable ó uso do galego, aínda que non tanto coma a das variables anteriores. A pesar de que a maioría das respostas dan conta dunha gran favorabilidade (moda de 5, 'moito máis axeitado'), a desviación típica é maior ca nos casos precedentes; se observamos este dato á luz da media, deduciremos que nesta ocasión unha maior cantidade de entrevistados escolle opcións correspondentes a niveis de menor favorabilidade. En calquera caso, a proporción dos mesmos que opta por respostas con valor inferior ó 3 segue a ser mínima. Pola súa banda, tódolos sectores presentan unha media favorable ó galego: vinte cunha puntuación superior á do total de Galicia, doce inferior e dous igual. Os resultados nunca descendeen máis aló de 3.7, polo que se pode dicir que a poboación consultada se inclina sempre pola maior adecuación do galego antes ca do castelán.

P.71. *Se ten un pleito e o seu avogado o defende en galego, vostede estaría...*

$\bar{x}=3.92$; $Mo=5$; $s=1.21$

Segundo indica a moda obtida por esta variable, a resposta máis frecuente é a daqueles informantes que dixeron estar 'totalmente de acordo' co emprego do galego por parte do seu avogado, aínda que o resultado da desviación típica permite deducir que as respostas dos informantes son máis heteroxéneas ca nas variables anteriores. A media, con ser favorable para o galego, non acada a puntuación de 4 ('bastante de acordo'). Por sectores, en vinte dos trinta e catro a media é superior á de Galicia.

P.81. *Debe usarse máis o galego na publicidade.*

$\bar{x}=3.90$; $Mo=5$; $s=.98$

Se comparamos esta variable coa anterior, observamos que as medias son case idénticas, como resultado dun fenómeno moi semellante: mentres a moda indica que a postura máis frecuente é a de mostrarse 'totalmente de acordo' con que o galego debería estar máis presente na publicidade, abundan tamén as respostas que dan conta dun acordo máis moderado ou de indiferencia. A menor desviación típica amosa que son menos os entrevistados que se mostran en desacordo. Por sectores, dezasete teñen puntuacións superiores á media de Galicia e outros tantos inferiores.

P.80. *Ten que haber máis programas de radio e televisión en galego.*

$\bar{x}=3.89$; $Mo=4$; $s=0.98$

A media reflicte unha actitude favorable ó galego. Obtemos unha moda de 4, correspondente á resposta 'bastante de acordo'. Se observámo-la distribución da mostra, vemos que só unha pequena minoría opta polo desacordo, mentres gran parte dos entrevistados prefiren o 'indiferente' ou o 'totalmente de acordo'; estamos, polo tanto, ante resultados moi semellantes ós da variable anterior, coa práctica totalidade da mostra repartida nestas tres respostas. Por sectores, dezasete teñen unha puntuación inferior á media, dezaseis superior e un a mesma.

P.74. *¿Que lle parece que a información deportiva ou os sucesos dos periódicos estean escritos en galego?*

$\bar{x}=3.74$; $Mo=5$; $s=1.16$

Con esta variable pretendemos observa-la actitude da poboación entrevistada ante a utilización do galego en determinadas seccións dos xornais. A media segue a ser favorable ó galego. A desviación típica dá conta da dispersión das respostas entre o 'totalmente de acordo' (a resposta maioritaria) e o 'indiferente', dispersión incrementada pola pequena cantidade de informantes que se mostran 'bastante en desacordo'. Entre os sectores, dezanove teñen unha media superior á de Galicia, mentres que en catorce a media é inferior e nun igual.

P.75. *Os nomes dos sitios e rúas de Galicia deben estar só en galego.*

$\bar{x}=3.71$; $Mo=5$; $s=1.31$

Con resultados estatísticos próximos ós da variable anterior, a resposta máis habitual segue a ser a máis favorable para o galego (moda=5). Sen embargo, a dispersión un pouco máis alta e a media cun valor inferior a 4 son indicios de algo que se constata observando a distribución da mostra: hai un número considerable de informantes con resposta desfavorable; concretamente, dous de cada dez manifestan un desacordo moderado ou completo (valores 2 e 1 respectivamente) co emprego do galego como única lingua da toponimia. En catorce sectores a media é superior á de Galicia, en catorce inferior e en tres igual.

P.120. *¿Gustaríalle aprender ou mellora-lo seu galego?*

$\bar{x}=3.63$; $Mo=4$; $s=1.2$

Segundo indica a moda, a resposta maioritaria a esta pregunta é aquela na que os informantes se mostran 'bastante' dispostos a mellora-lo seu coñecemento do galego. O feito de que a media non chegue a 4 relaciónase co efecto da desviación típica, é dicir, coa dispersión da mostra nas cinco opcións de resposta da variable. Acharmos dezaioito sectores cunha media inferior á de Galicia, quince con puntuacións superiores e un igual. O único sector que ten unha media superior a 4 é Ourense-3.

P.94. *O galego debe se-la lingua habitual da escola.*

$\bar{x}=3.38$; $Mo=4$; $s=1.34$

A media continúa acadando un resultado favorable para o galego, pois supera o valor 3 ('indiferente'). Aínda que a formulación da pregunta pode favorecer respostas extremas (lémbrese o que dicíamos sobre a pregunta 113), a opción que escollen un maior número de informantes corresponde á posición de acordo moderado (moda de 4). A dispersión, ademais, é considerable, e na distribución da mostra destaca a proporción de informantes que se reparten entre os valores 2 ('bastante en desacordo') e 1 ('totalmente en desacordo'), de maneira que a media non pode acadar valores moi altos. Dezanove sectores teñen unha media superior á de Galicia, catorce inferior e un igual.

Dado que existe unha forte relación entre esta variable e a correspondente á pregunta 84 (*As asignaturas diferentes de lingua e literatura españolas deben explicarse en galego*), ambas serán tratadas, no epígrafe que segue, como unha única variable (epígrafe 3.3.2, *Preferencia polo galego para a escola*). Para unha xustificación dese agrupamento consúltese o capítulo 2 deste volume.

P.109. *As medidas que se toman para favorece-lo uso do galego parécenlle...*

$\bar{x}=3.34$; $Mo=3$; $s=0.81$

Esta pregunta está relacionada coa p.108, pois se aquela suxería a referencia ós axentes a quen se pode atribuí-la posibilidade de fomenta-lo uso do galego, esta solicita xa unha valoración das medidas que se están a tomar nese sentido. Neste caso contamos cunha batería de respostas diferente á das restantes variables: o valor 1, o menos favorable para o galego, foi asignado á resposta 'demasiadas' medidas, mentres que o máis favorable (valor 5) corresponde á resposta 'moi insuficientes'. Convén ter en conta que o valor 'suficien-

tes', (o maioritario, moda=3), non é identificable cunha actitude indiferente; pola contra, implica a conformidade do entrevistado co labor institucional neste terreo. Tódolos datos estatísticos que presentamos indican o claro predominio da posición intermedia; a dispersión concéntrase entre esta postura e a que considera as medidas de fomento como 'insuficientes' (valor 4), mentres que calquera das respostas restantes é claramente minoritaria. Por sectores, dezasete están por baixo da media de Galicia, catorce por riba e tres obteñen a mesma puntuación.

P.84. *As asignaturas difinentes de lingua e literatura españolas deben explicarse en galego.*

$\bar{x}=3.22$; Mo=4; s=1.34

Aínda que ante esta afirmación a resposta máis frecuente é o acordo moderado ('bastante de acordo', co valor 4), obsérvase que a media supera escasamente a puntuación de 3 ('indiferente', na soleira de favorabilidade para o galego). A desviación típica (1.34) correspondente a esta pregunta só é acadada por outra das variables referidas á escola (p. 94); a distribución da mostra é semellante á daquela, aínda que con máis respostas en contra, de xeito que a media descende un pouco máis. Por sectores, quince teñen resultados inferiores á media de Galicia, dezaioito superiores e un igual. Hai tres sectores (A Coruña, Ferrol e Lugo) que non alcanzan a media de 3.

P.70. *O uso do galego nun testamento ou contrato parécelle, en comparación co do castelán...*

$\bar{x}=3.18$; Mo=3; s=1.24

Neste caso a opción de resposta máis frecuente é 'igual de axeitado', aínda que a media indica que a actitude ante o galego nun contrato é, en conxunto, favorable a esta lingua. O feito de que esta medida supere a puntuación de 3 ten que ver coa distribución da mostra, xa que, dentro dos entrevistados que non consideran idéntica a adecuación de unha e outra lingua, a maioría inclínase cara á preferencia polo galego. No que atinxe ós sectores, a metade ten unha media superior á do total de Galicia. Tan só a cidade de Lugo presenta unha puntuación desfavorable ó galego (2.94).

P.72. *O uso do castelán, en relación co do galego, na misa parécelle...*

$\bar{x}=3.03$; Mo=3; s=1.21

Nesta variable, como nas correspondentes ás preguntas 90 e 91, muda o enfoque respecto das restantes, xa que focalizan o castelán e non o galego. Por iso a escala segue a orde inversa, de xeito que o 'moito máis axeitado' ten valor 1 e o 'moito menos axeitado' valor 5.

Nesta ocasión obsérvase un claro predominio do 'igual de axeitado', cunha media moi próxima a 3. Ó observarmos, á parte da desviación típica, a distribución poboacional, vemos que, dos entrevistados que non concordan coa resposta maioritaria, aproximadamente a metade escollen as opcións favorables para o galego ('bastante/moito menos axeitado', cos valores 4 e 5 respectivamente), mentres a outra metade opta polas non favorables ('bastante/moito máis axeitado', cos valores 2 e 1). En dezaioito sectores a media é inferior á de Galicia, nun igual, e en quince superior.

P.91. *¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar historia...?*

$\bar{x}=2.78$; Mo=3; s=1

Como é ben sabido, a recente introducción do galego no ensino fixo que esta lingua acadase funcións tradicionalmente restrinxidas ó castelán (véxase volume II do MSG, cap.5). Con esta pregunta, como coa seguinte (p.90), tratamos de avalialas actitudes dos entrevistados respecto da aptitude do galego en comparación co castelán para estes novos usos. Ademais, queríamos saber se a poboación ve de diferente maneira, no que atinxe á lingua vehicular da docencia, o ensino de historia (unha materia humana) e o de matemáticas (unha materia técnica). No epígrafe dedicado ó ámbito escolar analízanse ámbalas variables agrupadas (3.3.1. *Lingua máis axeitada para as clases*).

Nesta pregunta, aínda que a media é inferior a 3 (por baixo da soleira de favorabilidade para o galego), hai que ter en conta que a moda representa máis da metade da poboación. O resultado da media relaciónase co feito de que son máis os entrevistados que consideran o castelán moito/bastante máis axeitado cós que prefiren o galego. Por sectores, once acadan unha puntuación inferior, vintedous superior e un igual á da media de Galicia. Ourense-5 e Pontevedra-10 teñen medias superiores a 3.

P. 90. ¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar matemáticas...?

$\bar{x}=2.71$; $Mo=3$; $s=0.999$

Os resultados desta variable para o total de Galicia son practicamente iguais ós da anterior. Podemos dicir, polo tanto, que a poboación non avalía de diferente maneira o uso das linguas no ensino da historia e no das matemáticas. Por sectores, trece obteñen puntuación por baixo da media, vinte por riba e un igual.

Segundo se desprende desta descrición, a maior parte das variables que agrupamos nunha soa, baixo a etiqueta común de *Actitude lingüística xeral*, presentan medias favorables ó galego. Só no caso das preguntas 90 e 91 podemos apreciar medias inferiores a 3, aínda que cómpre non esquecer que nelas a resposta máis frecuente é a que corresponde a esta puntuación intermedia. As variables con resultados máis favorables para o galego son preguntas 113, 108 e 69, con medias superiores a 4 e moda de 5 ('totalmente de acordo' ou 'moito máis axeitado'). Esta moda de 5 aparece, así mesmo, en sete das dezaseis variables. As restantes preguntas obteñen medias entre 3 e 4 puntos, sen que haxa ningunha cunha moda inferior a 3. En conxunto, polo tanto, as respostas oscilan entre os valores centrais da escala e os favorables para o galego. Unha revisión das desviacións típicas revela a relativa homoxeneidade dentro de cada unha das variables, se ben é certo que hai diferencias entre elas. As variables que presentan unha maior desviación respecto da media son as correspondentes ás preguntas 84 e 94, cunha desviación típica de 1.34, mentres a máis homoxénea é a pregunta 109, cunha puntuación de .81.

3.2.2. *Actitude lingüística xeral*

3.2.2.1. *Actitude lingüística xeral en Galicia*

A medida xeral da actitude é resultado de agrupa-las dezaseis variables descritas. O tratamento conxunto permite optimizalo tratamento dos datos, pois en lugar de vérmonos obrigados a analizar cada unha das variables por separado, por este procedemento obtemos resultados estatísticos que dan conta das tendencias globais. A agrupación fíxose tendo en conta que teñen a mesma escala e algunhas características conceptuais comúns, aínda que non sexan totalmente equiva-

lentes nin os enunciados das preguntas nin as respostas correspondentes, tal como indicamos ó describilas por separado. No capítulo 2 (*O presente volume*) explícase o procedemento polo que chegamos á agrupación definitiva, a través da análise factorial e do cálculo de fiabilidade da escala xeral que pretendiamos utilizar.

A puntuación da *Actitude lingüística xeral* para o conxunto de Galicia é 3.60. Trátase dunha media favorable ó galego, situada entre o valor 3 (correspondente, *grosso modo*, a 'indiferente' ou 'igual de axeitado') e o 4 ('bastante de acordo' ou 'bastante máis axeitado'). Por sectores (véxase o mapa 1), dezaseis superan a media de Galicia, dezasete teñen unha puntuación inferior e un a mesma. As puntuacións sitúanse nun abano reducido, entre o 3.44 de Ferrol e o 3.89 de Ourense-3. En ningún sector a media é desfavorable ó galego, sendo nas cidades (agás Santiago) onde se achan puntuacións máis baixas.

Ó facérmo-los cruzamentos da variable da *Actitude lingüística xeral* con outras variables no conxunto de Galicia (táboas 3.2.1.0 e 3.2.2.0 en diante), observamos que, na maioría dos casos, o resultado segue a ser favorable para o galego, con medias entre os 3 e os 4 puntos. Só se atopan puntuacións por baixo de tres —aínda que nunca chegan a niveis inferiores a 2.5— naqueles casos en que o cruzamento atinxe ós entrevistados que entenden 'nada' ou 'pouco' o galego (medias de 2.51 e 2.92 respectivamente) e ós que consideran nula a súa capacidade para falalo (2.72). En calquera caso, estes entrevistados constitúen grupos porcentualmente moi pequenos no conxunto da poboación.

A característica máis destacada da *Actitude lingüística xeral* é a súa homoxeneidade: non existen diferencias actitudinais importantes entre os distintos grupos poboacionais que consideramos neste traballo. Con todo, rexístranse algunhas tendencias das que daremos conta a través da descrición dos cruzamentos que resultan máis rendibles.

En primeiro lugar destacan as competencias orais (táboa 3.2.2.0), onde a media da actitude aumenta coa maior capacidade para entender ou fala-lo galego. A diferenza entre os que declaran non ter ningunha competencia e os que din ter moita é de 1.2 puntos no caso da capacidade para entender e de 1.04 cando observámo-la capacidade para falar. O cruzamento coa lingua habitual introduce tamén

diferencias intergrupais dignas de consideración, cunha distancia de 0.73 puntos entre os que falan só castelán (3.06) e os que falan só galego (3.79). A seguir témo-las competencias escritas, nas que achamos 0.65 puntos de diferenza entre o maior e o menor nivel de pericia para a escritura do galego e de 0.63 para a lectura.

Por ámbitos de adquisición, a distancia entre os que aprenderon o galego na familia (a media máis favorable: 3.66) e os que o adquiriron no contacto cos veciños (a menos favorable: 3.22) é de só 0.44 puntos. Á parte de que as variacións son considerablemente pequenas, cómpre ter presente que o 83.5% da poboación adquiriu o galego na familia; isto reduce aínda máis a relación desta variable coas variacións das puntuacións da *Actitude lingüística xeral*. A lingua inicial tampouco introduce diferenzas salientables: os que aprenderon a falar en galego obteñen unha media 0.29 puntos superior á daqueles que aprenderon a falar en castelán. Os bilingües iniciais acadan valores intermedios.

No que atinxe ás variables de tipo social (táboa 3.2.1.0), a de maior amplitude é a profesión (0.47 puntos entre as puntuacións extremas). As medias máis favorables para o galego son, en orde decrecente, as de mariñeiros (3.79), personal economicamente non activo, estudantes e docentes. As menos favorables corresponden a empresarios, amas de casa, profesionais liberais e forzas armadas (3.32).

A idade, pola súa banda, introduce unha diferenza de 0.31 puntos entre os máis novos e os máis vellos. A pesar da proximidade das puntuacións, este cruzamento resulta de gran interese. Por unha banda, permite ve-la evolución en tempo aparente²⁹, xa que podemos supoñer que as diferenzas actitudinais entre grupos de idade reflicten tendencias evolutivas. Por outra banda, a variable idade está estreitamente vencellada ás competencias escritas, pois os que en maior medida se declaran capaces de ler e escribir en galego pertencen ó grupo de menor idade. Dado que, canda a lingua habitual, son as competencias escritas as que maior variación introducen nas medias e as que, como logo veremos, máis explican a varianza da actitude xeral, a combinación destas variables perfílase como a máis interesante para unha análise posterior.

²⁹ Confróntese o tratamento da lingua habitual nunha análise en tempo aparente a partir da idade no volume II do MSG.

O hábitat de residencia amosa puntuacións semellantes nas distintas categorías: dos 3.68 puntos do rural-2 ata os 3.49 do urbano. Cómpre salientar que o periurbano acada unha media de 3.67, case a mesma có rural-2. Máis homoxéneas aínda son as medias correspondentes ó sexo, ós distintos niveis de estudos e ás diversas clases sociais; prescindimos de comentalas aquí pola súa escasa relevancia, mais o lector pode consulta-la táboa 3.2.1.0 se quere ve-los resultados.

Co obxecto de discernir con máis claridade a incidencia (sempre pequena) de cada unha das variables nas diferenzas entre medias, fixemos análises de varianza con cada un dos subconxuntos de variables lingüísticas e sociais. Con este tipo de análise non pretendemos pescuda-la significatividade estatística das variables, pois cunha mostra tan grande coma a que manexamos practicamente calquera diferenza, por pequena que sexa, obtén significatividade; mesmo as mínimas variacións que se observan entre homes e mulleres ou entre as diferentes clases sociais teñen valor estatístico. O noso obxectivo é só coñecer a porcentaxe de varianza que explica por si soa cada variable (análise da varianza univariada), así como a explicada por diferentes combinacións de variables (análise multivariada). Os datos así obtidos permiten seleccionar a combinación que explique a maior porcentaxe de varianza co menor número posible de variables. Así pois, nesta sección non presentaremos as táboas cos resultados que habitualmente se teñen en conta neste tipo de análise, senón que mostraremos o procedemento de obtención do modelo explicativo e describiremos a relación das variables seleccionadas coa Actitude lingüística xeral. Na análise por sectores, pola contra, recollémos as táboas e temos en conta a significatividade estatística, xa que neles as mostras son bastante pequenas como para discernir tal significatividade. O modelo empregado para esta descrición sectorial é o mesmo có do conxunto de Galicia.

O cadro 3.2.1 amosa as porcentaxes de varianza explicada. Obsérvase que, en xeral, as variables lingüísticas explican máis cantidade de varianza cás sociais (ningunha destas supera o 2.5%). De entre aquelas, a máis explicativa é a lingua habitual, seguida das destrezas activas (capacidade para escribir e fala-lo galego).

Cadro 3.2.1. Porcentaxe de varianza da Actitude lingüística xeral explicada polas diferentes variables de control


| Variables Lingüísticas | | Variables sociais | |
|---|------|--|------|
| Lingua inicial | 3.1% | Idade | 2.5% |
| Lingua habitual | 9.4% | Estudios | 0.3% |
| Capacidade para entende-lo galego | 4.4% | Clase social | 0.1% |
| Capacidade para fala-lo galego | 8.1% | Profesión | 2.2% |
| Capacidade para le-lo galego | 6.3% | Sexo | 1.1% |
| Capacidade para escribi-lo galego | 8.3% | Hábitat de residencia | 1.3% |
| Ámbitos de adquisición do galego | 1.7% | | |
| TOTAL explicado (análise multivariada con tódalas variables lingüísticas) | | TOTAL explicado (análise multivariada con tódalas variables sociais) | |
| | | 6% | |

Na parte inferior do cadro 3.2.1 figuran as porcentaxes correspondentes ás análises multivariadas. Estas son inferiores á suma das porcentaxes das análises univariadas, debido a que as distintas variables se superpoñen: se, por exemplo, quixesemos obter a porcentaxe explicada polos efectos conxuntos da lingua habitual (9.4% explicado) e a capacidade para fala-lo galego (8.1% explicado), non obteríamos un 17.5% (que correspondería á suma das varianzas explicadas por cada variable por separado), senón só un 11.3%. Isto é consecuencia da correlación entre ambos factores, que provoca o solapamento dos resultados correspondentes ós seus efectos sobre a variable actitudinal.

Despois de probar diversas combinacións, optamos por traballar coa formada pola lingua habitual, a competencia na escritura do galego e a idade, que dá conta do 20% da varianza. Se engadisemos novas variables ó modelo, o incremento na porcentaxe de varianza explicada sería irrelevante: necesitaríamos al menos seis variables para acadar unha mellora de só o 1%. Das tres variables seleccionadas, a que ten maior importancia é a lingua habitual, seguida da competencia na escritura e, finalmente, da idade.

Posto que as diferencias entre as medias das diversas categorías destas variables xa foron presentadas anteriormente, centrémonos agora nas interaccións entre elas. No gráfico 3.2.1, onde se recolle a interacción entre a lingua habitual e a idade (a de maior significatividade estatística), obsérvase como as liñas corres-

Gráfico 3.2.1. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a lingua habitual e a idade



pondentes ás catro categorías de lingua habitual son case paralelas; isto suxire que a interacción é mínima, ou mesmo inexistente. Trátase dunha interacción que obtén significatividade estatística debido a que, tal como dixemos ó principio, calquera efecto obtén resultados aparentemente importantes nunha mostra tan grande. Sendo algo máis detallistas, podemos observar que os dous grupos castelanfalantes habituais (monolingües e bilingües) se diferencian lixeiramente dos dous grupos galegofalantes habituais, posto que mentres a distancia entre as medias obtidas polos dous primeiros se incrementa lixeiramente consonte descendemos na escala de idade, nos galegofalantes tales diferencias mantéñense constantes. En realidade, o efecto da interacción débese a que os maiores de 65 anos que falan habitualmente máis castelán ca galego teñen puntuacións particularmente baixas. Non parece existir ningunha razón, nin teórica nin circunstancial, que explique tal interacción; en consecuencia, non sería sensato extraer conclusións a partir dela.

Gráfico 3.2.2. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a capacidade para escribi-lo galego e a lingua habitual





Gráfico 3.2.3. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a capacidade para escribi-lo galego e a idade



Menos importancia estatística teñen aínda as interaccións entre lingua habitual e competencia na escrita do galego, por unha banda, e entre esta última e a idade, pola outra. No primeiro caso (gráfico 3.2.2), temos variacións escasas de máis para facer inferencias. En cambio, no segundo caso (gráfico 3.2.3) cómpre falar dunha interacción de interese, en tres sentidos diferentes:

1º Os informantes que teñen entre 26 e 40 anos presentan a actitude máis favorable en tódolos niveis de competencia escrita, con medias que sistematicamente superan as dos menores de 26.

2º Os maiores de 65 anos non seguen a liña ascendente a través dos distintos graos de competencia, xa que no nivel máis alto ('moito') a media actitudinal é inferior á dos que se consideran bastante competentes.

3º Entre aqueles que non teñen ningunha capacidade para escribi-lo galego, os dous grupos de idade extremos coinciden en se-los que teñen as puntuacións máis baixas (practicamente idénticas).

En todo isto agroma unha casuística sumamente complexa, na que só podemos discernir un patrón de certa consistencia: cando se controla a competencia escrita, as medias máis favorables corresponden ós que teñen entre 26 e 40 anos, e non (segundo a tendencia xeral neste caso e ó longo de todo o volume) ós máis novos. Convén, polo tanto, examina-la interacción entre as tres variables, para ver se o efecto que estamos a comentar se dá en tódalas categorías de lingua habitual ou é específico dalgunha delas.

Nos gráficos 3.2.4 a 3.2.7 amosámo-lo cruzamento anterior para cada categoría de lingua habitual. Nos tres últimos vemos que se manteñen as pautas xerais, con algunhas excepcións sen suficiente entidade para contradicilas. En efecto, a actitude mellora consonte descendemos na escala de idade e, dentro de cada grupo de idade, a medida que se eleva a competencia na escritura. As excepcións aparecen nos grupos de 16 a 25 e de 26 a 40 anos, pero diso non debe concluírse que os segundos mostren unha actitude máis favorable, tal como suxería o cruzamento menos detallado que presentamos no gráfico 3.2.3. Pola súa banda, o gráfico 3.2.4 (monolingües habituais en castelán) non permite supoñer-la existencia dunha relación entre a idade

e a pericia na escritura que sexa relevante para a actitude xeral: a media de actitude descende, entre os maiores de 65 anos, no grupo de maior competencia; a mesma tendencia, aínda que non tan marcada, constátase para os informantes de 41 a 65 anos. A puntuación dos menores de 26 anos é case idéntica (e nalgúna ocasión lixeiramente inferior) á dos que teñen entre 26 e 40 anos; nos que declaran ter bastante competencia, os dous grupos de idade intermedios obteñen medias un pouco máis elevadas cós máis novos.

De todo o dito despréndese que, en liñas xerais, podemos defende-la consistencia do sinalado como tendencia xeral: a actitude mellora segundo descendemos na escala de idade e consonte se incrementa a destreza para a escritura do galego. O único matiz digno de ter en conta refírese ós monolingües castelanfalantes, que, de tódolos xeitos, non amosan pautas de doada interpretación.

Gráfico 3.2.4. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a idade e a capacidade para escribi-lo galego (nos monolingües habituais en castelán)




Gráfico 3.2.5. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a idade e a capacidade para escribi-lo galego (nos bilingües con predominio do castelán)




Gráfico 3.2.6. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a idade e a capacidade para escribi-lo galego (nos bilingües con predominio do galego)





Gráfico 3.2.7. Medias da Actitude lingüística xeral segundo a idade e a capacidade para escribi-lo galego (nos monolingües habituais en galego)



3.2.2.2. Actitude lingüística xeral por sectores

Na análise dos seis sectores seleccionados teremos en conta só as variables que resultaron máis rendibles ó analiza-lo conxunto de Galicia, é dicir: a idade, a lingua habitual e a autoestimación da competencia na escritura do galego. Sen embargo, se naquela análise non prestabamos atención á significatividade estatística das variables, neste caso terémola en conta debido ó tamaño mostral dos sectores, suficientemente reducido como para que resulte pertinente.

Como se pode ver no cadro 3.2.2, as medias da actitude nos seis sectores non presentan a penas diferencias entre elas; só Santiago ten unha media máis elevada cá dos outros sectores.

Cadro 3.2.2. Medias da Actitude lingüística xeral por sectores

| | |
|------------|------|
| A Coruña | 3.47 |
| Santiago | 3.79 |
| Pontevedra | 3.47 |
| Lugo-2 | 3.53 |
| Ourense-4 | 3.55 |
| Lugo-5 | 3.59 |

Nos cadros 3.2.3a a 3.2.3f presentámo-los datos correspondentes ás análises da varianza. Neles vemos que as porcentaxes de varianza explicada en cada un dos sectores seguen a ser bastante baixas, situándose entre o 27.3% de Santiago e o 15.2% de Lugo-5. Os efectos conxuntos da lingua habitual e da competencia na escritura son estatisticamente significativos en tódolos sectores. A idade non acada significatividade unicamente en Ourense-4, aínda que é o factor menos relevante en tódolos casos. O efecto máis importante corresponde á lingua habitual, agás en Lugo-2, onde a competencia na escritura resulta lixeiramente máis significativa.

Cadro 3.2.3a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 162.021 | 9 | 18.002 | 38.510 | .000 |
| Lingua habitual | 101.883 | 3 | 33.961 | 72.648 | .000 |
| Dominio da escritura | 24.654 | 3 | 8.218 | 17.579 | .000 |
| Idade | 7.932 | 3 | 2.644 | 5.656 | .001 |
| Interaccións dobres | 10.947 | 27 | .405 | .867 | .661 |
| Idade x Dominio da escritura | 7.921 | 9 | .880 | 1.883 | .051 |
| Lingua habitual x Idade | 2.290 | 9 | .254 | .544 | .843 |
| Lingua habitual x Dominio da escritura | 2.850 | 9 | .317 | .677 | .730 |
| Interaccións triples | 7.436 | 23 | .323 | .692 | .858 |
| Lingua habitual x Idade x Dominio da escritura | 7.436 | 23 | .323 | .692 | .858 |
| Explicado | 180.404 | 59 | 3.058 | 6.541 | .000 |
| Residual | 512.346 | 1096 | .467 | | |
| Total | 692.750 | 1155 | .600 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 23.4% | | |

Cadro 3.2.3b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 168.220 | 9 | 18.691 | 47.445 | .000 |
| Lingua habitual | 107.324 | 3 | 35.775 | 90.810 | .000 |
| Dominio da escritura | 21.306 | 3 | 7.102 | 18.027 | .000 |
| Idade | 19.707 | 3 | 6.569 | 16.674 | .000 |
| Interaccións dobres | 19.605 | 27 | .726 | 1.843 | .006 |
| Lingua habitual x Idade | 10.982 | 9 | 1.220 | 3.097 | .001 |
| Idade x Dominio da escritura | 6.374 | 9 | .708 | 1.798 | .065 |
| Lingua habitual x Dominio da escritura | 3.293 | 9 | .366 | .929 | .499 |
| Interaccións triples | 13.209 | 21 | .629 | 1.597 | .043 |
| Lingua habitual x Idade x Dominio da escritura | 13.209 | 21 | .629 | 1.597 | .043 |
| Explicado | 201.034 | 57 | 3.527 | 8.953 | .000 |
| Residual | 414.439 | 1052 | .394 | | |
| Total | 615.474 | 1109 | .555 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 27,3% | | |

Cadro 3.2.3c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 129.765 | 9 | 14.418 | 27.600 | .000 |
| Lingua habitual | 78.547 | 3 | 26.182 | 50.119 | .000 |
| Dominio da escritura | 28.666 | 3 | 9.555 | 18.291 | .000 |
| Idade | 17.453 | 3 | 5.818 | 11.136 | .000 |
| Interaccións dobres | 12.047 | 27 | .446 | .854 | .681 |
| Lingua habitual x Idade | 5.294 | 9 | .588 | 1.126 | .341 |
| Lingua habitual x Dominio da escritura | 2.566 | 9 | .285 | .546 | .841 |
| Idade x Dominio da escritura | 2.527 | 9 | .281 | .537 | .848 |
| Interaccións triples | 9.845 | 24 | .410 | .785 | .759 |
| Lingua habitual x Idade x Dominio da escritura | 9.845 | 24 | .410 | .785 | .759 |
| Explicado | 151.657 | 60 | 2.528 | 4.838 | .000 |
| Residual | 556.367 | 1065 | .522 | | |
| Total | 708.024 | 1125 | .629 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 18,3% | | |

Cadro 3.2.3d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 88.084 | 9 | 9.787 | 35.355 | .000 |
| Dominio da escritura | 30.936 | 3 | 10.312 | 37.251 | .000 |
| Lingua habitual | 29.822 | 3 | 9.941 | 35.909 | .000 |
| Idade | 5.825 | 3 | 1.942 | 7.015 | .000 |
| Interaccións dobres | 6.970 | 27 | .258 | .932 | .565 |
| Lingua habitual x Dominio escritura | 3.733 | 9 | .415 | 1.498 | .144 |
| Idade x Dominio da escritura | 1.591 | 9 | .177 | .638 | .765 |
| Lingua habitual x Idade | 1.351 | 9 | .150 | .542 | .844 |
| Interaccións triples | 9.919 | 18 | .551 | 1.991 | .008 |
| Lingua habitual x Idade x Dominio da escritura | 9.919 | 18 | .551 | 1.991 | .008 |
| Explicado | 104.973 | 54 | 1.944 | 7.022 | .000 |
| Residual | 274.883 | 993 | .277 | | |
| Total | 379.856 | 1047 | .363 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 23,2% | | |

Cadro 3.2.3e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 98.617 | 9 | 10.957 | 31.877 | .000 |
| Lingua habitual | 61.418 | 3 | 20.473 | 59.559 | .000 |
| Dominio da escritura | 21.885 | 3 | 7.295 | 21.222 | .000 |
| Idade | 1.191 | 3 | .397 | 1.155 | .326 |
| Explicado | 98.617 | 9 | 10.957 | 31.877 | .000 |
| Residual | 307.646 | 895 | .344 | | |
| Total | 406.263 | 904 | .449 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 24,3% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións, debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.2.3f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)


| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 109.854 | 9 | 12.206 | 34.791 | .000 |
| Lingua habitual | 53.180 | 3 | 17.727 | 50.526 | .000 |
| Dominio da escritura | 23.009 | 3 | 7.670 | 21.860 | .000 |
| Idade | 20.136 | 3 | 6.712 | 19.131 | .000 |
| Interaccións dobres | 10.685 | 27 | .396 | 1.128 | .296 |
| Lingua habitual x Idade | 4.362 | 9 | .485 | 1.381 | .191 |
| Idade x Dominio da escritura | 3.988 | 9 | .443 | 1.263 | .252 |
| Lingua habitual x Dominio da escritura | 3.637 | 9 | .404 | 1.152 | .322 |
| Interaccións triples | 12.207 | 21 | .581 | 1.657 | .031 |
| Lingua habitual x Idade x Dominio da escritura | 12.207 | 21 | .581 | 1.657 | .031 |
| Explicado | 132.746 | 57 | 2.329 | 6.638 | .000 |
| Residual | 589.415 | 1680 | .351 | | |
| Total | 722.161 | 1737 | .416 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 15.2% | | |

A manifestación concreta dos efectos correspondentes á lingua habitual e á competencia na escritura seguen as pautas xerais xa sinaladas no conxunto de Galicia (véxanse as táboas 3.2.2.1 a 3.2.2.6): a actitude mellora na medida en que os entrevistados falan máis galego e declaran ter un mellor nivel de competencia na escritura. En canto á idade, hai unha clara tendencia ó ascenso da media actitudinal segundo descendemos na escala de idade, coas excepcións de Santiago e Lugo-2, nos que a puntuación máis favorable se atopa no grupo de 26 a 40 anos; en Lugo 2, ademais, o grupo dos máis vellos ten unha actitude máis favorable có de entre 41 e 65 anos. As medias máis elevadas de todos estes cruzamentos aparecen en Santiago e en Lugo-2, onde os que declaran ter moita competencia na escritura superan os 4 puntos. As inferiores corresponden ós castelanfalantes monolingües de Lugo-2 e Ourense-4; mais téñase en conta que estes son moi poucos.

En canto ás interaccións de dúas variables, deixando á parte Ourense-4 (no que non se poden calcular debido á existencia de celas baleiras), só resulta significativa a da lingua habitual e a idade

en Santiago. Como se mostra no gráfico 3.2.8, o efecto da interacción débese fundamentalmente ós monolingües habituais en castelán. Nestes non se aprecia, de novo, unha tendencia uniforme á mellora da actitude consonte pasamos dos máis vellos ós máis novos.

Gráfico 3.2.8. Medias da Actitude lingüística xeral en Santiago segundo a lingua habitual e a idade



Son tamén significativas as interaccións entre as tres variables en Santiago, Lugo-2 e Lugo-5, pero resultan practicamente ininterpretables debido ó elevado número de celas con menos de cinco casos.

Táboa 3.2.1.0. Actitude lingüística xeral. Galicia*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL GALICIA | 3.60 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.75 |
| 26 a 40 anos | 3.70 |
| 41 a 65 anos | 3.53 |
| máis de 65 anos | 3.44 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.61 |
| primarios incompletos | 3.56 |
| primarios completos | 3.60 |
| FP | 3.72 |
| BUP | 3.62 |
| carreira grao medio | 3.60 |
| carreira grao superior | 3.65 |
| outros estudos | 3.54 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.60 |
| media-baixa | 3.62 |
| media | 3.59 |
| media-alta | 3.52 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.50 |
| titul. superior/media | 3.56 |
| profesionais liberais | 3.39 |
| docentes | 3.70 |
| forzas armadas | 3.32 |
| pers. admin. subalterno | 3.58 |
| pers. servicos | 3.59 |
| autónomos | 3.59 |
| labregos | 3.63 |
| maríneiros | 3.79 |
| obreiros | 3.69 |
| estudiantes | 3.72 |
| amas de casa | 3.47 |
| pers. econom. inactivo | 3.72 |
| SEXO | |
| home | 3.68 |
| muller | 3.53 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| urbano | 3.49 |
| periurbano | 3.67 |
| vilas | 3.59 |
| rural-1 | 3.58 |
| rural-2 | 3.68 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.1. Actitude lingüística xeral. A Coruña*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.47 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.57 |
| 26 a 40 anos | 3.53 |
| 41 a 65 anos | 3.40 |
| máis de 65 anos | 3.40 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.69 |
| primarios incompletos | 3.54 |
| primarios completos | 3.42 |
| FP | 3.60 |
| BUP | 3.40 |
| carreira grao medio | 3.39 |
| carreira grao superior | 3.47 |
| outros estudos | 3.36 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.38 |
| media-baixa | 3.48 |
| media | 3.51 |
| media-alta | 3.31 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.47 |
| titul. superior/media | 3.35 |
| profesionais liberais | 3.15 |
| docentes | 3.34 |
| forzas armadas | 3.43 |
| pers. admin. subalterno | 3.49 |
| pers. servicos | 3.37 |
| autónomos | 3.43 |
| labregos | 3.87 |
| maríneiros | 3.88 |
| obreiros | 3.58 |
| estudiantes | 3.61 |
| amas de casa | 3.36 |
| pers. econom. inactivo | 3.27 |
| SEXO | |
| home | 3.56 |
| muller | 3.40 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| urbano | 3.46 |
| periurbano | 4.26 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.2. Actitude lingüística xeral. Santiago*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.79 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.88 |
| 26 a 40 anos | 3.90 |
| 41 a 65 anos | 3.70 |
| máis de 65 anos | 3.60 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.81 |
| primarios incompletos | 3.82 |
| primarios completos | 3.74 |
| FP | 3.86 |
| BUP | 3.81 |
| carreira grao medio | 3.61 |
| carreira grao superior | 3.87 |
| outros estudos | 3.47 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.96 |
| media-baixa | 3.75 |
| media | 3.78 |
| media-alta | 3.83 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.78 |
| titul. superior/media | 3.73 |
| profesionais liberais | 3.86 |
| docentes | 3.85 |
| forzas armadas | 3.70 |
| pers. admin. subalterno | 3.69 |
| pers. servicos | 3.83 |
| autónomos | 3.78 |
| labregos | 3.77 |
| maríneiros | 4.02 |
| obreiros | 3.93 |
| estudiantes | 3.86 |
| amas de casa | 3.67 |
| pers. econom. inactivo | 3.95 |
| SEXO | |
| home | 3.86 |
| muller | 3.73 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| urbano | 3.75 |
| periurbano | 3.87 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.3. Actitude lingüística xeral. Lugo-2*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.53 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.60 |
| 26 a 40 anos | 3.62 |
| 41 a 65 anos | 3.46 |
| máis de 65 anos | 3.50 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.47 |
| primarios incompletos | 3.48 |
| primarios completos | 3.56 |
| FP | 3.53 |
| BUP | 3.55 |
| carreira grao medio | 3.61 |
| carreira grao superior | 3.66 |
| outros estudos | 3.36 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.56 |
| media-baixa | 3.51 |
| media | 3.60 |
| media-alta | 3.39 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.39 |
| titul. superior/media | 3.74 |
| profesionais liberais | 3.35 |
| docentes | 3.73 |
| forzas armadas | 3.61 |
| pers. admin. subalterno | 3.58 |
| pers. servicos | 3.55 |
| autónomos | 3.45 |
| labregos | 3.53 |
| maríneiros | 3.99 |
| obreiros | 3.62 |
| estudiantes | 3.59 |
| amas de casa | 3.46 |
| pers. econom. inactivo | 3.37 |
| SEXO | |
| home | 3.62 |
| muller | 3.45 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| vilas | 3.51 |
| rural-2 | 3.58 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.4. Actitude lingüística xeral. Lugo-5*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.59 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.77 |
| 26 a 40 anos | 3.75 |
| 41 a 65 anos | 3.57 |
| máis de 65 anos | 3.39 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.47 |
| primarios incompletos | 3.51 |
| primarios completos | 3.67 |
| FP | 3.73 |
| BUP | 3.70 |
| carreira grao medio | 3.68 |
| carreira grao superior | 3.71 |
| outros estudos | 3.30 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.57 |
| media-baixa | 3.59 |
| media | 3.57 |
| media-alta | 3.67 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.56 |
| titul. superior/media | 3.01 |
| profesionais liberais | 3.72 |
| docentes | 3.87 |
| forzas armadas | 3.29 |
| pers. admin. subalterno | 3.60 |
| pers. servicios | 3.79 |
| autónomos | 3.56 |
| labregos | 3.55 |
| mariñeiros | 3.83 |
| obreiros | 3.67 |
| estudiantes | 3.77 |
| amas de casa | 3.52 |
| pers. econom. inactivo | 3.91 |
| SEXO | |
| home | 3.64 |
| muller | 3.54 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| rural-1 | 3.59 |
| rural-2 | 3.59 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.5. Actitude lingüística xeral. Ourense-4*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.55 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.64 |
| 26 a 40 anos | 3.50 |
| 41 a 65 anos | 3.52 |
| máis de 65 anos | 3.59 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.49 |
| primarios incompletos | 3.62 |
| primarios completos | 3.47 |
| FP | 3.60 |
| BUP | 3.46 |
| carreira grao medio | 3.77 |
| carreira grao superior | 3.81 |
| outros estudos | 3.20 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.64 |
| media-baixa | 3.58 |
| media | 3.51 |
| media-alta | 3.55 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.54 |
| titul. superior/media | 3.66 |
| profesionais liberais | 3.91 |
| docentes | 3.87 |
| forzas armadas | 3.81 |
| pers. admin. subalterno | 3.54 |
| pers. servicios | 3.55 |
| autónomos | 3.50 |
| labregos | 3.71 |
| obreiros | 3.58 |
| estudiantes | 3.65 |
| amas de casa | 3.40 |
| pers. econom. inactivo | 3.73 |
| SEXO | |
| home | 3.62 |
| muller | 3.49 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| vilas | 3.42 |
| rural-1 | 3.57 |
| rural-2 | 3.63 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.1.6. Actitude lingüística xeral. Pontevedra*

| | ACTITUDE XERAL |
|-------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.47 |
| IDADE | |
| 16 a 25 anos | 3.64 |
| 26 a 40 anos | 3.53 |
| 41 a 65 anos | 3.38 |
| máis de 65 anos | 3.27 |
| ESTUDIOS | |
| ningún | 3.58 |
| primarios incompletos | 3.44 |
| primarios completos | 3.50 |
| FP | 3.44 |
| BUP | 3.42 |
| carreira grao medio | 3.39 |
| carreira grao superior | 3.54 |
| outros estudos | 3.89 |
| CLASE SOCIAL | |
| baixa | 3.40 |
| media-baixa | 3.55 |
| media | 3.39 |
| media-alta | 3.25 |
| PROFESIÓN | |
| empresarios | 3.25 |
| titul. superior/media | 3.30 |
| profesionais liberais | 3.52 |
| docentes | 3.55 |
| forzas armadas | 2.97 |
| pers. admin. subalterno | 3.43 |
| pers. servios | 3.42 |
| autónomos | 3.49 |
| labregos | 3.47 |
| mariñeiros | 3.39 |
| obreiros | 3.66 |
| estudiantes | 3.57 |
| amas de casa | 3.31 |
| pers. econom. inactivo | 3.80 |
| SEXO | |
| home | 3.52 |
| muller | 3.43 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | |
| urbano | 3.39 |
| periurbano | 3.54 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.2.0. Actitude lingüística xeral. Galicia*

| | ACTITUDE XERAL |
|------------------------|-------------------|
| TOTAL GALICIA | 3.60 |
| LINGUA INICIAL | |
| galego | 3.69 |
| castelán | 3.40 |
| as dúas | 3.57 |
| outras | 3.66 |
| LINGUA HABITUAL | |
| só castelán | 3.06 |
| máis castelán | 3.47 |
| máis galego | 3.64 |
| só galego | 3.79 |
| ENTENDE O GALEGO | |
| nada | 2.51 |
| pouco | 2.92 |
| bastante | 3.53 |
| moito | 3.71 |
| FALA O GALEGO | |
| nada | 2.72 |
| pouco | 3.26 |
| bastante | 3.59 |
| moito | 3.76 |
| LE O GALEGO | |
| nada | 3.24 |
| pouco | 3.51 |
| bastante | 3.70 |
| moito | 3.87 |
| ESCRIBE O GALEGO | |
| nada | 3.34 |
| pouco | 3.63 |
| bastante | 3.79 |
| moito | 3.99 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | |
| familia | 3.66 |
| escola | 3.52 |
| amigos | 3.53 |
| veciños | 3.22 |
| traballo | 3.49 |
| outros | 3.36 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.2.1. Actitude lingüística xeral. A Coruña*

| | ACTITUDE XERAL |
|------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.47 |
| LINGUA INICIAL | |
| galego | 3.67 |
| castelán | 3.32 |
| as dúas | 3.59 |
| outras | 3.37 |
| LINGUA HABITUAL | |
| só castelán | 3.05 |
| máis castelán | 3.51 |
| máis galego | 3.71 |
| só galego | 3.95 |
| ENTENDE O GALEGO | |
| nada | 2.44 |
| pouco | 2.76 |
| bastante | 3.31 |
| moito | 3.60 |
| FALA O GALEGO | |
| nada | 2.61 |
| pouco | 3.06 |
| bastante | 3.50 |
| moito | 3.71 |
| LE O GALEGO | |
| nada | 2.82 |
| pouco | 3.27 |
| bastante | 3.52 |
| moito | 3.69 |
| ESCRIBE O GALEGO | |
| nada | 3.16 |
| pouco | 3.48 |
| bastante | 3.56 |
| moito | 3.84 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | |
| familia | 3.58 |
| escola | 3.50 |
| amigos | 3.48 |
| veciños | 3.20 |
| traballo | 3.49 |
| outros | 3.19 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.2.2. Actitude lingüística xeral. Santiago*

| | ACTITUDE XERAL |
|------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.79 |
| LINGUA INICIAL | |
| galego | 3.92 |
| castelán | 3.63 |
| as dúas | 3.71 |
| outras | 3.34 |
| LINGUA HABITUAL | |
| só castelán | 3.15 |
| máis castelán | 3.66 |
| máis galego | 3.80 |
| só galego | 4.15 |
| ENTENDE O GALEGO | |
| nada | 1.81 |
| pouco | 3.07 |
| bastante | 3.59 |
| moito | 3.89 |
| FALA O GALEGO | |
| nada | 2.92 |
| pouco | 3.37 |
| bastante | 3.65 |
| moito | 4.00 |
| LE O GALEGO | |
| nada | 3.50 |
| pouco | 3.60 |
| bastante | 3.75 |
| moito | 4.07 |
| ESCRIBE O GALEGO | |
| nada | 3.51 |
| pouco | 3.73 |
| bastante | 3.89 |
| moito | 4.19 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | |
| familia | 3.86 |
| escola | 3.75 |
| amigos | 3.85 |
| veciños | 2.98 |
| traballo | 3.63 |
| outros | 3.31 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.2.3. Actitude lingüística xeral. Lugo-2*

| | ACTITUDE XERAL |
|------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.53 |
| LINGUA INICIAL | |
| galego | 3.58 |
| castelán | 3.36 |
| as dúas | 3.52 |
| outras | 3.60 |
| LINGUA HABITUAL | |
| só castelán | 3.00 |
| máis castelán | 3.40 |
| máis galego | 3.54 |
| só galego | 3.68 |
| ENTENDE O GALEGO | |
| nada | 3.33 |
| pouco | 2.74 |
| bastante | 3.50 |
| moito | 3.60 |
| FALA O GALEGO | |
| nada | 2.64 |
| pouco | 3.29 |
| bastante | 3.54 |
| moito | 3.66 |
| LE O GALEGO | |
| nada | 3.14 |
| pouco | 3.47 |
| bastante | 3.70 |
| moito | 3.96 |
| ESCRIBE O GALEGO | |
| nada | 3.25 |
| pouco | 3.56 |
| bastante | 3.73 |
| moito | 4.17 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | |
| familia | 3.56 |
| escola | 3.51 |
| amigos | 3.81 |
| veciños | 3.09 |
| traballo | 3.31 |
| outros | 3.54 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

Táboa 3.2.2.4. Actitude lingüística xeral. Lugo-5*

| | ACTITUDE XERAL |
|------------------------|-------------------|
| TOTAL SECTOR | 3.59 |
| LINGUA INICIAL | |
| galego | 3.61 |
| castelán | 3.44 |
| as dúas | 3.42 |
| outras | 3.96 |
| LINGUA HABITUAL | |
| só castelán | 3.03 |
| máis castelán | 3.31 |
| máis galego | 3.46 |
| só galego | 3.69 |
| ENTENDE O GALEGO | |
| pouco | 3.31 |
| bastante | 3.48 |
| moito | 3.66 |
| FALA O GALEGO | |
| nada | 2.66 |
| pouco | 3.50 |
| bastante | 3.48 |
| moito | 3.66 |
| LE O GALEGO | |
| nada | 3.27 |
| pouco | 3.47 |
| bastante | 3.70 |
| moito | 3.85 |
| ESCRIBE O GALEGO | |
| nada | 3.37 |
| pouco | 3.60 |
| bastante | 3.75 |
| moito | 3.87 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | |
| familia | 3.60 |
| escola | 3.36 |
| amigos | 3.77 |
| veciños | 3.33 |
| traballo | 3.60 |
| outros | 3.49 |

* As medias van de 1 a 5: canto máis alta é a media, máis favorable é a actitude xeral para o galego. As etiquetas das escalas das variables agrupadas nesta actitude xeral (de nada a moi axeitado, de totalmente en desacordo a totalmente de acordo, etc.) non son sempre as mesmas, nin a mesma etiqueta ten sempre o mesmo valor numérico.

3.3. Actitudes cara ó uso do galego no ámbito escolar

No apartado 3.2.2 describímo-la actitude que, desde unha perspectiva xeral, amosa a poboación galega ante a lingua do noso país. Pero ademais cómpre saber qué posturas existen ante o seu uso en diversos ámbitos, algúns deles especialmente significativos polas implicacións sociais que se derivan dos mesmos, á parte de seren moi habituais en estudos macrosociolingüísticos coma este. Un deses ámbitos é o medio escolar, ó que acostuman estar asociados, entre outros, aspectos como as perspectivas de conseguir unha formación cultural que contribúa ou permita acceder ó mercado laboral e, por tanto, poder conseguilo benestar económico na idade adulta. Como consecuencia desta asociación, os pais adoitan concibi-la escola como asociada ó futuro dos seus fillos e ó que, desde a súa experiencia, consideran máis apropiado para eles. Por iso este medio é obxecto de expectativas múltiples e, nalgúns casos, de signo diverxente, que tamén afectan ás opinións sobre a lingua.

A nosa investigación sobre actitudes atendeu, no que se refire ó medio escolar, fundamentalmente dous tipos de cuestións. Por unha banda, quixemos saber se para os cidadáns do noso país o galego é unha lingua axeitada para a docencia; é dicir, se consideran o seu uso máis, menos ou igual de axeitado có do castelán —lingua ata agora dominante e de longa implantación no ensino— para impartir disciplinas pertencentes tanto ás ciencias humanas (historia) coma ás formais (matemáticas). Hai que ter en conta que estas disciplinas son obxecto dun diferente tratamento na planificación educativa da Administración Autonómica, xa que para as primeiras se recolle a obrigatoriedade de impartila docencia en galego, mentres para as últimas non se prevé esta prescrición.

Por outra banda, pretendemos coñecer-la actitude ante o uso do galego como lingua habitual da escola, tanto concibida esta como comunidade na que se pode escoller unha determinada lingua para desempeña-la maior parte das funcións comunicativas (o que poderíamos considerar un posicionamento global) como para a docencia. Neste último caso, preténdese coñecer-la opinión sobre o uso do galego para impartilas materias diferentes da lingua e literatura españolas.

Cadro 3.3.1. Lingua máis axeitada para as clases

| ¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar matemáticas... +/-/= de axeitado? | | ¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar historia... +/-/= de axeitado? | |
|---|-------|--|-------|
| moito máis | 14.5% | moito máis | 13.3% |
| bastante máis | 19.2% | bastante máis | 17.6% |
| igual | 52.1% | igual | 53.0% |
| bastante menos | 8.6% | bastante menos | 10.0% |
| moito menos | 5.5% | moito menos | 6.1% |

Da análise das respostas obtidas no primeiro dos casos dérivase que non se perciben diferencias importantes entre a adecuación do galego para explicar materias de carácter humanístico e formal, segundo se aprecia no cadro 3.3.1, e como se observa tamén na correlación (.87) entre estas dúas variables. De aí que decidisemos agrupa-las dúas para facilita-la súa descrición e presenta-los resultados dun xeito máis simplificado, creando unha variable común para tal efecto, e cos mesmos procedementos ca nas demais agrupacións deste volume, que recollese o grao de adecuación da lingua galega para a docencia³⁰. A variable resultante, *Lingua máis axeitada para as clases*, será a primeira que describiremos.

Cadro 3.3.2. Preferencia polo galego para a escola

| As asignaturas diferentes de lingua e literatura españolas deben explicarse en galego | | O galego debe se-la lingua habitual da escola | |
|---|-------|---|-------|
| Totalmente en desacordo | 13.3% | Totalmente en desacordo | 11.0% |
| Bastante en desacordo | 19.4% | Bastante en desacordo | 18.7% |
| Indiferente | 20.4% | Indiferente | 17.2% |
| Bastante de acordo | 25.5% | Bastante de acordo | 29.9% |
| Totalmente de acordo | 21.4% | Totalmente de acordo | 26.1% |

Por outra banda, a elección do galego como lingua do ámbito escolar, ademais de ser maioritaria, non varía significativamente de considerar só a dimensión docente a ter en conta tódolos aspectos que forman a institución 'escola', segundo se aprecia no cadro 3.3.2 e ratifica a análise de correlacións entre as dúas variables (.78). Por iso

³⁰ Véxase o capítulo 2, no que se describen estas agrupacións dun xeito máis pormenorizado.

decidimos proceder do mesmo xeito ca no caso anterior e crear unha variable común que recollese a actitude ante o uso do galego no medio escolar, que ocupará a segunda parte desta sección.

3.3.1. *Lingua máis axeitada para as clases*

3.3.1.1. *Lingua máis axeitada para as clases (en Galicia)*

Como se pode desprender do dito anteriormente, o obxectivo da agrupación de *¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar matemáticas...?* e *¿Cre que o castelán é, en relación co galego, para explicar historia...?* en *Lingua máis axeitada para as clases* é coñecer as opinións dos entrevistados acerca da aptitude do galego, en relación co castelán, para a docencia. Dunha primeira análise das medias parece deducirse que a opinión é lixeiramente desfavorable para o galego, cunha puntuación xeral para o conxunto da poboación de 2.75. Como se observa no cadro 3.3.1., arredor dun 30% da poboación considera que o castelán é máis apto para dispensar as clases, mentres aproximadamente un 15% se inclina pola superior adecuación do galego. A desfavorabilidade da media ten que ver con esta porcentaxe de entrevistados que prefiren o castelán; sen embargo, cómpre ter en conta que máis do 50% das respostas se achan na opción 'igual de axeitado'. Esta opción pode remitir tanto a persoas propiamente indiferentes coma a outras que, independentemente da súa actitude ante o uso do galego neste ámbito, consideran que ambas linguas son igualmente adecuadas, ou ben que non existen linguas máis apropiadas ca outras para cumprir diversas funcións comunicativas. Ademais, cando alguén declara que o castelán é máis axeitado pode estar realizando máis unha constatación da realidade tal como lle foi transmitida ca unha elección persoal, de maneira que non necesariamente tódalas respostas desfavorables reflicten un prexuízo cara ó galego.

Se nos detemos nos sectores, observamos que tan só Pontevedra-10 e Ourense-5 teñen puntuacións superiores a 3. Así mesmo, as únicas cidades que superan a media de Galicia son Santiago e Lugo. Como se pode ver tamén no mapa 2, hai puntuacións por baixo da media de Galicia tamén en sectores formados por vilas ou naqueles tipicamente rurais, sobre todo na provincia da Coruña, onde agás Coruña-5, Coruña-8 e a devandita cidade de Santiago, o resto dos sectores teñen unha media inferior á de Galicia.

As táboas relativas á distribución desta actitude segundo variables sociais e lingüísticas para o conxunto de Galicia (véxanse as táboas 3.3.1 & 2.2.0) poñen de manifesto que en ningún dos cruzamentos hai medias superiores a 3. Só ó facermos estudos moi minuciosos, considerando, por exemplo, os monolingües en galego menores de 26 anos, atopamos medias que superan esta puntuación.

As diferencias intergrupais son superiores cando analizámo-los cruzamentos por variables lingüísticas, arredor ou mesmo por riba dos 0.5 puntos, fronte ás sociais, que nunca superan os 0.15 puntos.

Como apreciamos na análise doutras actitudes, a media é máis elevada conforme a idade é menor. A pesar da homoxeneidade existente, as puntuacións evolúen de 2.66 nos maiores de 65 anos ata 2.81 nos individuos de 16 a 25 anos. As puntuacións tamén aumentan a medida que a clase social é menor, aínda que na baixa e na media-baixa coinciden. Non se atopou un patrón homoxéneo que dese conta das diferencias por nivel de estudos e profesión, mentres que en canto ó hábitat as puntuacións son máis altas a medida que é máis rural. A aparente ruptura desta tendencia no periurbano (ó acadar unha puntuación de 2.79 puntos, por riba mesmo do rural-1) ten que ver co carácter eminentemente rural dalgúns dos asentamentos que rodean as cidades e que conforman este tipo de hábitat. As medias dos homes son, como se observa nas demais cuestións actitudinais, lixeiramente superiores ás das mulleres.

Como acabamos de dicir, as diferencias en función de variables lingüísticas son maiores. As máis importantes danse na capacidade para comprender e fala-lo galego. Así, o reducido grupo de persoas que afirman non entender ou entender pouco esta lingua presentan os comportamentos máis disconformes coa idoneidade do galego para a docencia (0.94 e 0.59 puntos respecto á puntuación máis alta), mentres os que non posúen ou teñen pouco dominio escrito desta lingua, aínda tendo opinións menos favorables, non se desvían tanto dos que dominan a lectoescritura en galego (por baixo de 0.4 puntos).

No que atinxe á lingua inicial, as actitudes son tamén mellores nas persoas que aprenderon a falar en galego respecto ós

bilingües e, sobre todo, ós castelanfalantes iniciais. A variación na lingua habitual presenta unha tendencia semellante. Os monolingües en castelán presentan a puntuación máis baixa (2.3). A diferenza entre estes e os bilingües que usan máis o galego (2.61) por unha banda e, por outra, estes últimos e os monolingües en galego (2.96) é practicamente a mesma. Por ámbitos de adquisición, as puntuacións máis elevadas aparecen nos que aprenderon o galego na familia (2.8), seguidos dos que o adquiriron cos amigos, no traballo, na escola e cos veciños, por esta orde.

En conxunto, podemos dicir que nesta variable, igual ca na Actitude lingüística xeral, as diferencias entre as categorías de cada un dos cruzamentos non son moi importantes. É dicir, que a heteroxeneidade que introducen as variables é bastante reducida, polo que loxicamente a varianza explicada por cada unha independentemente das outras terá que ser moi baixa, tal como se confirma no cadro 3.3.3. Este reflicte a varianza explicada, como se fai ó longo do presente volume, tendo en conta por unha banda tódalas variables lingüísticas e, por outra, tódalas sociais.

Cadro 3.3.3. Porcentaxe de varianza da Lingua máis axeitada para as clases explicada polas diferentes variables de control

| Variables lingüísticas | | Variables sociais | |
|---|------|--|------|
| Lingua inicial | 1.9% | Idade | 0.3% |
| Lingua habitual | 4.5% | Estudios | 0.2% |
| Capacidade para entende-lo galego | 1.3% | Clase social | 0.1% |
| Capacidade para fala-lo galego | 3.0% | Profesión | 0.8% |
| Capacidade para le-lo galego | 1.0% | Sexo | 0.5% |
| Capacidade para escribi-lo galego | 1.7% | Hábitat de residencia | 0.9% |
| Ámbitos de adquisición | 0.8% | | |
| TOTAL explicado (análise multivariada con tódalas variables lingüísticas) | 5.8% | TOTAL explicado (análise multivariada con tódalas variables sociais) | 2.5% |

Como observamos no cadro 3.3.3, a varianza explicada polas variables sociais é moi reducida. Ningunha delas por separado chega ó 1%, e todas conxuntamente dan conta do 2.5%. Pola súa banda, as lingüísticas teñen unha capacidade explicativa algo maior, destacando sobre todo a lingua habitual (4.5%). A reducida porcenta-

xe de varianza explicada pon de manifesto, unha vez máis, a importante homoxeneidade existente nas actitudes da poboación galega, que se fai aínda máis intensa neste caso concreto.


Como vemos, a varianza da que podemos dar conta coas variables controladas é certamente pequena, mesmo en comparanza con outras cuestións actitudinais estudadas neste volume. As fortes asociacións existentes entre as variables fan que o total explicado polo conxunto das mesmas non coincida cos totais correspondentes a cada unha por separado, ó superpoñérense ou correlacionaren entre si. Así, por exemplo, se a lingua inicial dá conta do 1.9% da varianza e a lingua habitual do 4.5%, a combinación de ámbalas dúas só explica o 4.6%, é dicir, un 0.1% máis cá segunda delas. Un solapamento parecido existe entre a capacidade para fala-lo galego (3% da varianza) e para entendelo (1.3%), ó explica-la combinación das dúas un 3.1%. Nas competencias escritas, pola súa banda, a capacidade para escribilo (1.7%) superponse completamente á capacidade para lelo (1%), explicando o conxunto das dúas a mesma porcentaxe cá primeira por separado. Das variables sociais só a idade mantén certo poder explicativo combinada con variables lingüísticas.

Tras probar diferentes combinacións de variables, atopamos que a que dá conta dunha maior porcentaxe de varianza cun menor número de variables é a consideración conxunta da lingua habitual, a capacidade para escribi-lo galego e a idade. Con estas tres variables tomadas por xunto obtemos un nivel de explicación do 6.7%. Será este o modelo empregado como referencia para as nosas explicacións, dado que a inclusión no mesmo doutras variables non redun-da nunha mellora importante do total de varianza explicado. A variable con maior importancia estatística é a lingua habitual, seguida da capacidade para escribi-lo galego e, finalmente, a idade.

A análise da interacción de cada unha destas variables coa actitude sobre a lingua máis axeitada para a docencia indica que ningunha delas é importante. Como se observa no gráfico 3.3.1, referente á asociación da lingua habitual e a idade con esta cuestión, as liñas discorren case paralelas. Os fenómenos que poderíamos salientar aparecen nos maiores de 65 anos, onde atopamos unha importante diferenza entre os que falan só ou preferentemente castelán por unha

banda, e só ou preferentemente galego por outra. Tamén destacan os menores de 25 anos que falan só ou preferentemente castelán, ó teren unhas puntuacións moi semellantes ás das persoas de 26 a 40 anos (diferencias de arredor de 0.05), mentres nos que falan máis ou só galego a distancia é maior (máis de 0.1). Sen embargo, non parece existir ningunha explicación medible coas variables que nós manexamos que poida dar conta de tal diverxencia. O feito de que o total explicado permaneza inalterado ó elimina-las interaccións dobres da análise da varianza avala a hipótese da súa intranscendencia.

Gráfico 3.3.1. Lingua máis axeitada para as clases segundo a idade e a lingua habitual



3.3.1.2. Lingua máis axeitada para as clases por sectores

Das variables que presentaban interese no conxunto de Galicia a de maior rendibilidade nos sectores é a lingua habitual, como se pode observar nos cadros estatísticos que seguen ($P=.000$). En Lugo-2 e Ourense-4 é a única variable significativa, e na Coruña e en Lugo-5 tamén mantén este carácter a competencia escrita. En Santiago e en Pontevedra son significativas as tres variables. As interaccións de dúas variables non presentan significatividade en ningún dos sectores.

Na Coruña as variables significativas son a lingua habitual ($P=.000$) e maila capacidade para escribi-lo galego ($P=.006$). A idade non ten significación estatística neste sector ($P=.689$). A varianza explicada é o 8.3%, superior en case dous puntos á do conxunto de Galicia. En Santiago, as tres variables resultan significativas na análise da varianza, aínda que en distinta medida. A que máis é a lingua habitual ($P=.000$), e en menor medida a capacidade para escribi-lo galego ($P=.046$) e maila idade ($P=.041$). O total de varianza explicada neste sector é do 7.2%, superior ó de Galicia pero inferior ó da Coruña. Na terceira das cidades, Pontevedra, calquera das tres variables por separado é significativa. Na capacidade para escribi-lo galego e maila lingua habitual ($P=.000$) diminuíndo na idade a .024.

Respecto ás vilas, das tres variables que en Lugo-2 conforman o modelo, só a lingua habitual é significativa ($P=.000$). Non hai ningunha interacción cun nivel aceptable de significación estatística. A porcentaxe de varianza explicada é o 8.9%. En Ourense-4 acontece algo semellante, xa que só a lingua habitual é significativa ($P=.000$). A porcentaxe de varianza explicada é do 5.2%. Neste sector non se poden calcula-las interaccións polas baixas frecuencias que presentan algunhas categorías das variables.

En Lugo-5, o sector rural entre os utilizados, a idade non resulta significativa, pero si a lingua habitual ($P=.000$), igual ca no resto dos sectores, e a capacidade para escribi-lo galego ($P=.001$). Ningunha das interaccións é significativa.

Xa que logo, parece que o modelo utilizado para dar conta da varianza ten unha maior capacidade explicativa nas cidades e nas vilas grandes (Lugo-2) do que nas pequenas (Ourense-4) e no rural. Así mesmo, a tendencia apunta a que nas cidades tres ou, cando

menos, dúas das variables do modelo sexan significativas, mentres nas vilas só o é a lingua habitual.

Cadro 3.3.4a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 83.487 | 9 | 9.276 | 10.903 | .000 |
| Dominio da escritura | 10.570 | 3 | 3.523 | 4.141 | .006 |
| Lingua habitual | 55.442 | 3 | 18.481 | 21.722 | .000 |
| Idade | 1.253 | 3 | .418 | .491 | .689 |
| Interaccións dobres | 25.985 | 27 | .962 | 1.131 | .294 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 4.038 | 9 | .449 | .527 | .855 |
| Dominio da escritura x Idade | 8.663 | 9 | .963 | 1.131 | .337 |
| Lingua habitual x Idade | 13.858 | 9 | 1.540 | 1.810 | .062 |
| Explicado | 109.472 | 36 | 3.041 | 3.574 | .000 |
| Residual | 891.610 | 1048 | .851 | | |
| Total | 1001.082 | 1084 | .924 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 8.3% | |

Cadro 3.3.4b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 65.534 | 9 | 7.282 | 8.948 | .000 |
| Dominio da escritura | 6.545 | 3 | 2.182 | 2.681 | .046 |
| Lingua habitual | 46.258 | 3 | 15.419 | 18.949 | .000 |
| Idade | 6.734 | 3 | 2.245 | 2.758 | .041 |
| Interaccións dobres | 30.941 | 27 | 1.146 | 1.408 | .081 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 10.666 | 9 | 1.185 | 1.456 | .160 |
| Dominio da escritura x Idade | 11.612 | 9 | 1.290 | 1.586 | .115 |
| Lingua habitual x Idade | 9.641 | 9 | 1.071 | 1.316 | .224 |
| Explicado | 96.475 | 36 | 2.680 | 3.293 | .000 |
| Residual | 815.364 | 1002 | .814 | | |
| Total | 911.839 | 1038 | .878 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 7.2% | |

Cadro 3.3.4c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 142.019 | 9 | 15.780 | 12.150 | .000 |
| Dominio da escritura | 36.091 | 3 | 12.030 | 9.263 | .000 |
| Lingua habitual | 95.638 | 3 | 31.879 | 24.545 | .000 |
| Idade | 12.256 | 3 | 4.085 | 3.145 | .024 |
| Interaccións dobres | 34.392 | 27 | 1.274 | .981 | .493 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 11.368 | 9 | 1.263 | .973 | .461 |
| Dominio da escritura x Idade | 10.529 | 9 | 1.170 | .901 | .524 |
| Lingua habitual x Idade | 10.670 | 9 | 1.186 | .913 | .513 |
| Explicado | 176.411 | 36 | 4.900 | 3.773 | .000 |
| Residual | 1248.144 | 961 | 1.299 | | |
| Total | 1424.555 | 997 | 1.429 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 10% | |

Cadro 3.3.4d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 48.112 | 9 | 5.346 | 10.385 | .000 |
| Dominio da escritura | 2.893 | 3 | .964 | 1.873 | .132 |
| Lingua habitual | 33.650 | 3 | 11.217 | 21.789 | .000 |
| Idade | 2.359 | 3 | .786 | 1.528 | .206 |
| Interaccións dobres | 11.312 | 27 | .419 | .814 | .737 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 2.053 | 9 | .339 | .659 | .747 |
| Dominio da escritura x Idade | 5.977 | 9 | .664 | 1.290 | .238 |
| Lingua habitual x Idade | 3.378 | 9 | .375 | .729 | .682 |
| Explicado | 59.424 | 36 | 1.651 | 3.207 | .000 |
| Residual | 482.348 | 937 | .515 | | |
| Total | 541.772 | 973 | .557 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 8.9% | |

Cadro 3.3.4e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de cadrados | MC | GL | F | P |
|----------------------|------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 44.805 | 9 | 4.978 | 5.134 | .000 |
| Dominio da escritura | 3.225 | 3 | 1.075 | 1.109 | .345 |
| Lingua habitual | 37.695 | 3 | 12.565 | 12.958 | .000 |
| Idade | .342 | 3 | .114 | .117 | .950 |
| Explicado | 44.805 | 9 | 4.978 | 5.134 | .000 |
| Residual | 816.434 | 842 | .970 | | |
| Total | 861.238 | 851 | 1.012 | | |


Porcentaxe de varianza explicada 5.2%

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.3.4f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)

| | Suma de cadrados | MC | GL | F | P |
|--|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 83.472 | 9 | 9.275 | 12.295 | .000 |
| Dominio da escritura | 11.689 | 3 | 3.896 | 5.165 | .001 |
| Lingua habitual | 67.358 | 3 | 22.453 | 29.764 | .000 |
| Idade | 4.695 | 3 | 1.565 | 2.075 | .102 |
| Interaccións dobres | 24.164 | 27 | .895 | 1.186 | .233 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 4.989 | 9 | .554 | .735 | .677 |
| Dominio da escritura x Idade | 12.016 | 9 | 1.335 | 1.770 | .069 |
| Lingua habitual x Idade | 7.061 | 9 | .785 | 1.040 | .405 |
| Explicado | 107.636 | 36 | 2.990 | 3.963 | .000 |
| Residual | 1186.606 | 1573 | .754 | | |
| Total | 1294.242 | 1609 | .804 | | |

Porcentaxe de varianza explicada 6.4%

Gráfico 3.3.2. Lingua máis axeitada para as clases segundo a lingua habitual por sectores

Como vemos no gráfico 3.3.2, nos sectores analizados mantense a tendencia a que a actitude sexa tanto máis favorable para o galego canto máis fale esta lingua o individuo. Por sectores, as actitudes dos bilingües que usan preferentemente o galego e o castelán son moi semellantes en Santiago, Pontevedra e Lugo-2, mentres na Coruña, Lugo-5 e Ourense-4 a distancia entrámbolos dous grupos é maior. Así mesmo, respecto á tendencia xeral, hai que dicir que en Ourense-4 a actitude dos que falan máis castelán está moi próxima á dos que falan, só nesta lingua, e que na Coruña os galegofalantes monolingües e bilingües teñen unha actitude moi semellante. Finalmente, cómpre salientar que en Santiago, Lugo-2 e Pontevedra os monolingües en galego presentan medias superiores a 3.0, especialmente nesta última (3.36), e por tanto favorables ó galego.

3.3.2. Preferencia polo galego para a escola

3.3.2.1. Preferencia polo galego para a escola (en Galicia)

A segunda cuestión que imos abordar nesta sección é o grao de acordo co uso do galego como lingua habitual da escola. Tentaremos, xa que logo, ve-la aceptación que tería a medida de utilizalo galego como medio normal de expresión. É unha situación que non debe producir estrañamento, pois son cada vez máis os centros que comezan a introduci-lo galego na súa comunicación escrita cos alumnos, pero que aínda non se converteu en cotiá, xa que a implantación da docencia en galego segue sendo baixa. Débese ter en conta, ademais, que a maior parte dos entrevistados recibiron un sistema de ensino no que o galego estaba ausente das aulas. Estamos, polo tanto, ante un aspecto que presenta implicacións diverxentes, pero clarificador para sabe-la posible aceptación dun ensino que, coas pertinentes restricións curriculares, utilizase o galego para tódalas funcións.

A actitude dos entrevistados cara ó uso do galego como lingua habitual da escola é favorable. A media (3.31) indica que a maior parte da poboación é partidaria da súa utilización como medio normal de expresión na docencia e na dinámica interna dos centros de ensino. Sen embargo, cómpre ter en conta as diverxencias de opinión, que se reflicten na desviación típica ($s=1.26$) e poden ser observadas na distribución porcentual presentada no cadro 3.3.2 (epígrafe 3.3): mentres arredor da metade dos informantes manifesta o seu acordo, aproximadamente un 30% está en desacordo e preto dun 20% amósase indiferente.

A actitude favorable á plena galeguización da escola é maior na poboación de menor idade, aínda que, coma en casos anteriores, as diferencias co resto non son de envergadura. En realidade, as actitudes máis favorables son as dos menores de 40 anos. Como se observa na táboa 3.3.1&2.1.0, as medias do grupo de 16 a 25 e do de 26 a 40 anos (distantes entre si en 0.03 puntos) superan en 0.15 puntos ou máis a dos grupos de idade máis vellos. Se cadra a súa propia experiencia de contacto coa lingua galega contribuíu a que aceptasen con máis agrado a xeneralización da mesma no sistema de ensino. As influencias probablemente viñesen tanto polo uso observado na docencia e na vida diaria do seu centro como por viviren nun ambiente caracterizado, en xeral, polo intento de recuperación da lingua.

En canto ós estudos, as medias máis elevadas corresponden ós entrevistados sen estudos e con estudos primarios, e as máis baixas ós que teñen BUP. En calquera caso, todas elas superan a soleira de favorabilidade. Algo parecido acontece no cruzamento por clase social, onde as medias diminúen a medida que a clase social é máis elevada, sendo a máis baixa a da media-alta (3.04).

Por profesión, as medias máis elevadas aparecen en grupos profesionais pertencentes ó sector primario, correspondendo, por esta orde, a mariñeiros (3.61) labregos (3.52) e obreiros (3.48), e as máis baixas ós profesionais liberais (2.86) e membros das forzas armadas (2.9). Estes dous últimos grupos profesionais son, ademais, os únicos que presentan medias inferiores á soleira de favorabilidade (3). As actitudes dos homes, unha vez máis, son mellores cás das mulleres.

Un maior carácter rural do hábitat de residencia correspóndese cunha actitude máis favorable á galeguización xeneralizada da escola. Aínda que tódalas puntuacións están por riba da soleira de favorabilidade, no urbano a media diminúe en máis de 0.2 puntos respecto ó resto dos hábitats. O comportamento do periurbano segue tendo características que o aproximan ó rural³¹, situándose a media deste grupo (3.4) a medio camiño entre as puntuacións do rural-1 (3.32) e o rural-2 (3.47).

En canto á lingua inicial, os maiores índices de preferencia polo galego para a escola aparecen nos que aprenderon a falar nesta lingua (3.50) que, igual cós bilingües iniciais (3.21), se sitúan por riba da soleira de favorabilidade, por baixo da cal (aínda que escasamente) se atopan os castelanfalantes (2.93).

No que se refire á lingua habitual, as medias aumentan conforme máis utilizan o galego os individuos. Os monolingües en castelán son os únicos que posúen unha puntuación inferior a 3, e distáncianse en case 0.6 puntos dos que falan máis galego. As diferencias entre os demais grupos redúcense á metade, aínda que se manteñen constantes.

Pero as medias máis baixas segundo as competencias lingüísticas atopámolas nas persoas que afirman non entender (inferiores a 2) nin poder falar nada o galego (inferiores a 2.2). Nestas dúas competencias, os que entenden pouco ou nada o galego teñen medias infe-

³¹ Véxase a este respecto a nota 4.

riores a 3; os que presentan bastante ou moito nivel de competencia superan esta puntuación. Nas competencias escritas as medias aumentan tamén conforme o dominio é máis elevado, sendo as diferencias entre os extremos de 0.62 no caso da lectura e de 0.75 no da escritura.

Os ámbitos de adquisición relacionados con actitudes máis favorables ó galego son a familia (3.41), o traballo (3.13) e os amigos (3.1). No resto, as puntuacións son inferiores a 3 (aínda que o número de casos sobre o que están calculadas as medias é bastante reducido): escola (2.97) e veciños (2.7).

A varianza explicada polas variables lingüísticas e sociais é maior neste caso ca na variable *Lingua máis axeitada para as clases*. Con todo, a porcentaxe de varianza explicada segue sendo baixa, como se pode ver no cadro 3.3.5. As variables lingüísticas explican máis cás sociais, que só dan conta de entre o 0.4% e o 1.7% da varianza. Entrementres, nas lingüísticas, as porcentaxes de varianza explicada por cada variable independentemente, son tamén máis elevadas.

Analizando a incidencia de variables lingüísticas, observamos que as que explican máis varianza son a lingua habitual (9.5%) e a competencia oral (5.5%). Considerando a influencia destas dúas conxuntamente, non se explica o 15%, senón unicamente o 10.1% (é dicir, practicamente o mesmo cá lingua habitual), ó existir entre as dúas unha forte correlación: para falar unha lingua é necesario ter competencia na mesma. Tampouco damos conta dunha maior porcentaxe de varianza ó considerarmos varias competencias. A capacidade para entende-lo galego solábase coa lingua habitual, e a competencia na lectura coa escrita.

Cadro 3.3.5. Porcentaxe de varianza da Preferencia polo galego para a escola explicada polas diferentes variables de control

| Variables lingüísticas | | Variables sociais | |
|---|------|--|------|
| Lingua inicial | 4.0% | Idade | 0.4% |
| Lingua habitual | 9.5% | Estudios | 0.5% |
| Capacidade para entende-lo galego | 2.0% | Clase social | 0.7% |
| Capacidade para fala-lo galego | 5.5% | Profesión | 1.7% |
| Capacidade para le-lo galego | 1.9% | Sexo | 0.9% |
| Capacidade para escribi-lo galego | 3.3% | Hábitat de residencia | 1.7% |
| Ámbitos de adquisición | 2.2% | Hábitat de nacemento | 1.0% |
| Total explicado (análise multivariada con tódalas variables lingüísticas) | | Total explicado (análise multivariada con tódalas variables sociais) | |
| 12.3% | | 4.6% | |

Tras probar múltiples combinacións de variables, atopamos que o modelo que consegue dar conta de máis varianza (14%) é o formado pola capacidade para escribi-lo galego, a lingua habitual, a idade e mailo sexo.

Xa dixemos anteriormente que a actitude cara ó uso do galego na escola é máis favorable canto maior é o dominio do galego escrito e máis frecuente o uso oral desta lingua. Así mesmo, a actitude mellora canto menor é a idade, e é lixeiramente máis favorable nos homes ca nas mulleres (táboas 3.3.1&2.1.0 e 3.3.1&2.2.0).

Das análises das interaccións entre variables veremos en primeiro lugar os resultados referentes á idade e a lingua habitual. Como se aprecia no gráfico 3.3.3, a actitude mellora conforme aumenta o uso do galego. As medias máis elevadas son as dos que usan só esta lingua, seguidas das dos bilingües e finalmente das dos que falan só en castelán. Así mesmo, podemos observar cómo nos monolingües en castelán non existen variacións importantes duns grupos de idade a outros (tódalas medias son inferiores ós 3 puntos, e a máis alta e a máis baixa só se distancian en 0.24 puntos). Este fenómeno pode apreciarse con maior nitidez no gráfico 3.3.4, onde as medias dos monolingües en castelán están máis próximas entres si cás dos outros tres grupos.

Na interacción entre lingua habitual e sexo, a actitude das mulleres, como vimos observando ó longo deste volume, é sempre menos favorable para o galego cá dos homes. Pero, como se pode ollar no gráfico 3.3.5, estas diferencias aumentan cando a lingua habitual única ou preferente é o galego (0.20 e 0.28 puntos respectivamente, fronte a 0.11 nos dous grupos castelanfalantes). Con todo, a homoxeneidade nas respostas é bastante grande. As actitudes superan a soleira de favorabilidade (3) nos homes e mulleres que falan só ou fundamentalmente galego, e nos homes que falan máis castelán.

Gráfico 3.3.3. Preferencia polo galego para a escola segundo a lingua habitual e a idade




Gráfico 3.3.4. Preferencia polo galego para a escola segundo a idade e a lingua habitual






Gráfico 3.3.5. Preferencia polo galego para a escola segundo o sexo e a lingua habitual




No gráfico 3.3.6, que dá conta da interacción entre a idade e mailo sexo, pode verse como as actitudes das mulleres non varían demasiado duns grupos de idade a outros (0.08 puntos), mentres nos homes existen unhas diferenzas algo maiores (0.26 puntos). Así mesmo, as actitudes dos homes e as das mulleres son moi parecidas no grupo de maiores de 65 anos (0.08 puntos), mentres que diverxen en maior medida nas persoas de 26 a 40 anos (0.36).

Gráfico 3.3.6. Preferencia polo galego para a escola segundo o sexo e a idade



No gráfico 3.3.7, que presenta a interacción entre a capacidade para escribi-lo galego e a lingua habitual, pode verse como conforme aumenta o coñecemento escrito do galego as diferenzas por lingua habitual van facéndose maiores, de xeito que, mentres nas persoas sen capacidade para escribir nesta lingua a actitude dos monolingües en galego é 1.05 puntos superior á dos monolingües en castelán, nas persoas con moita capacidade nesta destreza a diferenza é de 1.63 puntos. Nos monolingües en castelán as actitudes son marcadamente homoxéneas (salvo nos que saben escribir moito o galego, que presentan unha media 0.29 puntos superior ós que din escribir bastante esta lingua).

Gráfico 3.3.7. Preferencia polo galego para a escola segundo a lingua habitual e a capacidade para escribi-lo galego




3.3.2.2. Preferencia polo galego para a escola por sectores

A análise da actitude cara á galeguización da escola mostra como a receptividade ante a mesma é en xeral bastante boa. Como se aprecia no gráfico 3.3.8, as medias máis favorables atópanse en Santiago (3.55) e en Lugo-5 (3.51), e a que menos na Coruña (2.99). Os restantes sectores superan a soleira dos 3 puntos por esta orde: Lugo-2, 3.22; Ourense-4, 3.17 e Pontevedra, 3.05.

A porcentaxe de varianza que se pode explicar varía en función do tipo de sector. Nas cidades atópanse as máis elevadas (por riba do 16%), diminuindo nos sectores vilegos (Lugo-2 e Ourense-4) e máis aínda no sector de tipoloxía rural (Lugo-5), onde se sitúa en pouco máis do 7%.

Os factores que se manteñen sistematicamente con significación estatística en tódolos sectores son a lingua habitual e a capacidade para escribi-lo galego. A idade só é significativa en Santiago, Lugo-2, Lugo-5 e Pontevedra, e o sexo en Santiago, Lugo-2 e Lugo-5. Entre as interaccións de dúas variables só é significativa a que se dá entre a capacidade para escribi-lo galego e a idade na Coruña.

Gráfico 3.3.8. Preferencia polo galego para a escola por sectores



Nunha análise desta actitude segundo a lingua habitual nos diversos sectores (gráfico 3.3.9) observamos que é máis favorable ó galego conforme o individuo utiliza máis esta lingua (excepto en Ourense-4 onde os monolingües en castelán presentan mellores actitudes cós bilingües con predominio deste idioma). Nos entrevistados que falan unicamente castelán a actitude é a menos favorable, malia non acadalo nivel do completo desacordo (as medias son sempre superiores a 2). Os que utilizan o galego só ou preferentemente presentan actitudes favorables ó seu uso como lingua habitual da escola. Estes últimos oscilan entre a lixeira desfavorabilidade (Ourense-4) e unha lixeira favorabilidade dos restantes sectores.

No gráfico 3.3.10 pode apreciarse a tendencia da actitude ante o uso do galego na escola segundo a capacidade para escribir esta lingua nos diferentes sectores. Igual que sucedía no conxunto de Galicia, canto maior é a competencia mellor é a actitude. É de destacar tamén que en Santiago e en Lugo-2 os que poden escribir moito o galego presentan unha puntuación por riba dos 4 puntos. Finalmente, a media dos que non teñen ningunha capacidade para escribi-lo galego no conxunto de Galicia é lixei-

Gráfico 3.3.9. Preferencia polo galego para a escola segundo a lingua habitual por sectores





Gráfico 3.3.10. Preferencia polo galego para a escola segundo a capacidade para escribi-lo galego por sectores



ramente superior a 3, mentres por sectores só sucede o mesmo en Santiago e Lugo-5.

Segundo a idade, en Santiago as actitudes máis favorables aparecen no grupo de 26 a 40 anos, seguido do de 16 a 25 (véxase a táboa 3.3.1&2.1.2). En Pontevedra e Lugo-5 a actitude é tanto máis favorable canto menor é a idade, e en Lugo-2 a única diferenza que se pode salientar é unha lixeira baixada da media no grupo de 41 a 65 anos. Na Coruña ten significación estatística, ademais da lingua habitual, a capacidade para escribi-lo galego. Das interaccións entre variables, a que máis interese parece ter é a capacidade para escribi-lo galego e a idade —sen embargo, resulta ininterpretable debido á existencia de frecuencias moi baixas en moitas das celas; a varianza explicada é do 17.9%. En Santiago tódolos efectos principais presentan F significativos, mais o que explica unha maior porcentaxe da varianza é a lingua habitual. A varianza explicada é a máis elevada dos sectores analizados, o 18.2%, pero ningunha das interaccións presenta niveis de significación aceptables. En Pontevedra teñen F significativos, en orde decrecente, a lingua habitual, a capacidade para escribi-lo galego e a idade, pero non o sexo; a porcentaxe de varianza explicada atinxe o 16.3%. En Ourense-4, das catro variables do modelo, só son significativas a lingua habitual e maila capacidade para escribi-lo galego. As interaccións non poden ser calculadas ó existiren cruzamentos das variables anteriores que carecen dun número de casos suficiente. A porcentaxe de varianza explicada polas catro variables é do 12.4%. Finalmente, en Lugo-5 tódalas variables son significativas, pero non así as interaccións (como acontecía nos restantes sectores); a varianza explicada é do 7.6%.

En resumo, podemos dicir que os sectores onde a porcentaxe de varianza explicada é máis elevada corresponden ás cidades e mais a Lugo-2, e que unicamente en Lugo-5 baixa do 10%. As interaccións, por outra banda, non son significativas en ningún dos sectores. A variable que explica unha maior porcentaxe da varianza é sempre a lingua habitual, seguida, aínda que cunha importancia sensiblemente menor, pola capacidade para escribi-lo galego.

Cadro 3.3.6a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 363.000 | 10 | 36.300 | 24.683 | .000 |
| Dominio da escritura | 47.658 | 3 | 15.886 | 10.802 | .000 |
| Lingua habitual | 241.045 | 3 | 80.348 | 54.635 | .000 |
| Idade | 3.238 | 3 | 1.079 | .734 | .532 |
| Sexo | 5.074 | 1 | 5.074 | 3.450 | .064 |
| Interaccións dobres | 42.617 | 36 | 1.184 | .805 | .788 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 7.956 | 9 | .884 | .601 | .797 |
| Dominio da escritura x Idade | 26.771 | 9 | 2.975 | 2.023 | .034 |
| Dominio da escritura x Sexo | 4.288 | 3 | 1.429 | .972 | .405 |
| Lingua habitual x Idade | 6.521 | 9 | .725 | .493 | .880 |
| Lingua habitual x Sexo | 1.351 | 3 | .450 | .306 | .821 |
| Idade x Sexo | 1.960 | 3 | .653 | .444 | .721 |
| Explicado | 405.616 | 46 | 8.818 | 5.996 | .000 |
| Residual | 1625.069 | 1105 | 1.471 | | |
| Total | 2030.686 | 1151 | 1.764 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 17.9% | |

Cadro 3.3.6b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 326.453 | 10 | 32.645 | 24.458 | .000 |
| Dominio da escritura | 36.575 | 3 | 12.192 | 9.134 | .000 |
| Lingua habitual | 214.443 | 3 | 71.481 | 53.554 | .000 |
| Idade | 23.563 | 3 | 7.854 | 5.885 | .001 |
| Sexo | 10.440 | 1 | 10.440 | 7.821 | .005 |
| Interaccións dobres | 63.179 | 36 | 1.755 | 1.315 | .103 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 10.905 | 9 | 1.212 | .908 | .518 |
| Dominio da escritura x Idade | 19.223 | 9 | 2.136 | 1.600 | .110 |
| Dominio da escritura x Sexo | 1.546 | 3 | .515 | .386 | .763 |
| Lingua habitual x Idade | 20.396 | 9 | 2.266 | 1.698 | .085 |
| Lingua habitual x Sexo | 3.883 | 3 | 1.294 | .970 | .406 |
| Idade x Sexo | 8.955 | 3 | 2.985 | 2.236 | .082 |
| Explicado | 389.632 | 46 | 8.470 | 6.346 | .000 |
| Residual | 1402.815 | 1051 | 1.335 | | |
| Total | 1792.446 | 1097 | 1.634 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | | 18.2% | |

Cadro 3.3.6c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 325.331 | 10 | 32.533 | 21.588 | .000 |
| Dominio da escritura | 37.542 | 3 | 12.514 | 8.304 | .000 |
| Lingua habitual | 272.572 | 3 | 90.857 | 60.289 | .000 |
| Idade | 19.073 | 3 | 6.358 | 4.219 | .006 |
| Sexo | .001 | 1 | .001 | .001 | .977 |
| Interaccións dobres | 71.161 | 36 | 1.977 | 1.312 | .105 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 6.313 | 9 | .701 | .465 | .898 |
| Dominio da escritura x Idade | 16.656 | 9 | 1.851 | 1.228 | .274 |
| Dominio da escritura x Sexo | 6.179 | 3 | 2.060 | 1.367 | .251 |
| Lingua habitual x Idade | 15.306 | 9 | 1.701 | 1.129 | .339 |
| Lingua habitual x Sexo | 7.847 | 3 | 2.616 | 1.736 | .158 |
| Idade x Sexo | 8.541 | 3 | 2.847 | 1.889 | .130 |
| Explicado | 396.491 | 46 | 8.619 | 5.719 | .000 |
| Residual | 1594.424 | 1058 | 1.507 | | |
| Total | 1990.915 | 1104 | 1.803 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 16,3% | | |

Cadro 3.3.6d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 179.508 | 10 | 17.951 | 19.000 | .000 |
| Dominio da escritura | 38.719 | 3 | 12.906 | 13.661 | .000 |
| Lingua habitual | 86.743 | 3 | 28.914 | 30.604 | .000 |
| Idade | 11.229 | 3 | 3.743 | 3.962 | .008 |
| Sexo | 9.337 | 1 | 9.337 | 9.883 | .002 |
| Interaccións dobres | 35.724 | 36 | .992 | 1.050 | .390 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 11.462 | 9 | 1.274 | 1.348 | .208 |
| Dominio da escritura x Idade | 7.915 | 9 | .879 | .931 | .497 |
| Dominio da escritura x Sexo | .911 | 3 | .304 | .321 | .810 |
| Lingua habitual x Idade | 9.151 | 9 | 1.017 | 1.076 | .378 |
| Lingua habitual x Sexo | 2.074 | 3 | .691 | .732 | .533 |
| Idade x Sexo | 2.160 | 3 | .720 | .762 | .515 |
| Explicado | 215.232 | 46 | 4.679 | 4.952 | .000 |
| Residual | 934.395 | 989 | .945 | | |
| Total | 1149.627 | 1035 | 1.111 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 15,6% | | |

Cadro 3.3.6e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 178.822 | 10 | 17.882 | 12.399 | .000 |
| Dominio da escritura | 36.821 | 3 | 12.274 | 8.510 | .000 |
| Lingua habitual | 104.712 | 3 | 34.904 | 24.201 | .000 |
| Idade | 10.196 | 3 | 3.399 | 2.357 | .070 |
| Sexo | 2.063 | 1 | 2.063 | 1.430 | .232 |
| Explicado | 178.822 | 10 | 17.882 | 12.399 | .000 |
| Residual | 1257.662 | 872 | 1.442 | | |
| Total | 1436.485 | 882 | 1.629 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 12,4% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.3.6f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 169.722 | 10 | 16.972 | 14.296 | .000 |
| Dominio da escritura | 26.008 | 3 | 8.669 | 7.303 | .000 |
| Lingua habitual | 101.641 | 3 | 33.880 | 28.539 | .000 |
| Idade | 21.456 | 3 | 7.152 | 6.024 | .000 |
| Sexo | 5.857 | 1 | 5.857 | 4.934 | .026 |
| Interaccións dobres | 55.620 | 36 | 1.545 | 1.301 | .110 |
| Dominio da escritura x Lingua habitual | 12.332 | 9 | 1.370 | 1.154 | .321 |
| Dominio da escritura x Idade | 19.071 | 9 | 2.119 | 1.785 | .066 |
| Dominio da escritura x Sexo | 7.168 | 3 | 2.389 | 2.013 | .110 |
| Lingua habitual x Idade | 15.026 | 9 | 1.670 | 1.406 | .180 |
| Lingua habitual x Sexo | 2.021 | 3 | .674 | .568 | .636 |
| Idade x Sexo | 2.794 | 3 | .931 | .785 | .502 |
| Explicado | 225.343 | 46 | 4.899 | 4.126 | .000 |
| Residual | 1999.187 | 1684 | 1.187 | | |
| Total | 2224.530 | 1730 | 1.286 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 7,6% | | |

En definitiva, a actitude cara á elección do galego como lingua da escola é bastante favorable, tanto desde un punto de vista xeral, considerando conxuntamente toda a poboación, coma ó analízala segundo a maior parte dos grupos sociais e lingüísticos establecidos. Só nos monolingües habituais en castelán a favorabilidade a estas propostas é máis baixa, aínda que non exista nunca unha predisposición especialmente negativa. O tempo que transcorreu desde que o galego ten certo protagonismo público contribuíu probablemente a que se acepte o seu uso como feito normal tanto no medio escolar en xeral coma nas clases.


3.3.3. *Lingua preferida para as clases*

3.3.3.1. *Lingua preferida para as clases (en Galicia)*

As preferencias dos entrevistados para a lingua da docencia son, segundo amosan as porcentaxes da táboa 3.3.3.1.0, bastante diversas. Considerando cada unha das alternativas de resposta independentemente, obsérvase que, se ben o castelán acada a porcentaxe máis alta (38.6%), un 61.4% da poboación elixe algunha das outras opcións lingüísticas. Esta preferencia maioritaria desglósase como segue: unha cuarta parte manifesta o seu desexo de recibir a docencia en galego e case a mesma proporción declara que lle resulta indiferente, mentres só un sexto da poboación as prefere en ambas as linguas.

Se considerámo-la relación entre a idade dos entrevistados e a lingua en que desexan a docencia, veremos que a elección do castelán diminúe nos mozos de 16 a 25, grupo no que se produce un considerable aumento da indiferencia. Esta distancia actitudinal entre o grupo máis novo e os demais quizais estea relacionada co feito de que os primeiros recibiron algunha docencia en galego (salvo unha reducida porcentaxe que cursara estudos en centros onde non se cumprise o Decreto de introducción do galego no ensino). No gráfico 3.3.11 preséntase a relación entre a lingua que se prefería para as clases e o feito de estudar ou non galego na escola. Tanto os que recibiron ensino de galego coma os que non, optan maioritariamente polas clases en castelán. Sen embargo, esta prefe-

Gráfico 3.3.11. *Lingua preferida para as clases segundo se estudiara galego na escola*




rencia descende dez puntos nos que estudaron galego na escola, ó aumentar neste grupo a indiferencia ante a lingua utilizada no ensino (27.3%).

Dado que os entrevistados que recibiron ensino de galego na escola tiñan entre 16 e 30 anos no momento de realizala entrevista, decidimos seleccionar unha submostra con individuos comprendidos nesta banda de idades e observa-la súa actitude segundo o hábitat de residencia. O cruzamento indícanos que os mozos residentes no rural amosan unha mellor predisposición cara á docencia en galego cós que residen nos demais tipos de hábitat. No gráfico 3.3.12 conséntase un descenso das porcentaxes correspondentes ó castelán e un aumento parello do galego (frente a un 14.6% de entrevistados do urbano, un 31% de individuos do rural prefiren a docencia nesta lingua). Obsérvese tamén como os residentes no periurbano se desvían considerablemente da actitude dos do urbano, cunhas porcentaxes moi semellantes ás dos residentes nas vilas.

Volvendo á totalidade da mostra, a relación entre a lingua preferida na clase e o nivel de estudos evidencia un aumento da elec-

Gráfico 3.3.12. Lingua preferida para as clases segundo o hábitat de residencia nos entrevistados de 16 a 30 anos




ción do castelán entre os que teñen estudos respecto dos que non os teñen. O gráfico 3.3.13 amosa que as porcentaxes máis elevadas neste aspecto corresponden ós que realizaron estudos universitarios (45.5%). Pola contra, a maior parte do grupo sen ningún estudio elixe as clases en lingua galega. Esta opción debe relacionarse coa lingua inicial e a habitual de cada subgrupo e coas dificultades que pode ter un alumno para realiza-la aprendizaxe nunha lingua diferente da súa. Nos volumes I e II do MSG comentárase que canto menores eran os estudos dos entrevistados, máis presente estaba o galego como lingua inicial ou habitual.

Polo que se refire á clase social, tódolos grupos prefiren maiormente o castelán, pero esta opción descende en favor doutras alternativas paralelamente ó nivel socioeconómico, de tal xeito que, na baixa, a porcentaxe dos que se decantan polas clases en galego só é 3 puntos inferior á dos que son máis partidarios do castelán (véxase a táboa 3.3.3.1.0).

Canto ós grupos profesionais, case todos tenden a elixir maioritariamente as clases en castelán, destacando sobre todo os docentes, entre os que un 46% prefere o castelán, fronte

Gráfico 3.3.13. Lingua preferida para as clases segundo o nivel de estudos




ó 22.1% que opta polo galego. Neste sentido non debe esquecerse a transcendencia que estes datos posúen para a galeguización do ensino. Entre os grupos profesionais que escollen o galego cómpre salientalos labregos e mariñeiros, cun 31.2% e un 34.4% respectivamente. A inclinación por un ensino bilingüe oscila entre o 12.7% nos titulados superiores e profesionais liberais e o 17.4% dos labregos.

As porcentaxes dos que desexan as clases en castelán son bastante máis altas no hábitat urbano ca nos demais, especialmente no rural, onde a preferencia por esta lingua se atenua considerablemente, situándose 16.7 puntos por debaixo (véxase o gráfico 3.3.14). A actitude dos habitantes do periurbano é semellante á dos que viven nas vilas (38% e 38.6% respectivamente, tomando a opción 'o castelán' como referencia) ou no rural (26.3% no periurbano e 27.4% no rural se tomámo-la opción 'o galego').

A distribución das porcentaxes por lingua inicial e lingua habitual revela unha tendencia a elixir para as clases a lingua propia, especialmente entre castelanfalantes e bilingües. Na táboa

Gráfico 3.3.14. Lingua preferida para as clases segundo o hábitat de residencia



3.3.3.2.0 compróbase que algo máis da metade dos castelanfalantes iniciais desexan recibir as clases en castelán, a un 32% élle indiferente ou prefíre as en ámbalas dúas linguas e só un 10.5% preferiría que fosen en galego. Un 43.6% dos bilingües iniciais opta polas opcións intermedias ('nas dúas' ou 'indiferente'). Finalmente, entre os galegofalantes iniciais a preferéncia polo galego é considerablemente máis elevada ca nos outros dous grupos lingüísticos, acadando un 31.7%.

Por lingua habitual prodúcense tendencias semellantes. Existe unha clara preferéncia polo castelán entre os monolingües neste idioma e, en menor medida, entre os bilingües con predominio do mesmo (cf. táboa 3.3.3.2.0). A súa elección diminúe paralelamente ó aumento do uso habitual do galego, de xeito que entre os que falan só galego unicamente o 25.3% prefere o castelán para as clases. Neste grupo hai un 35.8% que desexaría que a docencia se impartise na súa propia lingua (o galego), mentres os que queren un ensino bilingüe e lles resulta indiferente suman un 38.8%. Un dato importante para o galego é que, ante unha mesma lingua habitual, a elección deste para as clases aumenta a medida que diminúe a idade, mentres a preferéncia polo castelán

diminúe neste mesmo sentido. No cadro 3.3.7 podemos comprobar como, entre os mozos de 16 a 25 anos, o único grupo que opta maioritariamente por un ensino en castelán é o que fala unicamente esta lingua (65.3%). Entre os que falan máis castelán ca galego, o 36.5% deste mesmo grupo de idade decántase polo castelán, un 51.3% desexa as dúas linguas ou declara que lle é indiferente e un 12.1% é partidario da docencia en galego. Se temos en conta o que sucede cos monolingües en galego veremos que, entre os maiores de 65 anos, unha porcentaxe bastante baixa preferiría as clases na súa lingua (29.5%). Sen embargo, esa opción aumenta a medida que descendemos na escala de idade, de xeito que o 50.6% dos mozos de 16 a 25 tamén monolingües en galego desexa a docencia nesta lingua. Podemos afirmar, xa que logo, que a actitude ante a introducción do galego no ensino é xeralmente positiva entre a mocidade e de xeito especial entre a monolingüe en galego.

Cadro 3.3.7. Lingua preferida para as clases segundo a lingua habitual do entrevistado nos diferentes grupos de idade

| | Lingua habitual | | | |
|------------------------|-----------------|---------------|-------------|-----------|
| | Só castelán | Máis castelán | Máis galego | Só galego |
| <i>De 16 a 25 anos</i> | | | | |
| en castelán | 17.2% | 36.2% | 23.2% | 23.4% |
| nas dúas | 65.3% | 36.5% | 17.4% | 10.3% |
| indiferente | 10.3% | 18.3% | 21.5% | 17.3% |
| en galego | 21.6% | 33.0% | 29.5% | 21.9% |
| <i>De 26 a 40 anos</i> | | | | |
| en castelán | 2.9% | 12.1% | 31.6% | 50.6% |
| nas dúas | 10.4% | 25.9% | 32.6% | 31.1% |
| indiferente | 77.0% | 54.6% | 30.3% | 23.8% |
| en galego | 10.5% | 15.3% | 19.7% | 15.5% |
| <i>De 41 a 65 anos</i> | | | | |
| en castelán | 10.0% | 19.3% | 21.6% | 21.8% |
| nas dúas | 2.6% | 10.9% | 28.4% | 38.9% |
| indiferente | 5.9% | 15.5% | 34.6% | 44.0% |
| en galego | 89.2% | 64.3% | 40.1% | 29.6% |
| <i>Máis de 65 anos</i> | | | | |
| en castelán | 7.0% | 13.3% | 16.4% | 16.1% |
| nas dúas | 2.6% | 14.0% | 18.5% | 23.0% |
| indiferente | 1.2% | 8.5% | 25.0% | 31.4% |
| en galego | 5.2% | 10.9% | 27.0% | 57.0% |
| nas dúas | 87.9% | 73.2% | 47.3% | 30.7% |
| indiferente | 4.7% | 9.8% | 13.9% | 15.5% |
| en galego | 7.1% | 12.7% | 16.3% | 24.4% |
| | 0.3% | 4.4% | 22.5% | 29.5% |

Polo que se refire á relación entre Lingua preferida para as clases e a competencia en galego, apréciase un aumento da elec-

ción desta lingua a medida que o seu dominio é maior. Observando a tendencia de resposta á luz da capacidade para fala-lo galego (táboa 3.3.3.2.0) vemos que canto máis alta é esta, máis baixas son as porcentaxes dos que prefiren as clases en castelán (dun 86.8% de respostas no caso dos que din non poder falalo nada pasamos a un 31.5% entre os que o poden falar moito). Pola contra, a elección do galego aumenta segundo o fai a competencia (dun 0% ata un 29.9%). A preferencia polas dúas linguas ou a actitude indiferente cobran forza neste mesmo sentido.

Finalmente, no tocante ós ámbitos de adquisición, temos unha elección xeneralizada da docencia en castelán entre os individuos que aprenderon o galego fóra da familia. No caso dos que o adquiriron no seo familiar, un 34% di preferi-lo castelán, o 27.2% o galego e o 37.8% restante elixe unha das outras dúas opcións.

3.3.3.2. *Lingua preferida para as clases por sectores*

A escolla da lingua para as clases por sectores varía considerablemente das cidades ás vilas e ó rural. Así, o castelán é a lingua maioritariamente escollida na Coruña e Pontevedra (53.1% e 49.4% de entrevistados respectivamente: cf. serie de táboas 3.3.3.1.1 a 3.3.3.1.6). En Santiago esta opción descende de xeito perceptible e aumenta a preferencia polo galego ata un 29% (porcentaxe superior ás dos sectores vilegos e rurais). Nos restantes sectores destaca Ourense-4, cunha inclinación polo castelán superior incluso á dun sector formado por vilas grandes como é Lugo-2.

Canto máis elevado é o nivel de estudos maior resulta a preferencia polo castelán nas cidades. A Coruña representa unha pequena excepción, xa que os que teñen estudos medios escóllena en maior medida cós universitarios (1.2 puntos). Pola contra, a elección do galego diminúe neste mesmo sentido, dándose o caso máis evidente na Coruña, onde un 46.7% de entrevistados sen ningún estudio prefire o galego para as clases —sen embargo, é preciso subliñar que o tamaño do subgrupo 'sen estudos' por sectores é moi reducido.

Cadro 3.3.8. *Lingua preferida para as clases segundo os estudos recodificados por sectores*

| | Castelán | As dúas | Indiferente | Galego |
|-------------------|----------|---------|-------------|--------|
| <i>A Coruña</i> | | | | |
| ningún | 53.1% | 8.2% | 22.1% | 16.6% |
| primarios | 20.0% | 6.7% | 26.7% | 46.7% |
| secundarios | 49.2% | 9.2% | 17.8% | 23.7% |
| universitarios | 59.0% | 5.0% | 27.9% | 8.1% |
| <i>Santiago</i> | | | | |
| ningún | 57.8% | 10.4% | 21.9% | 9.9% |
| primarios | 35.1% | 16.0% | 19.9% | 29.0% |
| secundarios | 23.1% | 23.1% | 15.4% | 38.5% |
| universitarios | 33.1% | 15.7% | 17.1% | 34.0% |
| <i>Pontevedra</i> | | | | |
| ningún | 34.1% | 15.7% | 23.5% | 26.7% |
| primarios | 39.2% | 16.0% | 21.1% | 23.6% |
| secundarios | 49.4% | 10.6% | 24.4% | 15.6% |
| universitarios | 50.0% | 50.0% | | |
| <i>Lugo-2</i> | | | | |
| ningún | 46.4% | 9.5% | 23.9% | 20.2% |
| primarios | 49.6% | 15.4% | 24.2% | 10.8% |
| secundarios | 57.8% | 8.0% | 26.2% | 8.0% |
| universitarios | 29.5% | 20.3% | 29.0% | 21.2% |
| <i>Ourense-4</i> | | | | |
| ningún | 50.0% | 50.0% | | |
| primarios | 27.6% | 19.7% | 31.2% | 21.5% |
| secundarios | 39.1% | 17.9% | 23.5% | 19.6% |
| universitarios | 26.6% | 30.4% | 19.0% | 24.1% |
| <i>Lugo-5</i> | | | | |
| ningún | 33.7% | 21.2% | 24.6% | 20.5% |
| primarios | 75.4% | 1.4% | 17.4% | 5.8% |
| secundarios | 25.7% | 25.3% | 26.8% | 22.2% |
| universitarios | 42.6% | 17.4% | 20.9% | 19.1% |
| <i>Santiago</i> | | | | |
| ningún | 31.3% | 18.8% | 20.8% | 29.2% |
| primarios | 27.7% | 24.0% | 20.5% | 27.8% |
| secundarios | 18.5% | 14.8% | 25.9% | 40.7% |
| universitarios | 29.1% | 26.6% | 18.0% | 26.3% |
| <i>Pontevedra</i> | | | | |
| ningún | 22.2% | 16.7% | 30.0% | 31.0% |
| primarios | 24.7% | 11.7% | 28.6% | 35.1% |
| secundarios | | | | |
| universitarios | | | | |

Polo que se refire á clase social, a media-alta é a que amosa unha maior preferencia polo castelán nas tres cidades e en Lugo-5, cunhas porcentaxes que oscilan entre o 62.9% da Coruña e o 40.9% de Lugo-5. En Ourense-4, sen embargo, os grupos socioeconómicos que en maior medida optan polas clases en castelán son o baixo (42.2%) e o medio-baixo (42.9%). No caso de Lugo-2 é a clase media a que ten a porcentaxe máis elevada de respostas na opción 'en castelán' (35.9%), tal como se amosa nas táboas 3.3.3.1.1 a 3.3.3.1.6.

No que respecta ó hábitat de residencia (cf. táboas citadas), máis da metade dos habitantes do urbano da Coruña (53.2%) e Pontevedra (52.3%) escollen o castelán para as clases. A elección desta lingua descende lixeiramente no periurbano, que comprende un 47.2% da poboación de Pontevedra (na Coruña só catro entrevistados resi-

den neste tipo de hábitat). As porcentaxes de individuos do medio urbano de Santiago que se decantan pola docencia en castelán son considerablemente inferiores (38%) respecto ós demais sectores e aumentan as dos que as prefiren en galego (25.5%). Así mesmo, no periurbano desta cidade aparece unha maior predilección pola docencia en galego (35.8%) ca en castelán (29.5%). O hábitat rural presenta unha actitude variable, tanto de sector a sector coma entre os dous tipos de rural ('rural-1' e 'rural-2'). Así, o rural-1 de Ourense-4 amosa unha porcentaxe bastante máis elevada có de Lugo-5 na elección do castelán para as clases (49.5% fronte ó 32.8%). Polo contrario, neste último sector a elección do galego no rural-1 está 10.2 puntos por enriba da de Ourense-4.

Polo que se refire á lingua inicial, hai unha tendencia xeral en tódolos sectores a que cada grupo prefira a lingua que lle é propia, aínda que resulta máis marcada entre os castelanfalantes iniciais (cf. serie de táboas 3.3.3.2.1 a 3.3.3.2.6). Das tres cidades, Santiago presenta a porcentaxe máis alta de galegofalantes iniciais partidarios da docencia na súa lingua (41.8%), mentres en Pontevedra aparece a porcentaxe máis baixa (24.1%). Pola súa banda, entre un 69.6% (A Coruña) e un 42.5% (Lugo-5) dos castelanfalantes iniciais prefiren esta lingua nas aulas. Tamén os bilingües iniciais se amosan máis partidarios de recibilo castelán como lingua das clases en tódolos sectores agás en Lugo-2.

A relación entre a preferencia lingüística para a docencia e a lingua habitual é semellante á vista en liñas anteriores: a tendencia dominante é a de escolle-lo galego canto máis habitualmente se fala esta lingua. Do mesmo xeito, a elección do castelán resulta directamente proporcional á súa presenza como lingua habitual. Aínda que resulte paradoxal, por seren as cidades os sectores máis castelanizados —tanto a nivel social como institucional— nelas os monolingües en galego amósanse máis consecuentes coa súa elección lingüística, especialmente na Coruña e Santiago, onde un 53.7% e un 51.7%, respectivamente, de entrevistados que falan só galego prefiren recibilas clases nesta lingua (compárese cun sector rural coma Lugo-5, onde só un 31.7% de monolingües en galego elixe esta opción de resposta). En canto ós bilingües habituais, a preferencia por unha lingua ou outra depende de cal sexa a dominante. Os que

falan máis castelán ca galego tenden a elixilo castelán maioritariamente, con porcentaxes que oscilan entre o 56% da Coruña e o 39.7% de Lugo-2. Pola súa banda, a elección do galego aumenta bastante entre os que falan máis galego ca castelán (entre 18.9 puntos na Coruña e 5.6 en Pontevedra).

Se temos en conta a competencia lingüística dos entrevistados, veremos un importante descenso da preferencia polo castelán a medida que as destrezas orais ou escritas en galego son maiores. Ó comparármola porcentaxe total de suxeitos de cada sector que prefiren as clases en galego coa dos que responden 'moito' na competencia escrita, comprobaremos que estas son sensiblemente máis elevadas, especialmente en Santiago, Lugo-2 e Ourense-4 (cf. táboas 3.3.3.2.1 a 3.3.3.2.6). Por outra banda, mentres na Coruña os que se amosan máis partidarios da docencia en galego son os que poden falalo moito (26%), nos demais sectores trátase dos que teñen competencias escritas elevadas. Neste aspecto destaca Santiago, onde prefire o galego o 44% dos que se consideran moi capacitados para escribilo.

Táboa 3.3.1 & 2.1.0. Actitude ante o galego como lingua na escola. Galicia*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL GALICIA | 2.75 | 3.31 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.81 | 3.41 |
| 26 a 40 anos | 2.78 | 3.38 |
| 41 a 65 anos | 2.72 | 3.23 |
| máis de 65 anos | 2.66 | 3.25 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 2.88 | 3.49 |
| primarios incompletos | 2.75 | 3.37 |
| primarios completos | 2.74 | 3.30 |
| FP | 2.78 | 3.37 |
| BUP | 2.70 | 3.17 |
| carreira grao medio | 2.72 | 3.19 |
| carreira grao superior | 2.77 | 3.21 |
| outros estudos | 2.65 | 3.24 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 2.78 | 3.53 |
| media-baixa | 2.78 | 3.39 |
| media | 2.72 | 3.23 |
| media-alta | 2.66 | 3.04 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.70 | 3.19 |
| titul. superior/media | 2.71 | 3.08 |
| profesionais liberais | 2.50 | 2.86 |
| docentes | 2.79 | 3.35 |
| forzas armadas | 2.52 | 2.90 |
| pers. admin. subalterno | 2.70 | 3.21 |
| pers. servicios | 2.68 | 3.27 |
| autónomos | 2.75 | 3.34 |
| labregos | 2.86 | 3.52 |
| mariñeiros | 2.96 | 3.61 |
| obreiros | 2.81 | 3.48 |
| estudiantes | 2.79 | 3.31 |
| amas de casa | 2.64 | 3.14 |
| pers. econom. inactivo | 2.80 | 3.42 |
| SEXO | | |
| home | 2.82 | 3.44 |
| muller | 2.68 | 3.20 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| urbano | 2.61 | 3.07 |
| periurbano | 2.79 | 3.40 |
| vilas | 2.74 | 3.30 |
| rural-1 | 2.76 | 3.32 |
| rural-2 | 2.84 | 3.47 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.1. Actitude ante o galego como lingua na escola. A Coruña*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.55 | 2.99 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.57 | 2.95 |
| 26 a 40 anos | 2.55 | 3.00 |
| 41 a 65 anos | 2.54 | 2.95 |
| máis de 65 anos | 2.50 | 3.14 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 2.72 | 3.60 |
| primarios incompletos | 2.61 | 3.28 |
| primarios completos | 2.60 | 2.95 |
| FP | 2.72 | 2.98 |
| BUP | 2.37 | 2.64 |
| carreira grao medio | 2.47 | 2.86 |
| carreira grao superior | 2.51 | 2.90 |
| outros estudos | 2.50 | 3.05 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 2.58 | 3.16 |
| media-baixa | 2.64 | 3.11 |
| media | 2.54 | 2.98 |
| media-alta | 2.31 | 2.58 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.58 | 3.17 |
| titul. superior/media | 2.42 | 2.73 |
| profesionais liberais | 2.50 | 2.06 |
| docentes | 2.44 | 2.75 |
| forzas armadas | 2.03 | 3.08 |
| pers. admin. subalterno | 2.63 | 2.85 |
| pers. servicios | 2.36 | 2.77 |
| autónomos | 2.44 | 3.20 |
| labregos | 2.63 | 3.91 |
| mariñeiros | 2.90 | 3.63 |
| obreiros | 2.66 | 3.16 |
| estudiantes | 2.60 | 3.02 |
| amas de casa | 2.49 | 2.94 |
| pers. econom. inactivo | 2.18 | 2.95 |
| SEXO | | |
| home | 2.62 | 3.13 |
| muller | 2.48 | 2.87 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| urbano | 2.53 | 2.97 |
| periurbano | 3.36 | 4.39 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.2. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Santiago*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.88 | 3.55 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.88 | 3.54 |
| 26 a 40 anos | 2.94 | 3.68 |
| 41 a 65 anos | 2.79 | 3.49 |
| máis de 65 anos | 2.93 | 3.44 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 3.10 | 3.88 |
| primarios incompletos | 2.89 | 3.67 |
| primarios completos | 2.88 | 3.52 |
| FP | 2.85 | 3.60 |
| BUP | 2.88 | 3.39 |
| carreira grao medio | 2.77 | 3.32 |
| carreira grao superior | 2.92 | 3.66 |
| outros estudos | 2.44 | 3.28 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 3.20 | 4.04 |
| media-baixa | 2.90 | 3.58 |
| media | 2.85 | 3.51 |
| media-alta | 2.91 | 3.54 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.89 | 3.65 |
| titul. superior/media | 2.80 | 3.53 |
| profesionais liberais | 2.97 | 3.84 |
| docentes | 3.00 | 3.57 |
| forzas armadas | 3.18 | 3.71 |
| pers. admin. subalterno | 2.80 | 3.45 |
| pers. servicos | 2.73 | 3.74 |
| autónomos | 2.80 | 3.70 |
| labregos | 3.17 | 3.84 |
| maríneiros | 3.50 | 4.00 |
| obreiros | 2.90 | 3.75 |
| estudiantes | 2.90 | 3.50 |
| amas de casa | 2.82 | 3.31 |
| pers. econom. inactivo | 2.96 | 3.85 |
| SEXO | | |
| home | 2.90 | 3.71 |
| muller | 2.86 | 3.42 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| urbano | 2.89 | 3.50 |
| periurbano | 2.84 | 3.69 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.3. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Lugo-2*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.83 | 3.22 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.82 | 3.24 |
| 26 a 40 anos | 2.81 | 3.26 |
| 41 a 65 anos | 2.81 | 3.12 |
| máis de 65 anos | 2.88 | 3.33 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 2.88 | 3.38 |
| primarios incompletos | 2.87 | 3.23 |
| primarios completos | 2.82 | 3.21 |
| FP | 2.64 | 3.06 |
| BUP | 2.75 | 3.12 |
| carreira grao medio | 2.93 | 3.34 |
| carreira grao superior | 2.97 | 3.42 |
| outros estudos | 2.88 | 3.00 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 3.07 | 3.40 |
| media-baixa | 2.87 | 3.23 |
| media | 2.67 | 3.16 |
| media-alta | 2.39 | 2.93 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.72 | 2.88 |
| titul. superior/media | 2.85 | 3.61 |
| profesionais liberais | 4.00 | 3.25 |
| docentes | 2.89 | 3.63 |
| forzas armadas | 2.88 | 3.33 |
| pers. admin. subalterno | 2.86 | 3.30 |
| pers. servicos | 2.91 | 3.37 |
| autónomos | 2.80 | 3.14 |
| labregos | 2.95 | 3.29 |
| maríneiros | 2.98 | 4.02 |
| obreiros | 2.97 | 3.35 |
| estudiantes | 2.79 | 3.09 |
| amas de casa | 2.75 | 3.14 |
| pers. econom. inactivo | 2.55 | 2.83 |
| SEXO | | |
| home | 2.93 | 3.35 |
| muller | 2.74 | 3.10 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| vilas | 2.75 | 3.20 |
| rural-2 | 2.97 | 3.25 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.4 *Actitude ante o galego como lingua na escola.*
Lugo-5*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.80 | 3.51 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.87 | 3.71 |
| 26 a 40 anos | 2.88 | 3.64 |
| 41 a 65 anos | 2.79 | 3.51 |
| máis de 65 anos | 2.70 | 3.29 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 2.81 | 3.42 |
| primarios incompletos | 2.82 | 3.47 |
| primarios completos | 2.78 | 3.56 |
| FP | 2.80 | 3.60 |
| BUP | 2.82 | 3.56 |
| carreira grao medio | 2.72 | 3.53 |
| carreira grao superior | 2.94 | 3.53 |
| outros estudos | 2.11 | 3.10 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 2.84 | 3.54 |
| media-baixa | 2.81 | 3.55 |
| media | 2.79 | 3.42 |
| media-alta | 2.67 | 3.37 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.79 | 3.43 |
| titul. superior/media | 2.25 | 2.50 |
| profesionais liberais | 2.75 | 3.64 |
| docentes | 2.98 | 3.69 |
| forzas armadas | 2.52 | 3.09 |
| pers. admin. subalterno | 2.74 | 3.45 |
| pers. servicios | 2.87 | 3.81 |
| autónomos | 2.79 | 3.39 |
| labregos | 2.85 | 3.52 |
| maríneiros | 3.09 | 4.18 |
| obreiros | 2.81 | 3.57 |
| estudiantes | 2.86 | 3.68 |
| amas de casa | 2.68 | 3.43 |
| pers. econom. inactivo | 3.08 | 3.70 |
| SEXO | | |
| home | 2.84 | 3.59 |
| muller | 2.77 | 3.43 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| rural-1 | 2.69 | 3.49 |
| rural-2 | 2.87 | 3.52 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.5. *Actitude ante o galego como lingua na escola.*
Ourense-4*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.68 | 3.17 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.66 | 3.19 |
| 26 a 40 anos | 2.62 | 3.05 |
| 41 a 65 anos | 2.69 | 3.11 |
| máis de 65 anos | 2.74 | 3.40 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 2.67 | 3.15 |
| primarios incompletos | 2.72 | 3.31 |
| primarios completos | 2.61 | 3.03 |
| FP | 2.64 | 3.13 |
| BUP | 2.81 | 2.95 |
| carreira grao medio | 2.61 | 3.33 |
| carreira grao superior | 2.77 | 3.52 |
| outros estudos | 2.67 | 3.00 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 2.55 | 3.46 |
| media-baixa | 2.64 | 3.18 |
| media | 2.71 | 3.12 |
| media-alta | 2.91 | 3.25 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.82 | 3.09 |
| titul. superior/media | 2.43 | 3.07 |
| profesionais liberais | 3.00 | 4.33 |
| docentes | 2.75 | 3.88 |
| forzas armadas | 3.00 | 3.00 |
| pers. admin. subalterno | 2.71 | 2.86 |
| pers. servicios | 2.63 | 3.19 |
| autónomos | 2.64 | 2.90 |
| labregos | 2.77 | 3.54 |
| obreiros | 2.71 | 3.18 |
| estudiantes | 2.66 | 3.12 |
| amas de casa | 2.59 | 3.03 |
| pers. econom. inactivo | 2.76 | 3.39 |
| SEXO | | |
| home | 2.74 | 3.24 |
| muller | 2.61 | 3.10 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| vilas | 2.68 | 2.97 |
| rural-1 | 2.68 | 3.41 |
| rural-2 | 2.68 | 3.23 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.1.6. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Pontevedra*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|-------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.84 | 3.05 |
| IDADE | | |
| 16 a 25 anos | 2.90 | 3.18 |
| 26 a 40 anos | 2.78 | 3.04 |
| 41 a 65 anos | 2.90 | 2.99 |
| máis de 65 anos | 2.65 | 3.00 |
| ESTUDIOS | | |
| ningún | 3.60 | 3.53 |
| primarios incompletos | 2.96 | 3.32 |
| primarios completos | 2.99 | 3.13 |
| FP | 2.71 | 2.88 |
| BUP | 2.60 | 2.81 |
| carreira grao medio | 2.62 | 2.72 |
| carreira grao superior | 2.80 | 2.97 |
| outros estudos | 3.06 | 3.35 |
| CLASE SOCIAL | | |
| baixa | 2.63 | 3.41 |
| media-baixa | 2.97 | 3.28 |
| media | 2.73 | 2.84 |
| media-alta | 2.32 | 2.21 |
| PROFESIÓN | | |
| empresarios | 2.71 | 2.80 |
| titul. superior/media | 2.45 | 2.36 |
| profesionais liberais | 2.75 | 3.29 |
| docentes | 2.75 | 2.98 |
| forzas armadas | 2.19 | 2.16 |
| pers. admin. subalterno | 2.82 | 2.95 |
| pers. servizos | 3.15 | 3.16 |
| autónomos | 3.08 | 3.19 |
| labregos | 3.13 | 3.49 |
| mariñeiros | 2.91 | 3.13 |
| obreiros | 3.08 | 3.42 |
| estudiantes | 2.74 | 2.96 |
| amas de casa | 2.72 | 2.89 |
| pers. econom. inactivo | 2.96 | 3.25 |
| SEXO | | |
| home | 2.91 | 3.11 |
| muller | 2.78 | 3.00 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | |
| urbano | 2.59 | 2.91 |
| periurbano | 3.08 | 3.18 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.2.0. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Galicia*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|------------------------|---|---|
| TOTAL GALICIA | 2.75 | 3.31 |
| LINGUA INICIAL | | |
| galego | 2.85 | 3.50 |
| castelán | 2.55 | 2.93 |
| as dúas | 2.70 | 3.21 |
| outras | 2.92 | 3.42 |
| LINGUA HABITUAL | | |
| só castelán | 2.30 | 2.43 |
| máis castelán | 2.61 | 3.02 |
| máis galego | 2.77 | 3.37 |
| só galego | 2.96 | 3.67 |
| ENTENDE O GALEGO | | |
| nada | 1.88 | 2.14 |
| pouco | 2.23 | 2.48 |
| bastante | 2.70 | 3.24 |
| moito | 2.82 | 3.43 |
| FALA O GALEGO | | |
| nada | 2.12 | 2.22 |
| pouco | 2.44 | 2.74 |
| bastante | 2.76 | 3.32 |
| moito | 2.87 | 3.53 |
| LE O GALEGO | | |
| nada | 2.56 | 2.96 |
| pouco | 2.70 | 3.22 |
| bastante | 2.79 | 3.39 |
| moito | 2.90 | 3.58 |
| ESCRIBE O GALEGO | | |
| nada | 2.58 | 3.02 |
| pouco | 2.76 | 3.33 |
| bastante | 2.86 | 3.48 |
| moito | 2.97 | 3.77 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | |
| familia | 2.80 | 3.41 |
| escola | 2.63 | 2.97 |
| amigos | 2.67 | 3.10 |
| veciños | 2.47 | 2.70 |
| traballo | 2.61 | 3.13 |
| outros | 2.48 | 2.84 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.2.1. *Actitude ante o galego como lingua na escola.*
A Coruña*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.55 | 2.99 |
| LINGUA INICIAL | | |
| galego | 2.73 | 3.40 |
| castelán | 2.44 | 2.70 |
| as dúas | 2.52 | 3.14 |
| outras | 2.67 | 3.00 |
| LINGUA HABITUAL | | |
| só castelán | 2.21 | 2.34 |
| máis castelán | 2.58 | 2.98 |
| máis galego | 2.81 | 3.35 |
| só galego | 2.82 | 3.98 |
| ENTENDE O GALEGO | | |
| nada | 1.67 | 2.33 |
| pouco | 2.05 | 2.25 |
| bastante | 2.42 | 2.78 |
| moito | 2.64 | 3.14 |
| FALA O GALEGO | | |
| nada | 1.82 | 1.90 |
| pouco | 2.23 | 2.38 |
| bastante | 2.63 | 3.03 |
| moito | 2.71 | 3.33 |
| LE O GALEGO | | |
| nada | 1.97 | 2.34 |
| pouco | 2.41 | 2.81 |
| bastante | 2.57 | 3.01 |
| moito | 2.72 | 3.20 |
| ESCRIBE O GALEGO | | |
| nada | 2.31 | 2.62 |
| pouco | 2.58 | 3.05 |
| bastante | 2.63 | 2.96 |
| moito | 2.73 | 3.43 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | |
| familia | 2.65 | 3.18 |
| escola | 2.54 | 2.82 |
| amigos | 2.48 | 2.94 |
| veciños | 2.21 | 2.58 |
| traballo | 2.58 | 3.08 |
| outros | 2.40 | 2.52 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.2.2. *Actitude ante o galego como lingua na escola.*
Santiago*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.88 | 3.55 |
| LINGUA INICIAL | | |
| galego | 2.97 | 3.79 |
| castelán | 2.77 | 3.30 |
| as dúas | 2.84 | 3.35 |
| outras | 2.75 | 3.13 |
| LINGUA HABITUAL | | |
| só castelán | 2.42 | 2.62 |
| máis castelán | 2.82 | 3.29 |
| máis galego | 2.87 | 3.62 |
| só galego | 3.16 | 4.11 |
| ENTENDE O GALEGO | | |
| nada | 1.00 | 1.00 |
| pouco | 2.30 | 2.81 |
| bastante | 2.80 | 3.37 |
| moito | 2.93 | 3.66 |
| FALA O GALEGO | | |
| nada | 2.58 | 2.59 |
| pouco | 2.52 | 2.88 |
| bastante | 2.79 | 3.41 |
| moito | 3.03 | 3.83 |
| LE O GALEGO | | |
| nada | 2.89 | 3.39 |
| pouco | 2.79 | 3.40 |
| bastante | 2.81 | 3.40 |
| moito | 2.99 | 3.87 |
| ESCRIBE O GALEGO | | |
| nada | 2.74 | 3.29 |
| pouco | 2.83 | 3.43 |
| bastante | 2.89 | 3.59 |
| moito | 3.10 | 4.09 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | |
| familia | 2.93 | 3.66 |
| escola | 2.79 | 3.24 |
| amigos | 2.91 | 3.78 |
| veciños | 2.68 | 2.58 |
| traballo | 2.77 | 3.37 |
| outros | 2.48 | 2.74 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.2.3. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Lugo-2*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.83 | 3.22 |
| LINGUA INICIAL | | |
| galego | 2.89 | 3.31 |
| castelán | 2.65 | 2.92 |
| as dúas | 2.77 | 3.17 |
| outras | 2.90 | 3.67 |
| LINGUA HABITUAL | | |
| só castelán | 2.37 | 2.37 |
| máis castelán | 2.67 | 2.92 |
| máis galego | 2.76 | 3.26 |
| só galego | 3.03 | 3.46 |
| ENTENDE O GALEGO | | |
| pouco | 2.40 | 2.31 |
| bastante | 2.79 | 3.10 |
| moito | 2.89 | 3.38 |
| FALA O GALEGO | | |
| nada | 2.06 | 1.89 |
| pouco | 2.58 | 2.81 |
| bastante | 2.86 | 3.19 |
| moito | 2.92 | 3.47 |
| LE O GALEGO | | |
| nada | 2.54 | 2.84 |
| pouco | 2.83 | 3.10 |
| bastante | 2.88 | 3.41 |
| moito | 3.02 | 3.74 |
| ESCRIBE O GALEGO | | |
| nada | 2.64 | 2.94 |
| pouco | 2.88 | 3.19 |
| bastante | 2.90 | 3.43 |
| moito | 2.98 | 4.09 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | |
| familia | 2.86 | 3.26 |
| escola | 2.75 | 3.01 |
| amigos | 2.99 | 3.68 |
| veciños | 2.38 | 2.61 |
| traballo | 3.00 | 2.75 |
| outros | 2.77 | 3.33 |

* As medias van de 1 (moito máis axeitado o castelán respecto do galego) a 5 (moito menos axeitado o castelán respecto do galego) na variable *Lingua máis axeitada para as clases*, e de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo) na variable *Preferencia polo galego para a escola*.

Táboa 3.3.1 & 2.2.4. Actitude ante o galego como lingua na escola.
Lugo-5*

| | LINGUA MÁIS AXEITADA PARA AS CLASES | PREFERENCIA POLO GALEGO PARA A ESCOLA |
|------------------------|---|---|
| TOTAL SECTOR | 2.80 | 3.51 |
| LINGUA INICIAL | | |
| galego | 2.85 | 3.56 |
| castelán | 2.56 | 3.19 |
| as dúas | 2.48 | 3.26 |
| outras | 3.50 | 3.70 |
No mapa 4 obsérvase que son numerosos os sectores con importantes porcentaxes de poboación partidaria de que os galegos falen unicamente galego (entre un 40% e un 49.9% en dezasete sectores, localizados especialmente nas provincias de Lugo e A Coruña). En cinco sectores, entre un 50% e un 59.9% dos entrevistados son partidarios de que os galegos falen o galego. Finalmente, en once sectores, situados principalmente na costa da Coruña e Pontevedra, entre o 20% e o 39.9% da poboación presentan a mesma actitude.

De acordo coas porcentaxes totais, algo máis da metade da poboación (58.1%) considera que os galegos deben fala-las dúas linguas, mentres un 40% defende que deben falar só galego. A porcentaxe dos que afirman que os galegos deben falar só o castelán é ínfima (1.8%).


Se atendemos á táboa 3.4.2.1.1.0, veremos que a idade non introduce diferencias notorias respecto ó punto de vista dos entrevistados ante a lingua que deben fala-los galegos. Sen embargo, o cadro 3.4.2 amósanos que nos dous grupos de idade máis novos existen importantes diferencias actitudinais ó toma-la lingua habitual como variable de control. Por exemplo, entre os que falan só castelán unicamente un 19.5% de individuos de 16 a 25 anos e un 14.1% de 26 a 40 din que os galegos deberían fala-lo galego. Se a estes lles engadímola dos partidarios do bilingüismo, temos un

95.5% da mostra partidaria de que a lingua galega forme parte do repertorio de uso dos galegos. No caso dos que falan máis castelán ca galego, un 30.4% dos de 16 a 25 anos e un 21.8% dos de 26 a 40 inclínanse polo monolingüismo en galego (pero se temos en conta a alternativa bilingüe, o uso do galego é desexado por un 99.5% en ámbolos grupos). Tomando como referencia os monolingües en galego destas mesmas idades, resulta maioritaria a tendencia a coidar que os galegos deben falar unicamente galego (67.7% nos suxeitos de 16 a 25 anos e 62% nos de 26 a 40). O 32.3% e 37.9% dos mesmos desexarían prácticas bilingües. En calquera dos dous grupos de idade a elección do monolingüismo en castelán é inferior ó 4.5%. Practicamente a totalidade da mostra que elixe 'o castelán' faino xunto co galego, dentro da opción 'as dúas'.

Cadro 3.4.2. Actitude ante a lingua que deben fala-los galegos nos grupos de idade máis novos segundo a lingua habitual

| Lingua habitual | Idade | |
|-----------------|---------|---------|
| | 16 a 25 | 26 a 40 |
| só castelán | 32.9% | 31.2% |
| o castelán | 3.9% | 4.5% |
| as dúas | 76.6% | 81.4% |
| o galego | 19.5% | 14.1% |
| máis castelán | 33.2% | 30.8% |
| o castelán | 0.6% | 1.0% |
| as dúas | 69.1% | 77.1% |
| o galego | 30.4% | 21.8% |
| máis galego | 15.2% | 27.7% |
| o castelán | 0.2% | 0.3% |
| as dúas | 51.5% | 57.0% |
| o galego | 48.4% | 42.7% |
| só galego | 12.1% | 20.2% |
| o castelán | 0.0% | 0.2% |
| as dúas | 32.3% | 37.9% |
| o galego | 67.7% | 62.0% |

O nivel de estudos dos entrevistados, pola súa parte, relaciónase coa súa actitude, xa que, a maior nivel educativo, menor tendencia a responder que os galegos deben fala-lo galego e maior a optar polas conductas bilingües. No gráfico 3.4.4 vemos que se o 49.6% dos que non teñen ningún estudio se amosa partidario de que os galegos falen os dous idiomas, entre os universitarios obtemos un 70.4%.

Gráfico 3.4.4. *Lingua que deben fala-los galegos segundo o nivel de estudos*

En canto á clase social, canto máis alta, máis xeneralizada está a opinión de que os galegos deben fala-las dúas linguas. Así, mentres o 48.7% de entrevistados de clase baixa elixe esta opción, na clase media-alta ascende ó 69.2%. A escolla do galego como lingua que deban fala-los galegos descende neste mesmo sentido, pasando dun 49.7% da clase baixa a un 28.2% da media-alta. A preferéncia polo castelán é moi baixa en tódolos grupos socioeconómicos e vai aumentando levemente entre a clase máis baixa e a máis elevada.

Por grupos profesionais temos tamén unha maioritaria elección do valor 'as dúas', con porcentaxes que oscilan entre un 81.3% dos profesionais liberais e un 52.2% dos mariñeiros. Os labregos constitúen a excepción, xa que un 52.3% dos mesmos cre que os galegos deben fala-lo galego.

Polo que atinxe ó hábitat de residencia, detéctase un evidente predominio da opción 'as dúas' no urbano (70%). Nos restantes tipos de hábitat a elección deste valor descende considerablemente, incrementándose as porcentaxes correspondentes a 'o galego'. Hai que ter en conta, ademais, que o periurbano presenta

porcentaxes algo máis elevadas en dito valor cás vilas (41.2% fronte ó 38.9%). Cómpre poñer en relación esta distribución porcentual coa lingua habitual predominante en cada tipo de hábitat: canto máis galego se fala nel, en maior medida se opina que a lingua que deben fala-los galegos é o galego. Ó termos en conta o hábitat de nacemento, como figura no cadro 3.4.3, descubrimos unha importante diferenza de actitude entre os que naceron no rural e continuaron residindo nese medio e os que se mudaron ó urbano. A opinión dos primeiros repártese case exclusivamente entre os partidarios dunha Galicia bilingüe (49.8%) e os que a prefiren monolingüe en galego (48.8%). Nos que se trasladaron ó urbano seguen a ser estas as respostas predominantes, aínda que a primeira está máis xeneralizada (63.2% fronte a un 34.4%).

Cadro 3.4.3. *Actitude dos nacidos no rural sobre a lingua que deben fala-los galegos segundo o seu hábitat de residencia actual*

| | rural | urbano |
|------------|-------|--------|
| o castelán | 1,3% | 2,2% |
| as dúas | 49,8% | 63,2% |
| o galego | 48,8% | 34,6% |

Por lingua inicial, obsérvase un gran predominio do valor 'as dúas' nos castelanfalantes iniciais (73.3%), que se mantén nos bilingües, se ben en menor grao (65.9%), e redúcese bastante nos galegofalantes iniciais (49.7%). Neste grupo hai unha porcentaxe bastante elevada de suxeitos que desexan que os galegos falen só galego (48.9%).

En canto á lingua habitual (cf. táboa 3.4.2.1.2.0), a tendencia a pensar que os galegos deberían fala-lo galego aumenta canto maior é a súa presenza nas prácticas diarias. Así, mentres no caso dos monolingües en castelán un 15.1% defende esta opinión e un 78.9% prefere que os galegos falen as dúas linguas, temos un 56.8% de galegofalantes monolingües que optan porque se use só o galego e un 42.1% que se decide polo bilingüismo.

No que se refire á competencia lingüística en galego, non tódalas destrezas posúen idéntica relevancia na actitude analizada. Así, as capacidades de lectura e escritura están pouco relacionadas

con diferencias actitudinais. No caso da comprensión do galego, temos unha porcentaxe non despreziable de suxeitos que non o entenden nada e cren que os galegos deben fala-lo castelán (22.7%). Sen embargo, hai que ter en conta que o número de individuos sen competencia na comprensión do idioma é moi baixo. Os que o entenden pouco, pola súa banda, presentan unha porcentaxe máis elevada de resposta en 'as dúas' (74.8%) cós restantes grupos. A capacidade para falalo parece se-la destreza máis directamente relacionada coa actitude aquí analizada. Aquela vai asociada a un descenso progresivo das porcentaxes en 'as dúas' e a un aumento paralelo en 'o galego' a medida que a competencia é maior. Pero a principal diferenza ten lugar entre os dous primeiros grupos (poden falalo pouco ou non o poden falar nada) e os segundos (son capaces de falalo bastante ou moito). Así, un 75.6% de entrevistados que teñen pouca competencia oral activa cren que os galegos deben fala-las dúas linguas, pero entre os que o falan bastante a porcentaxe redúcese a un 56.8%.

Polo que respecta ós ámbitos de adquisición, o trazo máis destacable é que os que adquiriron o galego no seo familiar teñen porcentaxes considerablemente máis altas na opción 'o galego' cós outros grupos: mentres nos primeiros acada o 44.1% nos demais oscila entre o 25.5% e o 20.1%. Ademais, quen adquiriu a lingua galega no seo familiar decántase en menor medida polo bilingüismo (54.3%) cós que a aprenderon por outros medios. Pese a todo, a opción bilingüe é a predominante en tódolos grupos, oscilando entre o 54.3% e o 75.6%.

3.4.2.1.2. *Lingua que deben fala-los galegos por sectores*

A maioría da poboación dos seis sectores é partidaria de que os galegos falen as dúas linguas (cf. táboas 3.4.2.1.1.1 a 3.4.2.1.1.6). Esta opción acada unha porcentaxe especialmente elevada na cidade da Coruña (75%). En Pontevedra e Ourense-4 descende algo respecto da Coruña, incrementándose a dos que cren que os galegos deberían fala-lo galego (35.5% e 34.1% respectivamente). Nos demais sectores, aínda que a resposta 'as dúas' continúa sendo a máis elixida, xa non é tan elevada coma nos anteriores. As porcentaxes de suxeitos partidarios do uso do galego acadan un 45.6% en Lugo-5 e un 40.9% en Santiago.

Non hai unha tendencia definida nas diferencias actitudinais relacionadas coa idade. Se se comparan as porcentaxes globais de resposta acadadas por cada valor coas dos diferentes grupos de idade, verase que son moi semellantes. Tampouco existen tendencias de resposta compartidas por tódolos sectores. Así, mentres en Santiago se dá un descenso leve, pero progresivo, dos partidarios do bilingüismo segundo aumenta a idade, en Pontevedra os que máis elixen esta opción son os de 26 a 40 anos e en Lugo-5 os maiores de 65.

Cadro 3.4.4. *Lingua que deben fala-los galegos segundo o nivel de estudos recodificados por sectores*

| | o castelán | as dúas | o galego |
|-------------------|------------|---------|----------|
| <i>A Coruña</i> | | | |
| ningún | 3.2% | 75.0% | 21.8% |
| primarios | 3.4% | 69.0% | 27.6% |
| secundarios | 3.5% | 70.4% | 26.1% |
| universitarios | 2.2% | 79.2% | 18.6% |
| <i>Santiago</i> | | | |
| ningún | 3.3% | 81.1% | 15.6% |
| primarios | 1.1% | 58.0% | 40.9% |
| secundarios | 1.6% | 45.2% | 53.2% |
| universitarios | 0.9% | 52.9% | 46.3% |
| <i>Pontevedra</i> | | | |
| ningún | 0.4% | 62.1% | 37.5% |
| primarios | 1.8% | 65.1% | 33.1% |
| secundarios | 3.6% | 60.9% | 35.5% |
| universitarios | 5.6% | 50.0% | 44.4% |
| <i>Ourense-4</i> | | | |
| ningún | 4.6% | 52.3% | 43.2% |
| primarios | 3.8% | 63.7% | 32.4% |
| secundarios | 0.9% | 81.0% | 18.1% |
| universitarios | 1.3% | 54.9% | 43.8% |
| <i>Lugo-2</i> | | | |
| ningún | | 46.7% | 53.3% |
| primarios | 1.6% | 51.6% | 46.8% |
| secundarios | 0.5% | 68.2% | 31.3% |
| universitarios | 1.1% | 56.2% | 42.7% |
| <i>Ourense-4</i> | | | |
| ningún | 0.7% | 65.1% | 34.1% |
| primarios | | 73.2% | 26.8% |
| secundarios | 1.1% | 61.0% | 37.9% |
| universitarios | | 76.7% | 23.3% |
| <i>Lugo-5</i> | | | |
| ningún | 0.9% | 66.1% | 33.9% |
| primarios | 0.8% | 53.5% | 45.6% |
| secundarios | 1.0% | 40.9% | 58.3% |
| universitarios | 0.4% | 52.6% | 46.4% |
| | 1.0% | 59.7% | 39.9% |
| | | 64.8% | 34.3% |

Na maior parte dos sectores, excepto Lugo-2 e Ourense-4, prodúcese un incremento dos que prefiren conductas bilingües a medida que os estudos son máis elevados, con diferencias intergrupais que

oscilan entre os 12 puntos da Coruña e os 31 de Pontevedra (véxase o cadro 3.4.4). Así mesmo, nestes sectores, a porcentaxe de respostas favorables ó monolingüismo en galego descende progresivamente segundo aumentan os estudos. Deste xeito, en Santiago o 53.2% de entrevistados sen estudos que elixen este valor redúcese a un 33.1% no grupo con estudos universitarios. Pola contra, en Lugo-2 e Ourense-4 os entrevistados deste nivel de estudos amósanse máis partidarios de que os galegos falen unicamente galego cós que só acadaron estudos secundarios.

A preferencia do bilingüismo aumenta coa clase social en tódolos sectores, excepto en Lugo-5 (cf. táboas 3.4.2.1.1.1 e ss). Pontevedra e Lugo-2 rexistran a maior diferenza entre a clase baixa e a media-alta, con 32.4 e 35.8 puntos respectivamente —nembargante, hai que ter en conta que en Pontevedra o número de entrevistados de ámbolos dous grupos socioeconómicos é moi baixo. En case tódolos sectores, os partidarios do monolingüismo en galego diminúen segundo pasamos dun grupo socioeconómico a outro superior, feito que resulta especialmente salientable na Coruña e en Lugo-2: na primeira, dun 30.1% de suxeitos de clase baixa que responden que os galegos deberían falar só galego, pasamos a un 8.8% nos de clase media-alta; no segundo prodúcese unha caída de 35.8 puntos entre os dous grupos socioeconómicos. Finalmente, en Lugo-5 a penas se observan diferenzas actitudinais entre as tres primeiras clases (entre un 52.7% e un 54.1% elixen a opción 'as dúas'). A media-alta mantén a actitude máis favorable a que os galegos utilicen as dúas linguas (61.7%).

Polo que se refire ó hábitat de residencia, apréciase un comportamento bastante diferente dunha cidade a outra. O periurbano da Coruña amosa actitudes máis favorables a que os galegos empreguen as dúas linguas (85.7%) có urbano (74.9%); non obstante, convén subliñar que o número de residentes neste hábitat é moi baixo (N=14). En Santiago non hai grandes diferenzas de actitude entre os entrevistados que viven nun ou noutro tipo de hábitat, contrariamente ó que sucede en Pontevedra. Neste último sector, mentres o 73.9% da mostra do urbano di que os galegos deben fala-las dúas linguas, no periurbano redúcese a un 48.4%, sendo aquí moi destacable a porcentaxe de suxeitos que prefiren exclusivamente o galego (46.5%). Nos demais sectores, a opción 'as dúas' ten tanto menos peso canto menos urbano é o hábitat.

Por lingua inicial, percíbese en tódolos sectores un aumento das porcentaxes dos que consideran que os galegos deben falar só o galego na medida en que medra a súa presenza como primeira lingua. Así, os bilingües iniciais participan desta actitude en maior grao cós castelanfalantes, pero menos cós galegofalantes. Este subgrupo lingüístico acada a porcentaxe máis alta en 'o galego' na cidade de Santiago (52%), superando mesmo a de sectores rurais onde esta é a lingua inicial maioritaria, coma Lugo-5 (48.3%). Sen embargo, os castelanfalantes iniciais e, en menor medida, os bilingües iniciais de tódolos sectores elixen maioritariamente o valor 'as dúas' (cf. táboas 3.4.2.1.2.1 e ss).

Respecto á lingua habitual, o descenso das porcentaxes da opción 'as dúas' segundo o galego vai ocupando máis espazo nos usos diarios oscila entre os 42.8 puntos de Santiago e os 27 de Lugo-5. Tal opción é elixida maioritariamente por tódolos grupos lingüísticos salvo os monolingües habituais en galego, que responden na súa maior parte que os galegos deben falar unicamente esta lingua, con porcentaxes que van do 63.8% de Santiago ata o 51.2% de Lugo-5. A única excepción constitúea Ourense-4, sector no que un 48.4% dos galegofalantes monolingües se inclina polo uso exclusivo do galego.

No relativo á competencia lingüística en galego, a cidade da Coruña presenta porcentaxes de entrevistados con pouca ou ningunha competencia lingüística que coidan que os galegos deben fala-lo castelán máis elevadas cós outros sectores. Na táboa 3.4.2.1.2.1 pódese comprobar que se manifesta deste xeito o 13.2% dos que non poden fala-lo galego e o 14.1% dos que non poden lelo. Sen embargo, en tódolos niveis de competencia a actitude dominante (superior ó 70%) é a dos que optan por prácticas bilingües. Outra das diferenzas fundamentais entre a cidade da Coruña e os demais sectores é que, na primeira, os partidarios do monolingüismo en galego son escasos, incluso entre os que teñen mellor competencia nesta lingua (non superan o 26.9%). Pola contra, un 43.5% de entrevistados en Pontevedra capaces de falar moi ben o galego desexan que se fale de xeito exclusivo —do mesmo modo se manifesta o 42.2% de entrevistados con elevada capacidade de escritura. En Santiago, pola súa banda, máis da metade da poboación capaz de falar ou escribir moito o galego amosa esta mesma actitude, que en Ourense-4 chega ó 51.5% na competencia oral e ó 60% na escrita.

En canto ós ámbitos de adquisición, os que aprenderon o galego no dominio familiar amosan maior tendencia a responder en favor do monolingüismo en galego, especialmente en Lugo-2, Lugo-5 e Santiago. En tódolos sectores, excepto en Lugo-2, os que aprenderon o galego na escola acadan porcentaxes bastante máis altas cás totais no valor 'as dúas', especialmente Lugo-5 e Ourense-4 (cf. táboas 3.4.2.1.2.4 e 3.4.2.1.2.5).

3.4.2.2. Percepción da frecuencia de uso actual do galego respecto a períodos anteriores

3.4.2.2.1. Percepción do uso actual do galego respecto a períodos anteriores (en Galicia)

Coa inclusión destas tres preguntas na presente investigación pretendíase coñecer a opinión da poboación sobre a evolución da lingua galega no último medio século. Dados os importantes cambios políticos, sociais e demográficos que experimentou Galicia neste período, cumpría saber se estas cuestións, xunto coa presenza do galego en ámbitos dos que ata hai ben pouco estaba ausente, influíran nalgunha medida sobre as valoracións que realizan os cidadáns galegos na actualidade. Realizaremos a seguir un achegamento de carácter xeral á visión que os galegos teñen da evolución da lingua da comunidade, a partir de tres referencias temporais distanciadas quince anos entre si.

En conxunto, obsérvase como a maior parte dos informantes opinan que o uso do galego aumentou. Cando a referencia temporal son 10 anos, son desta opinión o 75.5%, mentres que ó referirmonos ós 25 anos, a porcentaxe sitúase no 66.9% e no 61.2% ó facelo nos 40 anos (véxase o gráfico 3.4.5). A diminución destas porcentaxes é paralela ó aumento dos que opinan que o galego se fala hoxe menos. Canto máis nos retrotraemos no tempo, maior é o número dos que non saben ou non poden contestar.

A distribución por idade mostra que as diferencias entre uns grupos e outros, aínda sendo significativas, non son de envergadura. Os que opinan que o galego se fala máis unicamente baixan do 50% no grupo de 16 a 25 anos cando a referencia temporal son 40 anos (gráfico 3.4.6). Esta porcentaxe é a que aparece cando a referencia son 25 anos. Os individuos que en maior medida pensan que

Gráfico 3.4.5. O galego fálase...





Gráfico 3.4.6. Percepción do maior uso actual do galego segundo a idade



o galego se fala máis son os comprendidos entre 41 e 65 anos, e os que menos os de 16 a 25 anos³³.

Por outra banda, o ascenso na clase social está asociado tamén coa percepción de que o uso do galego aumentou, mentres que por hábitat os que máis perciben este incremento son as persoas que naceron no rural e as que viven no medio urbano.

Respecto ó perfil sociolingüístico, en canto á lingua inicial os que máis notan un incremento no uso do galego son os galegofalantes, a seguir os castelanfalantes e logo os bilingües. Por lingua habitual observan unha extensión do uso sobre todo os que teñen como lingua única ou prioritaria o galego. En canto ás competencias, percíbese con máis nitidez o progreso do galego entre os individuos con máis competencia oral, con bastante ou pouco dominio da lectura e pouco ou ningún da escritura. Finalmente, os que adquiriron esta lingua na escola son os que menos notan o seu incremento.

3.4.2.2.2. Percepción do uso actual do galego respecto a períodos anteriores por sectores

Por idade, a tendencia apunta a que os grupos que máis pensan que o uso do galego se incrementou son os de 26 a 40 e 41 a 65 anos. Ó ofrecer como referencia temporal os 25 anos, normalmente a porcentaxe do primeiro destes grupos é superior, e cando son 40 anos é máis alta a dos de 41 a 65 anos.

Segundo os estudos, acostuma manterse a tendencia a que os titulados medios sexan os que en maior medida opinan que o galego se fala hoxe máis ca antes, do mesmo xeito que existe a tendencia a que nos niveis de instrución elevados consideren máis persoas que actualmente se incrementou o uso do galego.

Igual ca no conxunto de Galicia, canto máis alta é a clase social maiores son as porcentaxes do valor 'fálase máis'. A excepción

³³ As baixas porcentaxes do grupo de 16 a 25 anos están relacionadas, entre outros factores, coa menor perspectiva temporal que estes posúen, reflectida por outra banda no maior número de 'non contesta' existentes neste grupo.

máis salientable constitúea A Coruña, onde a tendencia é inversa: canto máis alta é a clase social menos xente considera que o galego viu incrementado o seu emprego nos últimos anos.

O hábitat de nacemento onde máis se percibe un aumento do uso do galego tamén é o rural, como acontecía no conxunto de Galicia. En canto á lingua habitual, acostuma tamén manterse a tendencia a que canto máis se fala galego máis se percibe o aumento do seu emprego na actualidade, especialmente cando a referencia temporal son 10 anos.


Finalmente, os que menos detectan que o uso do galego aumentase na actualidade son quen o aprenderon a falar na escola, tal como observabamos no conxunto de Galicia.

3.4.2.3. Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística

Neste epígrafe estudiamos dúas variables de actitude, correspondentes ás preguntas 97 (*Se vostede se dirixe a alguén en galego e lle contesta en castelán, ¿que pensa?*) e 98 (*Se vostede se dirixe a alguén en castelán e lle contesta en galego, ¿que pensa?*). As posibilidades de resposta organízanse nunha escala de 1 a 5, onde, coma sempre, se dá o valor máis alto á actitude máis favorable para o galego, e o máis baixo á menos favorable; na p. 97, o valor 5 corresponde á opción 'é de mala educación', o 4 a 'non é moi correcto', o 3 a 'indiferente', o 2 a 'é algo normal' e o 1 a 'gústame'; na p. 98, xustamente á inversa.

Ámbalas dúas variables refírense a situacións comunicativas nas que o entrevistado se dirixe a alguén nunha lingua e o interlocutor, no canto de amosar unha conducta converxente, responde na outra. A converxencia é un fenómeno de acomodación lingüística polo cal o falante emprega unha variedade lingüística semellante á do seu interlocutor. Adoita interpretarse como unha marca de solidariedade, mentres a diverxencia (ou uso dunha variedade concibida como diferente), adoita ser unha indicación de distancia social. Aquí consideramos que as 'variedades lingüísticas' de posible uso por parte dos falantes son o galego e o castelán; trátase dunha etiquetaxe discutible desde o punto de vista lingüístico (pénsese nas mesturas de ambas linguas e no seu posible signifi-

Gráfico 3.4.7. Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística



cado comunicativo); mais é a única posible debido á metodoloxía na que se sustenta o MSG, que non nos permite detecta-lo uso de variedades dunha mesma lingua nin mestura ou cambio de códigos. Por outra banda, o noso interese aquí céntrase en descubrir-las actitudes cara ó fenómeno máis có fenómeno en si, o que resulta perfectamente factible coa metodoloxía actual.

Os resultados estatísticos destas dúas variables para o conxunto de Galicia (gráfico 3.4.7) indican que algo máis do 40% dos entrevistados optan polo 'indiferente', é dicir, a resposta maiormente escollida é a que non implica unha valoración negativa nin positiva diante dunha escolla lingüística non converxente por parte do seu interlocutor. Arredor dun 30% da mostra di que a falla de converxencia 'é algo normal', tanto se o interlocutor responde en castelán coma se o fai en galego, de maneira que os informantes se inclinan máis por unha valoración positiva ca negativa en calquera das dúas variables. Sen embargo, cómpre salientar que a porcentaxe de entrevistados que consideran pouco correcta a resposta non converxente é 11,4 puntos superior cando son contestados en castelán ca cando o son en galego. As respostas extremas son claramente minoritarias. Destaca, en calquera caso, que un 17,4% de entrevistados manifeste o seu agrado

('gústame') ante a contestación non converxente en galego, mentres só un 1,7% afirma o mesmo se a resposta é en castelán.

As escasas valoracións negativas poden reflectir que moitos dos informantes non interpretan o uso dunha lingua diferente (galego ou castelán) como marcador dalgún tipo de distancia social, senón como unha escolla lingüística neutra. De tódolos xeitos, das diferencias entre unha e outra variable pódese inferir que a actitude diante dun interlocutor que mantén o galego cando o informante fala en castelán é mellor cá actitude diante dun interlocutor que fala en castelán cando o informante se dirixe a el en galego. É interesante contrastar este dato coas prácticas de acomodación lingüística que din te-los falantes e que, segundo se indicaba no II volume do MSG, mostran unha maior tendencia a converxer cara ó galego que cara ó castelán³⁴.

Os cruzamentos coas variables sociais e lingüísticas (táboas 3.4.2.3a.1.0, 3.4.2.3a.2.0, 3.4.2.3b.1.0 e 3.4.2.3b.2.0) mostran unha considerable homoxeneidade intergrupar, con tendencias coincidentes, globalmente, coas xa indicadas nas porcentaxes xerais. Aquí unicamente comentaremos os resultados de maior interese, obtidos ó cruzarmos estas dúas actitudes coas competencias, a lingua inicial e a lingua habitual. Non se analizarán tampouco os resultados por sectores (xa que o lector pode consultalos nas táboas 3.4.2.3a.1.1 en diante e 3.4.2.3b.1.1 en diante).

As variacións máis destacables prodúcense cando se considera a capacidade para entende-lo galego, onde o 39,3% dos entrevistados que non o entenden 'nada' considera que un interlocutor que manteña esta lingua cando eles lle falan en castelán amosa 'mala educación' ou 'non é moi correcto', mentres o 100% deste grupo se mostra indiferente cando o interlocutor emprega o castelán (lémbrese que o número de casos é bastante reducido). Nas restantes competencias obsérvase unha tendencia a valorar máis positivamente a diverxencia en galego e máis negativamente a diverxencia en castelán consonte maior é a competencia en galego, aínda que non se trata dunha orientación completamente regular e a maior parte da poboación segue sendo indiferente.

³⁴ Consúltase o volume II do MSG, capítulo 6.1.

No tocante á lingua inicial dos entrevistados, tanto para os que aprenderon a falar en galego como para os que o fixeron en castelán a opción máis frecuente é o indiferente (con porcentaxes entre o 40% e o 46%). Ámbolos grupos valoran máis positivamente a resposta diverxente en galego. Dentro das respostas extremas, é dicir, aquelas que supoñen unha valoración moi negativa ('é de mala educación') ou moi positiva ('gústame'), un 21.8% dos que aprenderon a falar en galego afirman que lles gusta ser contestados en galego cando se dirixen a alguén en castelán, mentres só un 1.9% di o mesmo para a resposta non converxente en castelán; tamén son máis (un 11.1%) os castelanfalantes iniciais que valoran moi positivamente a ausencia de converxencia cunha resposta en galego có mesmo fenómeno con resposta en castelán (un 1.5%). Pola contra, uns e outros evitan afirmar que calquera das condutas diverxentes son de mala educación, pois as porcentaxes correspondentes a esta opción non superan o 5.2%, salvo o caso dos que aprenderon a falar noutras linguas (un 11% escolle esta opción cando o interlocutor responde en castelán). Os bilingües iniciais teñen sempre porcentaxes intermedias entre estes dous grupos. En consecuencia, pódese dicir que tódolos grupos de lingua inicial tenden a evitar unha resposta claramente negativa, así como a valoraren máis positivamente o feito de seren contestados en galego cando falan en castelán có de seren constestados en castelán cando falan en galego.

O cruzamento coa lingua habitual dos entrevistados aparece, con esta variable recodificada en castelanfalantes (só/máis castelán) e galegofalantes (só/máis galego), nos gráficos 3.4.8 e 3.4.9. Os galegofalantes habituais amosan unha menor coincidencia entre as respostas correspondentes a cada unha das dúas variables analizadas: destaca o 22.1% que gusta de ser contestado en galego cando fala en castelán, así como o feito de que só un 7.4% considera 'non moi correcta' a resposta diverxente en galego, mentres esta porcentaxe sobe ata o 21.7% cando a resposta é en castelán. Respecto dos castelanfalantes, obsérvase que se mantén a tendencia (sinallada para o conxunto de Galicia) a evitar en maior medida as valoracións negativas cando a lingua en que son contestados é o galego, aínda que neste caso as diferencias entre unha e outra variable son mínimas.

Gráfico 3.4.8. Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística nos galegofalantes habituais (só/máis galego)





Gráfico 3.4.9. Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística nos castelanfalantes habituais (só/máis castelán)



3.4.3. Actitudes cara á transmisión da lingua

3.4.3.1. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa e razóns

3.4.3.1.1. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa e razóns (en Galicia)

O ámbito familiar é, sen dúbida, fundamental para a transmisión da lingua. Por iso, consideramos que era importante preguntarlles ós entrevistados que lingua pensan que se lles debe aprender ós nenos na casa, para coñece-la súa actitude ante tal forma de transmisión. Ademais, quixemos indagar tamén nas razóns da súa resposta, calquera que fose esta.

O interese desta variable non se limita á análise dos cruzamentos habituais que se veñen realizando ao longo deste volume, senón que se estende ó seu contraste coas opinións sobre cal será o futuro das linguas en Galicia, ó aprecio do entrevistado polo galego, ás actitudes cara á lingua no ensino, etc. As comparacións deste tipo ampliarían excesivamente unha obra xa de por si voluminosa, sen embargo o lector ten a posibilidade de facelas a partir das táboas que se ofrecen ó final de cada sección.

As porcentaxes relativas ó conxunto de Galicia (cf. táboa 3.4.3.1.1.0) revelan tendencias ben definidas: a maioría dos entrevistados (72%) cre que se lles deben aprende-las dúas linguas, mentres un 21.4% considera que só se lles debe aprender galego, moi por riba dos que optan en exclusiva polo castelán (6.6%). Esta distribución mantense, con lixeiras variacións, en tódolos grupos de entrevistados que identificamos no noso estudio.

Non atopamos diferencias importantes entre os diversos grupos de idade (cf. táboa 3.4.3.1.1.0), dado que as porcentaxes se manteñen ó redor das do conxunto da mostra. Pódese sinalar, sen embargo, que conforme aumenta a idade diminúe a opción bilingüe e medran lixeiramente as monolingües.

En canto ó nivel de estudos (cf. táboa 3.4.3.1.1.0 e cadro 3.4.5), detéctase unha tendencia a considerar en maior medida que o galego é a lingua que se lles debe aprender en exclusiva na casa segundo o grao de estudos é menor. Case unha terceira parte dos

que non teñen estudos pensa que se lles debe aprender só o galego, 18.8 puntos por riba dos que teñen estudos universitarios. Cabe subliñar que o aumento do grao de estudos non significa un incremento apreciable da opción 'castelán' (non pasa do 7.6%), senón da bilingüe.


Cadro 3.4.5. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa segundo os estudos recodificados en Galicia

Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa

| | castelán | as dúas | galego |
|----------------|----------|---------|--------|
| Total Galicia | 6.6% | 72.0% | 21.4% |
| ningún | 7.5% | 60.4% | 32.1% |
| primarios | 6.7% | 69.8% | 23.6% |
| secundarios | 5.3% | 79.3% | 15.4% |
| universitarios | 7.6% | 79.1% | 13.3% |

Obsérvase unha tendencia semellante no cruzamento coa clase social (cf. táboa 3.4.3.1.1.0 e gráfico 3.4.10): canto máis baixa é esta, en maior medida se prefire o galego en exclusiva (acada o 27%). O ascenso na clase non leva aparelado o incremento da escolla do castelán (que nunca sobrepasa o 9.9%), senón do bilingüismo.


Gráfico 3.4.10. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa segundo a clase social



A distribución polas diferentes profesións seméllase bastante á do total de Galicia. Labregos e mariñeiros teñen as porcentaxes máis altas na opción 'galego' (34.5% e 32.5% respectivamente), e os profesionais liberais en 'castelán' (14.9%). A opinión de que ós nenos se lles debe dar unha educación bilingüe oscila entre o 60.9% e o 78.3%. Non hai diferencias apreciables entre as respostas dos dous sexos.

Canto menos urbano é o hábitat de residencia (cf. táboa 3.4.3.1.1.0 e gráfico 3.4.11), en maior medida se escolle só o galego, valor que acada o 30.8% no rural-2 fronte ó 10.1% do urbano. Este incremento vai acompañado do descenso da preferencia do bilingüismo, xa que o castelán a penas varía.

Gráfico 3.4.11. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa segundo o hábitat de residencia




Para comprobar doutro xeito o efecto do hábitat de residencia sobre os entrevistados, cruzamos con el a variable *Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa*, mantendo como variable de control o hábitat de nacemento. Dito doutro xeito, agrupámo-los individuos segundo o seu hábitat de nacemento e posteriormente, para cada un deses grupos, cruzámo-la variable que estamos a describir co

hábitat de residencia dos entrevistados. Deste xeito podemos contrastar, por exemplo, a actitude dos que naceron no urbano e viven en vilas coa dos que naceron e viven no urbano. A través deste procedemento constatamos que o cambio de hábitat de nacemento (que quizais foi o da infancia) respecto do de residencia reflíctese nun cambio de actitudes non sempre marcado, pero si tanto maior canto maior diferenza existe entre ambos hábitats.

Polo que atinxe ó cruzamento coa lingua inicial dos entrevistados (cf. táboa 3.4.3.1.2.0), en tódolos grupos predomina claramente a opción bilingüe, que oscila entre o 65.4% e o 83.8%. Canto máis presente está o galego como lingua inicial, en maior medida se considera a única lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa (29.7% nos monolingües iniciais en galego). A opción 'castelán' non supera o 11%.

No cruzamento coa lingua habitual (cf. táboa 3.4.3.1.2.0 e gráfico 3.4.12) apréciase que a medida que o galego está máis presente como lingua habitual, en maior medida se escolle para aprenderlles ós nenos (oscila entre o 3% dos castelanfalantes habituais e o

Gráfico 3.4.12. Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa segundo a lingua habitual



37.7% dos galegofalantes habituais). A escolla do castelán tamén se incrementa canto máis presente está como lingua habitual (18.8% nos castelanfalantes habituais, únicos que superan o 9%). A opción 'as dúas' é sempre claramente maioritaria.

En canto ás competencias lingüísticas (cf. táboa 3.4.3.1.2.0), atopamos tendencias diferentes para as destrezas orais (entender e falar) e as escritas (ler e escribir). O cruzamento coas primeiras reflicte que canto mellor se entende ou fala o galego, máis se apoia que esta é a única lingua que se lles debe aprender ós nenos, tendencia inversa á do castelán, e sempre coa opción bilingüe como maioritaria. Nas competencias escritas, pola contra, atopamos unha relativa homoxeneidade entre tódolos grupos de entrevistados: o galego ten porcentaxes ó redor do 20%, e o castelán medra lixeiramente por riba do 10% tan só cando o entrevistado non pode ler ou escribir nada en galego.

Os ámbitos de adquisición amosan unha constante primacía da opción bilingüe. A escolla do castelán só supera o 10% nos ámbitos de adquisición pouco habituais (veciños, traballo, outros), mentres que a do galego chega ó 24.6% naqueles que o aprenderon na familia (o ámbito de aprendizaxe máis habitual), non superando no resto o 9.5%.

A variable *Causa da escolla dunha(-s) lingua(-s) concreta(-s) para aprenderlles ós nenos na casa* (que analizaremos só superficialmente para o conxunto de Galicia) complementa a variable *Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa*. O seu cruzamento con outras independentes (idade, clase social, lingua habitual, etc.) non semella o procedemento máis productivo de análise: só saberíamos entón que é o que move ante todo a cada grupo sociolóxico a escoller unha lingua (ou linguas) determinada. Pero dous grupos sociolóxicos poden escoller-la mesma opción e diferir nos motivos, e tamén pode varia-la prioridade dun motivo ou outro dependendo da lingua elixida. É difícil logo analizar cruzamentos desta variable con outras independentes sen antes ter en conta a opción lingüística preferida. No cadro 3.4.6 ofrecémo-las frecuencias da variable a comentar para o conxunto de Galicia: como se pode ver, a causa máis aducida para a escolla de calquera das dúas linguas (ou as dúas á vez) é a súa utilidade, seguida por se-la lingua ou linguas de Galicia. A análise destas porcentaxes non achega información demasiado relevante.

Cadro 3.4.6. *Causa da escolla dunha(-s) lingua(-s) concreta(-s) para aprenderlles ós nenos na casa (en Galicia)*

| | |
|---------------------------------|-------|
| se-la lingua habitual dos pais | 11.6% |
| se-la(-s) lingua(-s) de Galicia | 25.6% |
| se-la lingua do Estado | 2.1% |
| utilidade | 57.0% |
| falta de utilidade da outra | 0.5% |
| consideración social da lingua | 0.9% |
| outras razóns | 2.3% |

O cadro 3.4.7 achega información moito máis valiosa, ó ofrecérense nel as porcentaxes das causas de escolla de cada unha das opcións de resposta posibles.

Cadro 3.4.7. *Causa da escolla dunha(-s) lingua(-s) concreta(-s) para aprenderlles ós nenos na casa segundo a lingua escollida (en Galicia)*

| | Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa | | | |
|---------------------------------|---|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | |
| <i>Total Galicia</i> | 6.6% | 72.0% | 21.4% | 100% |
| <i>Causa da escolla</i> | | | | |
| se-la lingua habitual dos pais | 12.1% | 1.4% | 46.0% | |
| se-la(-s) lingua(-s) de Galicia | 0.6% | 20.9% | 49.0% | |
| se-la lingua do Estado | 31.8% | | | |
| utilidade | 27.2% | 76.4% | 1.0% | |
| falta de utilidade da outra | 7.0% | | 0.1% | |
| consideración social da lingua | 7.8% | 0.1% | 1.4% | |
| outras razóns | 13.4% | 1.2% | 2.5% | |

Deste cadro 3.4.7 pódense tirar conclusións interesantes. Entre os que escollen 'as dúas', a motivación preferente é a utilidade (76.4%), seguida de que son as linguas de Galicia. O 21.4% de entrevistados que opta en exclusiva polo galego faino ou ben por se-la lingua de Galicia (49%) ou ben por se-la lingua habitual dos pais (46%). Por último, o 6.6% que escolle só o castelán faino sobre todo por se-la lingua do Estado (31.8%) ou pola utilidade (27.2%), dispersándose máis na súa resposta. Parece claro que este último é un factor importante, sobre todo para os que optan pola educación bilingüe. A seguir, os factores principais son considera-la(-s) lingua(-s) de Galicia (no caso da opción bilingüe e a de só galego) e se-la lingua dos pais (no caso de só galego): ámbalas dúas razóns (se-la lingua

habitual dos pais e se-la(-s) lingua(-s) de Galicia) teñen que ver, en definitiva, coa herdanza cultural como individuo ou como membro dunha comunidade ou colectivo. Aínda que existe un factor denominado especificamente 'consideración social da lingua', queremos subliñar que tódolos manexados axudan a conformar tal consideración social.

3.4.3.1.2. *Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa por sectores*

A distribución das respostas é semellante á atopada no total de Galicia, con algunhas precisións. Se tomámo-las porcentaxes totais dos sectores (cf. táboas 3.4.3.1.1.1 e ss.), vemos que a opción bilingüe está case sempre por riba do 70% (Lugo-5 presenta un 67.3%): A Coruña amosa a porcentaxe máis alta nesta opción (81.4%). Este sector e Pontevedra son os que en menor medida elixen soamente o galego (7.2% e 13.5% respectivamente), e os únicos que soben do 10% en 'castelán' (11.4% e 12.5% respectivamente). A escolla exclusiva do galego está por riba do 20% en catro sectores, acadando o 29.4% en Lugo-5.

Os grupos de idade dos seis sectores presentan na súa maioría porcentaxes semellantes ás totais de cada un deles. É difícil falar da existencia dunha tendencia definida, porque aínda que nalgún a elección exclusiva do galego aumenta consonte o fai a idade, tal medre é demasiado pequeno e non ten paralelo noutros sectores.

O mesmo ca en Galicia, en tódolos sectores se cre en maior medida que ós nenos se lles debe aprender só o galego canto menor é o grao de estudos do entrevistado. Na Coruña, os que non teñen ningún estudio diferénciase claramente do resto, tendencia que parecen compartí-los que teñen estudos secundarios ou universitarios de Pontevedra e Lugo-2 (cf. cadro 3.4.8). A Coruña e Pontevedra amosan as porcentaxes máis altas para 'castelán' (lixeramente superiores ó 10%). As variacións na opción 'galego' discorren paralelas, logo, ás variacións na preferencia do bilingüismo, non na do monolingüismo en castelán.

Cadro 3.4.8. *Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa segundo os estudos recodificados por sectores*

| | castelán | as dúas | galego |
|-------------------|----------|---------|--------|
| <i>A Coruña</i> | 11.4% | 81.4% | 7.2% |
| ningún | 10.5% | 64.9% | 24.6% |
| primarios | 10.8% | 79.9% | 9.3% |
| secundarios | 11.2% | 86.6% | 2.2% |
| universitarios | 12.8% | 82.6% | 4.5% |
| <i>Santiago</i> | 4.8% | 73.3% | 21.9% |
| ningún | 9.8% | 54.1% | 36.1% |
| primarios | 5.3% | 68.4% | 26.4% |
| secundarios | 3.0% | 77.9% | 19.0% |
| universitarios | 4.7% | 79.8% | 15.4% |
| <i>Pontevedra</i> | 12.5% | 74.0% | 13.5% |
| ningún | 13.6% | 59.1% | 27.3% |
| primarios | 12.9% | 68.7% | 18.4% |
| secundarios | 13.4% | 80.8% | 5.7% |
| universitarios | 10.4% | 82.2% | 7.4% |
| <i>Lugo-2</i> | 4.5% | 75.1% | 20.4% |
| ningún | 3.4% | 62.1% | 34.5% |
| primarios | 5.4% | 72.2% | 22.4% |
| secundarios | 2.6% | 83.7% | 13.7% |
| universitarios | 2.2% | 84.3% | 13.5% |
| <i>Ourense-4</i> | 4.4% | 73.0% | 22.7% |
| ningún | | 70.7% | 29.3% |
| primarios | 5.7% | 71.9% | 22.4% |
| secundarios | 3.9% | 79.1% | 17.1% |
| universitarios | | 78.0% | 22.0% |
| <i>Lugo-5</i> | 3.3% | 67.3% | 29.4% |
| ningún | 2.3% | 63.2% | 34.6% |
| primarios | 3.5% | 66.4% | 30.1% |
| secundarios | 1.7% | 71.8% | 26.5% |
| universitarios | 5.7% | 70.5% | 23.8% |

A diferente clase social a penas leva consigo variacións na opción castelán, que só supera o 10% en case tódalas clases sociais da Coruña e na media-baixa e media de Pontevedra (cf. táboas 3.4.3.1.1.1 e s.s.). As porcentaxes máis baixas para o galego atópanse en tódalas clases sociais da Coruña. En Pontevedra aparecen as maiores diferencias interclasis (o 41.7% da clase baixa contesta 'galego', fronte a un 0% da clase media-alta ou un 8.3% da media), un feito que xa fora detectado a propósito doutras variables. Hai unha lixeira tendencia en case tódolos sectores a que as porcentaxes de escolla exclusiva do galego aumenten segundo a clase social é menor. Lugo-5 supón unha excepción, posto que as clases media-baixa e media amosan os índices porcentuais superiores.

En canto á profesión, non rexistramos tendencias claramente definidas, e algunhas pequenas variacións non poden ser estudadas dado o reducido número de entrevistados. Ningún dos sectores presenta unhas diferencias de resposta apreciables entre os dous sexos: a maior diferenza está na escolla en exclusiva do galego en Lugo-5, onde as mulleres se sitúan 7.1 puntos por riba dos homes.

Segundo o hábitat de residencia, e aínda que a tendencia observada para toda Galicia semella reproducirse en tódolos sectores, apréciase unha maior homoxeneidade nas porcentaxes do galego entre os hábitats de cada sector ca entre os do conxunto de Galicia (véxanse Ourense-4 ou Lugo-5). Non sempre é semellante o comportamento dun mesmo tipo de hábitat nun sector e noutro: compárese o urbano da Coruña ou Pontevedra co de Santiago (unha vez máis agrupados deste xeito), fronte á relativa homoxeneidade do hábitat vilego ou do rural-2. Novamente Pontevedra amosa unhas diferencias considerables entre dous grupos sociolóxicos, neste caso entre aqueles que residen no urbano e os do periurbano.

Nos seis sectores é maioritaria a preferencia polo bilingüismo en tódolos grupos de lingua inicial (cf. táboas 3.4.3.1.2.1 e ss.). Se prescindimos dos que tiveron unha lingua inicial diferente do galego ou do castelán, vemos que sempre son os galegofalantes iniciais os que máis escollen a primeira (oscilan entre o 15.3% da Coruña e o 32.6% de Santiago), seguidos dos castelanfalantes iniciais na Coruña, Santiago e Lugo-2, e dos bilingües iniciais no resto. Así mesmo, ó desbota-los que aprenderon a falar noutra lingua, vese que só os castelanfalantes iniciais da Coruña e Pontevedra presentan porcentaxes superiores ó 10% na opción 'castelán'.

En tódolos sectores, canto máis presente está o galego na lingua habitual do entrevistado, en maior medida cre que os nenos se lles debe aprender en exclusiva o galego, ó igual que ocurría no conxunto de Galicia pero de xeito máis ou menos marcado segundo o sector de que se trate. Máis do 30% dos monolingües habituais en galego optan por esta lingua en tódolos sectores (acadan o 45.1% en Santiago). Coa opción 'castelán' ocorre o fenómeno contrario, e só os monolingües habituais en castelán da Coruña, Santiago, Lugo-5 e Pontevedra acadan ou superan o 15% nesta opción, pero de xeito máis ou menos marcado segundo o sector.

As xeneralizacións feitas para toda Galicia en canto ás competencias lingüísticas non son aplicables a tódolos sectores. Aínda que é posible recoñecer algunhas pautas básicas das tendencias vistas, non se poden tratar como tal debido ó considerable número de excepcións. A Coruña e Pontevedra destacan polas altas porcentaxes que na opción 'castelán' presentan os que non teñen competencias orais nin escritas no galego.

En canto ós ámbitos de aprendizaxe, a distribución de respostas observada en Galicia mantense a grandes trazos nos seis sectores. O ámbito familiar, seguido dos amigos, adoitan ter porcentaxes máis altas da opción 'galego' pero, coma no caso que vimos de comentar, a casuística é demasiado variada para detectar tendencias marcadas.

3.4.3.2. *Actitude ante os fenómenos da desgaleguización e (re)galeguización interxeracionais*

Neste epígrafe ofrecemos unha visión xeral das actitudes ante o fenómeno da transmisión lingüística de pais a fillos, partindo de dúas variables que se centran en dous feitos antagónicos:

- a) *a desgaleguización interxeracional*
- b) *a (re)galeguización interxeracional*

Estas dúas variables foron obtidas das preguntas 95, *¿Como valora o feito de que baxa pais galegofalantes que lles falan ós fillos en castelán?* e 101, *¿Como valora o feito de que baxa pais castelanfalantes que lles falan ós fillos en galego?*

A nosa aproximación centrarase no contraste das reaccións ante as dúas preguntas, polo que serán analizadas comparativamente, utilizando dous procedementos de análise distintos: en primeiro lugar, expoñerémo-las porcentaxes totais das dúas variables e o resultado do cruzamento entre ambas; posteriormente, facendo uso de puntuacións medias, describirémo-la relación entre as dúas actitudes obxecto de estudio e as diversas variables independentes que poden relacionarse con elas.

As porcentaxes que figuran nos cadros seguintes amósan-nos que, en liñas xerais, a actitude ante o feito de que pais galego-

falantes lles falen ós seus fillos en castelán é bastante negativa, como se desprende do 53.5% de entrevistados que están total ou parcialmente en desacordo con este feito. Sen embargo, unha gran parte da poboación (41.7%) amosa unha actitude favorable ante o fenómeno contrario, isto é, que pais castelanfalantes lles falen ós fillos en galego. Temos, logo, que en Galicia existe un maior rexeitamento da perda interxeracional do galego ca do castelán.

Cadro 3.4.9. Actitude ante a desgaleguización interxeracional

| | |
|-------------------------|-------|
| Totalmente de acordo | 6.5% |
| Bastante de acordo | 14.3% |
| Indiferente | 25.7% |
| Bastante en desacordo | 23.8% |
| Totalmente en desacordo | 29.7% |

Cadro 3.4.10. Actitude ante a (re)galeguización interxeracional

| | |
|-------------------------|-------|
| Totalmente en desacordo | 10.5% |
| Bastante en desacordo | 14.8% |
| Indiferente | 33.0% |
| Bastante de acordo | 25.1% |
| Totalmente de acord | 16.6% |

Observando os resultados dos cruzamentos entre estas dúas variables, presentados nos cadros 3.4.11 e 3.4.12, vemos que só os que amosan unha actitude indiferente nunha variable tenden a conservala na outra, tal como indican as elevadas porcentaxes de suxeitos na cela correspondente ó cruzamento deste valor). Cómpre destacar que, dos entrevistados que están totalmente en desacordo coa desgaleguización interxeracional, un 53.9% está totalmente de acordo coa regaleguización e só un 11.5% se manifesta en total desacordo con esta.

Cadro 3.4.11. Actitude ante a (re)galeguización interxeracional segundo a Actitude ante a desgaleguización interxeracional

| | <i>(re)galeguización interxeracional</i> | | | | |
|-------------------------|--|-----------------------|-------------|--------------------|----------------------|
| | Totalmente en desacordo | Bastante en desacordo | Indiferente | Bastante de acordo | Totalmente de acordo |
| Totalmente de acordo | 17.9% | 10.4% | 27.5% | 14.7% | 29.5% |
| Bastante de acordo | 4.9% | 15.7% | 28.6% | 43.9% | 6.9% |
| Indiferente | 2.4% | 5.9% | 68.5% | 15.4% | 7.7% |
| Bastante en desacordo | 3.4% | 29.0% | 21.8% | 34.3% | 11.6% |
| Totalmente en desacordo | 24.3% | 11.7% | 14.7% | 19.3% | 30.1% |

Cadro 3.4.12. Actitude ante a desgaleguización interxeracional segundo a Actitude ante a (re)galeguización interxeracional

| | <i>Desgaleguización interxeracional</i> | | | | |
|-------------------------|---|--------------------|-------------|-----------------------|-------------------------|
| | Totalmente de acordo | Bastante de acordo | Indiferente | Bastante en desacordo | Totalmente en desacordo |
| Totalmente en desacordo | 11.0% | 4.5% | 5.4% | 3.8% | 11.5% |
| Bastante en desacordo | 6.9% | 15.2% | 12.4% | 25.1% | 5.9% |
| Indiferente | 5.9% | 10.2% | 53.3% | 15.8% | 12.0% |
| Bastante de acordo | 7.7% | 46.6% | 15.7% | 32.5% | 16.6% |
| Totalmente de acordo | 68.6% | 23.4% | 13.2% | 22.8% | 53.9% |


3.5.2.1. *Quén é máis galego (en Galicia)*

Con esta variable non tentamos indagar en qué trazo define a galeguidade (definición que, por outra banda e para calquera grupo, sería un mosaico de características, feitos, ideas, "lembranzas" colectivas, etc.), senón en qué medida uns grupos identifican o ser galego coa lingua antes ca con outros parámetros. Trátase, en definitiva, de ver quen lle concede á lingua unha maior ou menor importancia ó defini-la galeguidade fronte a outros factores.

Se tomámo-los datos totais de Galicia (cf. táboas 3.5.2.1.0 ou 3.5.2.2.0) vemos que o trazo que, segundo os entrevistados, mellor axuda a ser considerado galego é nacer en Galicia (62.3%),


mentres un 21.4% contesta 'quen vive e traballa aquí', e un 16.3% 'quen fala galego'. A tendencia mantense en tódolos sectores e grupos sociais. Sen embargo, non se pode tirar disto que os entrevistados consideren pouco importante a lingua galega á hora de defini-la galeguidade: no epígrafe 3.5.3 vemos que un 76.8% dos entrevistados cre que se xa non se falase galego, a cultura e a identidade de Galicia perderíanse. Debemos, logo, entende-la variable que nos ocupa non como unha valoración absoluta do papel que a lingua xoga na identidade, senón como unha prelación dalgúns dos trazos que a definen (que poden ser poucos e mesmo non os máis destacados). Para interpretar correctamente a relación entre lingua e identidade e obter datos máis precisos debe ser contrastada coas outras variables deste apartado 3.5 e mesmo algunha das do 3.4.

Tódolos grupos de idade (cf. táboa 3.5.2.1.0) consideran maioritariamente que é máis galego quen naceu en Galicia, aínda que esta actitude debilítase coa menor idade, ó tempo que se consolidan as outras dúas alternativas. Entre os grupos máis novos (cf. gráfico 3.5.3) aumenta a porcentaxe dos que consideran que é máis galego quen fala galego (30.7% nos menores de 26 anos) e a dos que cren que o é quen vive e traballa en Galicia (arredor do 25% nos menores de 41 anos). Canto máis novo é o entrevistado, maior relevancia lle outorga á lingua como indicador da galeguidade, destacando o salto que se produce entre os menores de 26 anos e o resto. Semella que os máis novos teñen maior consideración ca outros grupos polos trazos que se constrúen día a día.

O cruzamento polo nivel de estudos recodificados (véxase o gráfico 3.5.4, no que prescindimos da categoría 'outros'), reflicte que canto maior é tal nivel, máis altas son as porcentaxes de 'quen vive e traballa aquí' (acada o 31.3% nos universitarios) e 'quen fala galego' (26.4% e 23.7% nos de estudos secundarios e universitarios respectivamente). A opción maioritaria 'quen naceu en Galicia' vai do 74.5% nos que non teñen ningún estudio ó 45% dos que teñen estudos superiores.

Segundo a clase social (cf. táboa 3.5.2.1.0) é máis alta, aumentan as porcentaxes de 'quen vive e traballa aquí' e 'quen fala

Gráfico 3.5.3. É máis galego quen... segundo a idade en Galicia




galego' (na clase media-alta chegan ó 25.7% e 22.2% respectivamente), descendendo a de 'quen naceu en Galicia'.

Por grupos profesionais, a opción 'quen naceu en Galicia' oscila entre o 40.7% dos docentes e o 69.8% das amas de casa. A porcentaxe máis alta en 'quen fala galego' preséntana os estudantes e os docentes (34.3% e 26.7% respectivamente); estes segundos tamén teñen unha das máis altas en 'quen vive e traballa aquí', xunto cos profesionais liberais (a máis alta, co 39.2%) e os de titulación superior e media.

Non hai diferencias importantes por sexo, nin os diversos hábitats de residencia amosan porcentaxes diferentes ás totais de Galicia en cada resposta.

Do visto ata aquí tiramos que os grupos sociais que en menor medida empregan o galego (os de menor idade, maior grao de estudos, clase social máis alta, profesións que requiren máis estudos) son os que en maior medida identifican ser galego con fala-la lingua galega, aínda que a opción 'quen naceu en Galicia' sexa sempre claramente maioritaria e 'quen fala galego' raramente supere a de 'quen vive e traballa aquí'.

Gráfico 3.5.4. É máis galego quen... segundo o nivel de estudos



No que atinxe ó cruzamento coa lingua inicial (cf. táboa 3.5.2.2.0), a resposta 'quen naceu en Galicia' supera sempre o 55%, medrando consonte máis presente está o galego como lingua inicial. 'Quen vive e traballa aquí' chega ó 27% nos castelanfalantes iniciais (prescindimos dos que non tiveron o galego ou o castelán como linguas iniciais), mentres 'quen fala galego' non varía substancialmente (oscila entre o 15.5% e o 18.9%).

Segundo a lingua habitual, canto máis se fala o castelán máis se contesta 'quen vive e traballa aquí' (oscila entre o 18.7% e o 28.3%). A opción 'quen fala galego' móvese entre o 10.5% e o 17.7%, e 'quen naceu en Galicia' entre o 55.6% e o 65.1%. Non hai grandes diferencias entre uns grupos e outros, e só os monolingües habituais en castelán rompen a tendencia a que canto máis se fala galego, maiores son as porcentaxes en 'quen naceu en Galicia' e menores as das outras dúas opcións.

No cruzamento coas diferentes competencias lingüísticas (cf. táboa 3.5.2.2.0) cómpre destacar que a resposta 'quen fala galego' aumenta considerablemente segundo melloran as competencias lingüísticas (acada o 27.3% e o 33.5% nas destrezas escritas), descendendo á súa vez a opción 'quen naceu en Galicia' (salvo

entre os que non entenden en absoluto o galego). Ademais, as porcentaxes de 'quen vive e traballa aquí' medran segundo o fan as competencias escritas dos entrevistados, tendencia que se inverte coas competencias orais (entender e falar): oscilan entre o 19.6% e o 39.2%.

Segundo o ámbito no que se adquiriu o galego, os que o aprenderon na escola son os que en maior medida identifican ser galego con fala-la lingua galega (25.6%). Ó ámbito familiar correspóndelle a porcentaxe máis elevada en 'quen naceu en Galicia' e a máis baixa en 'quen vive e traballa aquí', que oscila entre o 19.9% e o 35.4%.

3.5.2.2. Quén é máis galego (por sectores)

As porcentaxes totais (cf. táboas 3.5.2.2.1 e s.s) amosan claramente como A Coruña e Pontevedra presentan un comportamento diferenciado do resto dos sectores. Son os únicos sectores que están por debaixo do total de Galicia na opción 'quen fala galego' (12.1% e 11.3% respectivamente), con porcentaxes case idénticas entre si. Santiago presenta o resultado máis alto nesta mesma opción (19.5%), seguido de preto por Ourense-4, Lugo-2 e Lugo-5. Ourense-4 e Lugo-2 son os únicos que baixan do 20% (11% e 14.8% respectivamente) na opción 'quen vive e traballa aquí'. Os que cren que é máis galego quen naceu en Galicia son clara maioría en tódolos sectores.

As tendencias dos grupos de idade por sectores son, en liñas xerais, as mesmas ca no conxunto de Galicia. Os grupos máis novos acostuman darlle máis importancia á lingua á hora de defini-la identidade galega: 'quen fala galego' é a resposta máis frecuente nos menores de 26 anos de Santiago (38.9%), e a segunda máis frecuente no mesmo grupo de idade dos restantes sectores (agás na Coruña; en Pontevedra iguala a 'quen vive e traballa aquí'), en tódolos grupos de idade de Ourense-4 e nos de 26 a 40 anos de Lugo-2.

As tendencias sinaladas para o conxunto de Galicia en canto ó nivel de estudos mantéñense en liñas xerais (cf. táboas 3.5.2.1.1 e seguintes, e cadro 3.5.2). En tódolos sectores acostuma

medra-la escolla de 'quen fala galego' segundo aumenta o grao de estudos. Sen embargo, hai algunhas excepcións: en Santiago e Pontevedra, os que teñen estudos secundarios identifican en maior medida cós universitarios o ser galego co falar galego. Ademais, a tendencia observada no conxunto de Galicia para 'quen vive e traballa aquí' non é aplicable a Pontevedra nin a Lugo-5. O grupo que semella alterar máis as tendencias observadas é o dos que non teñen estudos. Aqueles con estudos universitarios de Ourense-4 e Lugo-5, e con secundarios de Santiago, están por riba do 30% na opción 'quen fala galego', pero sempre é maioritaria a de 'quen naceu en Galicia'.

Cadro 3.5.2. Quen e máis galego segundo os estudos recodificados por sectores

| | É máis galego quen... | | |
|-------------------|-----------------------|------------------|-------------|
| | vive e traballa aquí | naceu en Galicia | fala galego |
| <i>A Coruña</i> | | | |
| ningún | 21.1% | 66.9% | 12.1% |
| primarios | 17.9% | 73.2% | 8.9% |
| secundarios | 15.8% | 76.5% | 7.7% |
| universitarios | 27.2% | 56.4% | 16.4% |
| <i>Santiago</i> | | | |
| ningún | 27.8% | 55.2% | 17.0% |
| primarios | 24.0% | 56.5% | 19.5% |
| secundarios | 7.8% | 86.3% | 5.9% |
| universitarios | 19.1% | 68.8% | 12.1% |
| <i>Pontevedra</i> | | | |
| ningún | 21.5% | 47.5% | 31.1% |
| primarios | 38.3% | 36.7% | 25.0% |
| secundarios | 20.3% | 68.4% | 11.3% |
| universitarios | 26.3% | 73.7% | |
| <i>Lugo-2</i> | | | |
| ningún | 15.8% | 77.8% | 6.4% |
| primarios | 22.6% | 57.5% | 19.9% |
| secundarios | 30.9% | 54.7% | 14.4% |
| universitarios | 14.8% | 67.8% | 17.4% |
| <i>Lugo-5</i> | | | |
| ningún | 7.1% | 85.7% | 7.1% |
| primarios | 13.0% | 71.0% | 16.0% |
| secundarios | 19.9% | 59.1% | 21.0% |
| universitarios | 22.8% | 53.2% | 24.1% |
| <i>Ourense-4</i> | | | |
| ningún | 11.0% | 69.8% | 19.2% |
| primarios | 7.6% | 82.4% | 10.1% |
| secundarios | 9.1% | 72.6% | 18.2% |
| universitarios | 18.5% | 56.5% | 25.0% |
| <i>Lugo-5</i> | | | |
| ningún | 22.2% | 40.7% | 37.0% |
| primarios | 23.4% | 59.9% | 16.6% |
| secundarios | 37.7% | 55.4% | 6.9% |
| universitarios | 21.6% | 64.0% | 14.4% |
| | 27.0% | 46.0% | 27.0% |
| | 22.1% | 41.1% | 36.8% |

Polo xeral, as tendencias vistas para Galicia segundo a clase social mantéñense. A opción maioritaria 'quen naceu en Galicia' descende canto máis elevada é a clase social, tendencia que só rompe a clase baixa de Santiago, xa que, xunto coa media-alta, supera a 'quen vive e traballa aquí' (cf. táboas 3.5.2.1.2.). Pontevedra, como é habitual, presenta as maiores diferencias de resposta entre unhas clases sociais e outras.

Non se detecta unha tendencia clara segundo o grupo profesional. O comportamento dunha mesma profesión varía considerablemente dun sector a outro: por exemplo, os docentes da Coruña e Pontevedra presentan porcentaxes moi diferentes das do mesmo grupo profesional dos restantes sectores por seren, con diferenza, os que menos escollen a opción 'quen fala galego'. Este grupo (salvo no caso sinalado) e os estudantes, amosan en case tódolos sectores algunhas das porcentaxes máis altas na opción 'quen fala galego'. Non se poden comenta-las porcentaxes dalgunhas profesións por seren poucos os individuos entrevistados (por exemplo, as profesións liberais). Ó igual ca no conxunto de Galicia, entre ámbolos dous sexos, non se observan diferencias.

Un mesmo hábitat de residencia presenta porcentaxes diferentes segundo o sector de que se trate: A Coruña e Pontevedra diferéncianse, unha vez máis, de Santiago, o que se aprecia facilmente nos seus respectivos hábitats urbanos. Se tomamos Lugo-2, Lugo-5 e Ourense-4, vemos que o comportamento do rural-2 de cada un deles presenta máis semellanzas cos outros hábitats do mesmo sector ca co mesmo hábitat doutros sectores, o que pode estar revelando a importancia do tipo de sector fronte ó tipo de hábitat.

As liñas xerais trazadas para o conxunto de Galicia en canto á lingua inicial (cf. táboas 3.5.2.2.1 e s.s) mantéñense nos sectores. Agás en Ourense-4, son os monolingües iniciais en galego os que menos identifican ser galego con falar galego pero, a diferenza do conxunto de Galicia, os bilingües chegan a supera-los castelanfalantes iniciais nesta opción de resposta na Coruña, Santiago e Lugo-2.

Na maior parte dos sectores non se poden detectar tendencias de resposta vencelladas ó uso habitual das linguas, senón

unha casuística máis ou menos variada. Só en Lugo-5 existe unha tendencia nidia: canto menos se fala galego, en maior medida se relaciona o emprego desta lingua coa identidade galega, medrando tamén a opción 'quen vive e traballa aquí' e diminuíndo a maioritaria 'quen naceu en Galicia'.

No que atinxe ás competencias lingüísticas dos entrevistados, mantéñense as liñas xerais que detectabamos no conxunto de Galicia na elección de 'quen fala galego'. Coas outras alternativas de resposta é difícil detectar tendencias claras, dificultade que tamén se presenta ó observa-lo cruzamento cos ámbitos de adquisición do galego.

3.5.3. *Función da lingua na preservación da cultura e identidade galegas*

3.5.3.1. *Función da lingua na preservación da cultura e identidade galegas (en Galicia)*

Outra das preguntas introducidas para profundar na importancia que a lingua ten como factor de identidade nos entrevistados foi a seguinte: ¿Se se deixase de fala-lo galego, a cultura e identidade de Galicia, perderíanse ou manteríanse? Ante esta cuestión unha gran maioría da poboación respondeu que se perdería (76.8%) e só un 23.2% que se mantería.

No mapa 6 ofrécese as porcentaxes de individuos nos diferentes sectores que consideran que se deixase de falarse o galego a cultura e identidade de Galicia desaparecerían. Como vemos, en 32 dos 34 sectores, estas porcentaxes, moi elevadas, varían entre o 70% e o 89.9% do total poboacional.

Esta actitude está tanto máis consolidada canto menor é a idade dos entrevistados, de modo que mentres os maiores de 65 anos cren nun 68.1% que a cultura e identidade de Galicia se perderían ó desaparece-lo galego, no caso dos mozos de 16 a 25 anos a porcentaxe remóntase a un 86.5% (cf. táboa 3.5.3.1.0)

Por estudos a variación é escasa (gráfico 3.5.5). Os titulados medios e universitarios comparten en maior medida có resto a

idea de que a cultura e identidade de Galicia se perderían de desaparece-la lingua galega (82.5% no primeiro caso e 80.6% no segundo). Entre os dous grupos restantes, os que non teñen ningún estudo presentan porcentaxes máis elevadas na opción 'manteríanse' (30%) cós que teñen estudos primarios (25.2%).


Non hai diferencias intergrupais importantes en canto á clase, nin en cada subgrupo sobre a porcentaxe total. A clase social máis alta parece se-la máis convencida de que a conservación da lingua galega é indispensable para o mantemento da cultura e identidade galegas (79.1%), mentres a clase baixa ten as menores porcentaxes nesta opción (72.3%).

Entre os grupos profesionais, docentes e estudantes están máis convencidos de que a identidade e cultura de Galicia poderían perderse coa desaparición da lingua (82.3% e 87.2% respectivamente). Este resultado é moi importante debido á función educativa do profesorado e ó seu papel na configuración das actitudes dos alumnos. Tódolos demais grupos profesionais teñen porcentaxes superiores ó 70% nesta opción de resposta, polo que a homoxeneidade resulta bastante alta. A mesma homoxeneidade aparece entre os distintos hábitats de residencia, xa que os resultados correspondentes ó valor 'perderíase' oscilan entre o 74.5% do periurbano e o 78.4% das vilas. Nestas, e no rural, é onde máis predomina esta actitude.

Fronte ó que sucedía con outras variables actitudinais, as diferencias segundo a lingua inicial son de pouca envergadura (cf. táboa 3.5.3.2.0). Tódolos subgrupos cren maioritariamente que de desaparece-lo galego se perdería a cultura e identidade de Galicia, con porcentaxes superiores ó 75.5%. Por lingua habitual sucede algo semellante en tódolos grupos excepto nos monolingües en castelán, que responden en maior medida cós demais grupos que a cultura e identidade de Galicia se manterían de desaparece-lo galego (31%).

A medida que a competencia lingüística é maior, aprécia-se un aumento no número de entrevistados que cren que a cultura e identidade de Galicia se perderían se se deixase de fala-lo galego. Se lle prestamos atención á táboa 3.5.3.2.0, referente á comprensión do galego, vemos que hai 24.5 puntos de diferenza entre os que o enten-

Gráfico 3.5.5. Se se deixase de fala-lo galego, a cultura e identidade de Galicia... segundo o nivel de estudos



den moito e os que non o entenden nada. No caso da capacidade para falalo, as porcentaxes incrementáanse 18.3 puntos entre estes mesmos grupos. Así mesmo, nas destrezas escritas prodúcese un aumento na opción 'perderíanse' de 19.7 (ler) e 19.2 puntos (escribir), entre as capacidades extremas.

Finalmente, para rematar coa sección dedicada á totalidade de Galicia, convén destacar que o 84.2% dos que aprenderon o galego na escola opina que a cultura e identidade galegas se perderían de desaparece-lo galego, seguidos por quen o aprendeu na familia, cun 77.3% das respostas nesta opción.

3.5.3.2. Función da lingua na preservación da cultura e identidade galegas por sectores

Tendo en conta a actitude da poboación ante a función da lingua galega como portadora da cultura e identidade galegas, en tódolos sectores a gran maioría dos entrevistados considera a lingua como un elemento imprescindible na conservación da identidade cultural, cunhas porcentaxes que oscilan entre o 69% de Pontevedra e o 83.8% de Ourense-4.

Por grupos de idade, a maior parte dos sectores amosa unha tendencia común: os dous grupos máis novos manteñen unha crenza máis firme na necesidade da lingua galega para mante-la cultura e identidade do país, mentres os dous grupos máis vellos (aínda que maioritariamente comparten esta postura) sitúanse por debaixo da porcentaxe total. A excepción respresentaa Ourense-4, onde os grupos de idade con porcentaxe máis baixa nesta opción son o de 16 a 25 e o de 41 a 65 anos. Por outra parte, neste case non hai diferencias intergrupais nin respecto á porcentaxe total. Entre os demais sectores, o que presenta as porcentaxes máis dispares entre os mozos de 16 a 25 anos e os maiores de 65 é Santiago (31.6 puntos de diferenza).

Cadro 3.5.3. Se se deixase de fala-lo galego, a cultura e identidade de Galicia..., segundo o nivel de estudos recodificados por sectores

| | perderíanse | manteríanse |
|-------------------|-------------|-------------|
| <i>A Coruña</i> | 71.2% | 28.8% |
| ningún | 66.7% | 33.3% |
| primarios | 68.3% | 31.7% |
| secundarios | 76.8% | 23.2% |
| universitarios | 71.9% | 28.1% |
| <i>Santiago</i> | 80.9% | 19.1% |
| ningún | 84.3% | 15.7% |
| primarios | 72.9% | 27.1% |
| secundarios | 87.5% | 12.5% |
| universitarios | 86.5% | 13.5% |
| <i>Pontevedra</i> | 69.0% | 31.0% |
| ningún | 57.9% | 42.1% |
| primarios | 65.1% | 34.9% |
| secundarios | 71.2% | 28.8% |
| universitarios | 76.4% | 23.6% |
| <i>Lugo-2</i> | 81.9% | 18.1% |
| ningún | 76.2% | 23.8% |
| primarios | 79.8% | 20.2% |
| secundarios | 87.8% | 12.2% |
| universitarios | 86.2% | 13.8% |
| <i>Ourense-4</i> | 83.8% | 16.2% |
| ningún | 83.6% | 16.4% |
| primarios | 84.0% | 16.0% |
| secundarios | 83.1% | 16.9% |
| universitarios | 85.7% | 14.3% |
| <i>Lugo-5</i> | 72.4% | 27.6% |
| ningún | 68.8% | 31.3% |
| primarios | 69.5% | 30.5% |
| secundarios | 85.8% | 14.2% |
| universitarios | 79.4% | 20.6% |

No que atinxe ó nivel de estudos, non existe unha tendencia de resposta común a todos ou á maioría dos sectores. En Pontevedra detectamos un incremento continuado das porcentaxes en 'perderíanse' segundo o grao de estudos é maior, mentres na Coruña, Lugo-2 e Lugo-5 se percibe unha división entre os que non teñen estudos ou os teñen só primarios e os outros dous grupos.

Por clase social, as cidades da Coruña e Santiago, con Lugo-2, posúen uns extractos medios con opinións moi homoxéneas (cf. táboas 3.5.3.1.1 e ss.). Nos tres sectores estes dous grupos amosan porcentaxes moi próximas entre si e moi pouco desviadas da porcentaxe total do sector. Así, por exemplo, un 71% da clase media-baixa da Coruña e un 72.8% da media consideran que se se deixase de fala-lo galego se perderían a cultura e identidade de Galicia (lémbrese que a porcentaxe total é un 71.2%). En Pontevedra, o grupo socioeconómico menos convencido de que a lingua galega sexa imprescindible para conserva-la cultura e identidade de Galicia é o baixo (50%). Sen embargo, tanto a este grupo coma ó medio-alto lles corresponde un número moi reducido de entrevistados (12 no primeiro caso e 16 no segundo). Nas clases medias, a media-baixa comparte menos cá media a opinión de que a supervivencia da lingua galega é imprescindible para mante-la cultura e identidade (66.2% e 72.3% respectivamente).

Por hábitat de residencia só merecen comentarios as variacións detectadas en Pontevedra e Lugo-2. Na primeira, un 73.3% dos residentes no urbano cren que a cultura e identidade de Galicia se perderían ó abandonarse o galego, porcentaxe que se reduce a un 64.8% no caso dos que residen no periurbano. En Lugo-2 os habitantes das vilas manifestan esta actitude en menor medida cós do rural-2 (o 76.6% fronte ó 92.6%).

Polo que atinxe á lingua inicial, en case tódolos sectores os bilingües presentan as porcentaxes máis elevadas no valor 'perderíanse', que oscilan entre o 87.1% de Lugo-2 e o 70% de Ourense-4. En Lugo-5 a porcentaxe máis alta neste valor corresponde ós castelanfalantes iniciais (78.8%), aínda que non se desvía moito das dos outros dous grupos. Pola súa banda, en Ourense-4 o 88% dos que aprenderon a falar en galego responden que se perderían.

En canto á lingua habitual, só se observa unha característica común a tódolos sectores: os monolingües habituais en castelán cren

en maior medida cós demais grupos que a cultura e identidade de Galicia se manterían se se deixase de fala-lo galego. En dous dos seis sectores, A Coruña e Ourense-4, détéctase un aumento das porcentaxes do valor 'perderíanse' a medida que se incrementa o uso do galego como lingua habitual (cf. táboas 3.5.3.2.1 e ss.). Neste último aparecen as porcentaxes máis altas na opción 'manteríanse', correspondentes ós monolingües habituais en castelán (40.9%). Os demais non ofrecen uniformidade de resposta. Así, por exemplo, en Santiago, os bilingües con predominio do castelán cren en maior medida cós demais grupos que a identidade e cultura de Galicia se perderían co abandono do galego. O mesmo sucede en Pontevedra, onde os grupos bilingües teñen porcentaxes bastante máis elevadas cós monolingües en castelán na opción 'perderíanse', pero tamén cós galegofalantes monolingües.

En relación coa competencia lingüística en galego, debemos dicir que, polo xeral, canto maior é o dominio de cada destreza máis altas son as porcentaxes dos que cren que se se deixase de fala-lo galego se perdería a cultura e identidade de Galicia. Isto ocorre na Coruña, Santiago e Lugo-5 con tódalas competencias e en Lugo-2 con entender, falar e ler —aínda que, como xa subliñamos en reiteradas ocasións, o número de entrevistados que non entenden nada o galego na Coruña e en Santiago é moi reducido. En Ourense-4 e Pontevedra, se ben non apreciamos unha tendencia lineal cara ó aumento das porcentaxes correspondentes a este valor segundo o fai a competencia, os que cren ter un dominio moi alto de cada unha das destrezas presentan as porcentaxes máis elevadas: neste sentido destacan os que len e escriben moito o galego, cun 94.4% e 93% das respostas en 'perderíanse' en Ourense-4 e un 80.2% e un 82.7% en Pontevedra.

Por último, mencionaremos brevemente o que sucede cos ámbitos de adquisición do galego nos distintos sectores. Por unha banda, na Coruña, Santiago, Pontevedra e Lugo-2 os que aprenderon a fala-lo galego na escola identifican esta lingua en maior medida cós demais grupos cun factor intimamente vencellado á cultura e identidade do país, con porcentaxes que oscilan entre o 94.3% de Santiago e o 78.7% da Coruña. Sen embargo, en Ourense-4 esta actitude ten menos forza neste subgrupo, reducíndose a un 66.7% a porcentaxe en 'perderíanse' (N=18). Pola contra, neste sector a opción mencionada é máis elixida entre os que adquiriron o galego na familia (84.5%).

Táboa 3.5.1.1.0. *Lingua dos galegos. Galicia*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|
| | castelán | as dúas | galego |
| TOTAL GALICIA | 1.8% | 39.9% | 58.4% |
| IDADE | | | |
| 16 a 25 anos | .9% | 34.3% | 64.8% |
| 26 a 40 anos | 1.1% | 38.3% | 60.5% |
| 41 a 65 anos | 2.2% | 42.9% | 54.9% |
| máis de 65 anos | 2.7% | 42.1% | 55.2% |
| ESTUDIOS | | | |
| ningún | 1.8% | 37.9% | 60.2% |
| primarios incompletos | 1.9% | 39.4% | 58.7% |
| primarios completos | 1.5% | 37.8% | 60.7% |
| FP | .6% | 34.5% | 65.0% |
| BUP | 2.0% | 40.9% | 57.1% |
| carreira grao medio | 2.0% | 46.7% | 51.3% |
| carreira grao superior | 2.3% | 49.6% | 48.2% |
| outros estudos | 2.8% | 45.7% | 51.5% |
| CLASE SOCIAL | | | |
| baixa | 1.8% | 35.3% | 62.9% |
| media-baixa | 1.6% | 37.6% | 60.8% |
| media | 1.7% | 41.9% | 56.4% |
| media-alta | 3.8% | 50.4% | 45.9% |
| PROFESIÓN | | | |
| empresarios | 1.9% | 44.1% | 54.0% |
| titul. superior/media | 3.5% | 49.5% | 46.9% |
| profesionais liberais | 3.9% | 54.3% | 41.7% |
| docentes | 1.9% | 47.8% | 50.3% |
| forzas armadas | 4.7% | 52.1% | 43.2% |
| pers. admin. subalterno | 1.5% | 43.8% | 54.7% |
| pers. servicios | 2.6% | 38.3% | 59.2% |
| autónomos | 2.3% | 38.3% | 59.3% |
| labregos | 1.7% | 33.8% | 64.5% |
| maríneiros | 1.4% | 30.8% | 67.8% |
| obreiros | 1.4% | 36.2% | 62.4% |
| estudiantes | 1.1% | 36.7% | 62.2% |
| amas de casa | 1.8% | 43.9% | 54.3% |
| pers. econom. inactivo | 2.0% | 36.9% | 61.1% |
| SEXO | | | |
| home | 1.9% | 36.7% | 61.3% |
| muller | 1.6% | 42.7% | 55.7% |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | |
| urbano | 2.6% | 48.5% | 48.8% |
| periurbano | 2.6% | 36.1% | 61.2% |
| vilas | 1.5% | 40.0% | 58.5% |
| rural-1 | 1.3% | 39.8% | 58.9% |
| rural-2 | 1.2% | 34.3% | 64.5% |

Táboa 3.5.1.1.1. *Lingua dos galegos. A Coruña*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | N |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | |
| TOTAL SECTOR | 3.2% | 53.0% | 43.9% | 1169 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | 1.3% | 48.9% | 49.8% | 237 |
| 26 a 40 anos | 1.9% | 54.6% | 43.5% | 324 |
| 41 a 65 anos | 4.9% | 55.5% | 39.6% | 447 |
| máis de 65 anos | 3.7% | 48.4% | 47.8% | 161 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | 47.5% | 52.5% | | 59 |
| primarios incompletos | 3.2% | 48.8% | 48.0% | 248 |
| primarios completos | 3.0% | 52.0% | 45.0% | 300 |
| FP | 47.6% | 52.4% | | 84 |
| BUP | 3.2% | 57.0% | 39.8% | 186 |
| carreira grao medio | 4.2% | 55.0% | 40.8% | 120 |
| carreira grao superior | 5.3% | 58.3% | 36.4% | 151 |
| outros estudos | 4.8% | 66.7% | 28.6% | 21 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | 5.4% | 44.6% | 50.0% | 74 |
| media-baixa | 3.4% | 52.0% | 44.6% | 325 |
| media | 2.0% | 52.7% | 45.4% | 657 |
| media-alta | 8.0% | 62.8% | 29.2% | 113 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | | 59.6% | 40.4% | 47 |
| titul. superior/media | 7.4% | 57.4% | 35.2% | 54 |
| profesionais liberais | 10.0% | 70.0% | 20.0% | 10 |
| docentes | 7.0% | 59.6% | 33.3% | 57 |
| forzas armadas | 5.0% | 60.0% | 35.0% | 20 |
| pers. admin. subalterno | 1.3% | 59.4% | 39.4% | 155 |
| pers. servicios | 3.1% | 48.4% | 48.4% | 64 |
| autónomos | 6.8% | 37.3% | 55.9% | 59 |
| labregos | | 36.4% | 63.6% | 11 |
| maríneiros | | 35.0% | 65.0% | 20 |
| obreiros | 2.0% | 49.3% | 48.8% | 205 |
| estudiantes | 1.6% | 50.3% | 48.1% | 187 |
| amas de casa | 4.1% | 55.4% | 40.5% | 269 |
| pers. econom. inactivo | 9.1% | 63.6% | 27.3% | 11 |
| SEXO | | | | |
| home | 3.0% | 50.4% | 46.7% | 538 |
| muller | 3.3% | 55.2% | 41.5% | 631 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| urbano | 3.2% | 52.9% | 43.9% | 1155 |
| periurbano | | 57.1% | 42.9% | 14 |

Táboa 3.5.1.1.2. *Lingua dos galegos. Santiago*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | .9% | 39.5% | 59.6% | 1144 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | | 33.8% | 66.2% | 237 |
| 26 a 40 anos | .3% | 40.9% | 58.8% | 369 |
| 41 a 65 anos | 1.6% | 41.5% | 57.0% | 386 |
| máis de 65 anos | 2.0% | 40.1% | 57.9% | 152 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | 1.7% | 30.0% | 68.3% | 60 |
| primarios incompletos | .5% | 35.0% | 64.5% | 220 |
| primarios completos | 1.2% | 40.1% | 58.7% | 252 |
| FP | | 33.3% | 66.7% | 78 |
| BUP | 1.1% | 38.0% | 60.9% | 184 |
| carreira grao medio | .9% | 47.8% | 51.3% | 115 |
| carreira grao superior | .9% | 46.0% | 53.1% | 226 |
| outros estudos | | 11.1% | 88.9% | 9 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | | 26.4% | 73.6% | 53 |
| media-baixa | 1.6% | 41.0% | 57.4% | 249 |
| media | .6% | 39.2% | 60.2% | 709 |
| media-alta | 1.5% | 43.6% | 54.9% | 133 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | | 42.1% | 57.9% | 57 |
| titul. superior/media | | 46.1% | 53.9% | 76 |
| profesionais liberais | 6.3% | 31.3% | 62.5% | 16 |
| docentes | 1.1% | 51.6% | 47.3% | 91 |
| forzas armadas | | 41.7% | 58.3% | 12 |
| pers. admin. subalterno | 1.8% | 41.3% | 56.9% | 109 |
| pers. servicios | | 48.0% | 52.0% | 50 |
| autónomos | 1.9% | 28.8% | 69.2% | 52 |
| labregos | | 21.2% | 78.8% | 52 |
| maríneiros | | 50.0% | 50.0% | 4 |
| obreiros | .6% | 33.3% | 66.0% | 159 |
| estudiantes | | 36.0% | 64.0% | 189 |
| amas de casa | 1.6% | 42.7% | 55.7% | 253 |
| pers. econom. inactivo | | 41.7% | 58.3% | 24 |
| SEXO | | | | |
| home | .6% | 35.4% | 64.0% | 517 |
| muller | 1.1% | 42.9% | 56.0% | 627 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| urbano | 1.2% | 42.0% | 56.8% | 812 |
| periurbano | | 33.4% | 66.6% | 332 |

Táboa 3.5.1.1.3. *Lingua dos galegos. Lugo-2*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 1.0% | 40.7% | 58.3% | 1066 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | | 44.3% | 55.7% | 174 |
| 26 a 40 anos | .8% | 42.3% | 56.9% | 253 |
| 41 a 65 anos | 1.5% | 42.0% | 56.6% | 412 |
| máis de 65 anos | 1.3% | 33.9% | 64.8% | 227 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | | 33.3% | 66.7% | 30 |
| primarios incompletos | 1.1% | 37.0% | 61.8% | 359 |
| primarios completos | 1.3% | 40.4% | 58.3% | 391 |
| FP | 1.3% | 41.3% | 57.3% | 75 |
| BUP | | 52.6% | 47.4% | 116 |
| carreira grao medio | 1.9% | 43.4% | 54.7% | 53 |
| carreira grao superior | | 44.4% | 55.6% | 36 |
| outros estudos | | 33.3% | 66.7% | 6 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | | 36.8% | 63.2% | 57 |
| media-baixa | .8% | 38.5% | 60.7% | 756 |
| media | 2.2% | 47.0% | 50.9% | 232 |
| media-alta | | 61.9% | 38.1% | 21 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | | 53.2% | 46.8% | 79 |
| titul. superior/media | | 42.9% | 57.1% | 14 |
| profesionais liberais | | 50.0% | 50.0% | 2 |
| docentes | | 34.4% | 65.6% | 32 |
| forzas armadas | | 43.8% | 56.3% | 16 |
| pers. admin. subalterno | 1.8% | 35.1% | 63.1% | 111 |
| pers. servicios | | 29.2% | 70.8% | 24 |
| autónomos | 6.8% | 40.7% | 52.5% | 59 |
| labregos | 2.2% | 27.0% | 70.8% | 89 |
| maríneiros | 4.3% | 30.4% | 65.2% | 23 |
| obreiros | .7% | 39.4% | 59.9% | 142 |
| estudiantes | | 50.0% | 50.0% | 102 |
| amas de casa | .3% | 41.5% | 58.2% | 352 |
| pers. econom. inactivo | | 61.9% | 38.1% | 21 |
| SEXO | | | | |
| home | 1.6% | 36.1% | 62.3% | 493 |
| muller | .5% | 44.7% | 54.8% | 573 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| vilas | 1.0% | 45.8% | 53.2% | 718 |
| rural-2 | 1.1% | 30.2% | 68.7% | 348 |

Táboa 3.5.1.1.4. *Lingua dos galegos. Lugo-5*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 1.1% | 33.9% | 65.0% | 1771 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | .4% | 29.7% | 70.0% | 263 |
| 26 a 40 anos | .6% | 33.4% | 66.0% | 347 |
| 41 a 65 anos | 1.4% | 33.9% | 64.7% | 714 |
| máis de 65 anos | 1.3% | 36.9% | 61.7% | 447 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | .8% | 30.5% | 68.7% | 131 |
| primarios incompletos | 1.6% | 33.5% | 64.9% | 814 |
| primarios completos | .8% | 29.8% | 69.3% | 473 |
| FP | | 31.7% | 68.3% | 82 |
| BUP | | 42.3% | 57.7% | 156 |
| carreira grao medio | 1.8% | 47.3% | 50.9% | 55 |
| carreira grao superior | | 44.0% | 56.0% | 50 |
| outros estudos | | 70.0% | 30.0% | 10 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | 1.5% | 36.8% | 61.8% | 136 |
| media-baixa | .9% | 32.6% | 66.4% | 1057 |
| media | 1.2% | 35.3% | 63.5% | 518 |
| media-alta | 1.7% | 38.3% | 60.0% | 60 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | 2.3% | 36.2% | 61.5% | 174 |
| titul. superior/media | | 75.0% | 25.0% | 16 |
| profesionais liberais | | 46.2% | 53.8% | 13 |
| docentes | | 58.6% | 41.4% | 29 |
| forzas armadas | | 45.5% | 54.5% | 22 |
| pers. admin. subalterno | | 38.0% | 62.0% | 100 |
| pers. servicios | | 28.9% | 71.1% | 45 |
| autónomos | 2.2% | 35.6% | 62.2% | 90 |
| labregos | 1.0% | 29.7% | 69.3% | 687 |
| mariñeiros | 9.1% | 36.4% | 54.5% | 11 |
| obreiros | 1.2% | 35.9% | 62.9% | 170 |
| estudiantes | .8% | 28.7% | 70.5% | 122 |
| amas de casa | .7% | 37.5% | 61.8% | 267 |
| pers. econom. inactivo | | 24.0% | 76.0% | 25 |
| SEXO | | | | |
| home | 1.3% | 34.3% | 64.4% | 872 |
| muller | .9% | 33.6% | 65.5% | 899 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| rural-1 | 1.3% | 39.3% | 59.4% | 670 |
| rural-2 | .9% | 30.7% | 68.4% | 1101 |

Táboa 3.5.1.1.5. *Lingua dos galegos. Ourense-4*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|-----|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | .4% | 50.7% | 48.9% | 960 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | | 44.8% | 55.2% | 172 |
| 26 a 40 anos | 1.4% | 52.8% | 45.8% | 214 |
| 41 a 65 anos | .3% | 52.4% | 47.3% | 374 |
| máis de 65 anos | | 50.5% | 49.5% | 200 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | | 51.6% | 48.4% | 122 |
| primarios incompletos | .3% | 46.4% | 53.3% | 338 |
| primarios completos | .6% | 57.1% | 42.2% | 308 |
| FP | | 45.3% | 54.7% | 64 |
| BUP | | 61.5% | 38.5% | 65 |
| carreira grao medio | 3.0% | 42.4% | 54.5% | 33 |
| carreira grao superior | | 23.1% | 76.9% | 26 |
| outros estudos | | 50.0% | 50.0% | 4 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | | 51.0% | 49.0% | 51 |
| media-baixa | .4% | 45.5% | 54.1% | 466 |
| media | .5% | 56.4% | 43.1% | 420 |
| media-alta | | 52.2% | 47.8% | 23 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | | 65.9% | 34.1% | 41 |
| titul. superior/media | 14.3% | 28.6% | 57.1% | 7 |
| profesionais liberais | | | 100.0% | 3 |
| docentes | | 33.3% | 66.7% | 12 |
| forzas armadas | | 50.0% | 50.0% | 2 |
| pers. admin. subalterno | | 51.0% | 49.0% | 49 |
| pers. servicios | | 62.5% | 37.5% | 16 |
| autónomos | | 64.3% | 35.7% | 42 |
| labregos | .6% | 41.9% | 57.5% | 160 |
| obreiros | | 50.5% | 49.5% | 202 |
| estudiantes | | 43.8% | 56.2% | 89 |
| amas de casa | .6% | 56.7% | 42.7% | 314 |
| pers. econom. inactivo | | 21.7% | 78.3% | 23 |
| SEXO | | | | |
| home | .2% | 48.4% | 51.4% | 469 |
| muller | .6% | 53.0% | 46.4% | 491 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| vilas | .6% | 63.6% | 35.8% | 316 |
| rural-1 | | 52.9% | 47.1% | 119 |
| rural-2 | .4% | 42.5% | 57.1% | 525 |

Táboa 3.5.1.1.6. *Lingua dos galegos. Pontevedra*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|-------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 4.0% | 45.1% | 50.9% | 1137 |
| IDADE | | | | |
| 16 a 25 anos | 1.6% | 42.6% | 55.8% | 251 |
| 26 a 40 anos | 4.1% | 44.1% | 51.8% | 338 |
| 41 a 65 anos | 4.8% | 46.7% | 48.5% | 398 |
| máis de 65 anos | 5.3% | 47.3% | 47.3% | 150 |
| ESTUDIOS | | | | |
| ningún | 5.0% | 45.0% | 50.0% | 20 |
| primarios incompletos | 3.6% | 42.5% | 54.0% | 252 |
| primarios completos | 3.9% | 40.3% | 55.8% | 355 |
| FP | 5.7% | 42.0% | 52.3% | 88 |
| BUP | 2.8% | 47.2% | 50.0% | 178 |
| carreira grao medio | 8.1% | 54.8% | 37.1% | 124 |
| carreira grao superior | .9% | 53.6% | 45.5% | 110 |
| outros estudos | | 60.0% | 40.0% | 10 |
| CLASE SOCIAL | | | | |
| baixa | | 33.3% | 66.7% | 12 |
| media-baixa | 3.1% | 41.0% | 56.0% | 554 |
| media | 4.7% | 49.1% | 46.2% | 554 |
| media-alta | 11.8% | 58.8% | 29.4% | 17 |
| PROFESIÓN | | | | |
| empresarios | 5.6% | 50.0% | 44.4% | 54 |
| titul. superior/media | 4.4% | 60.0% | 35.6% | 45 |
| profesionais liberais | | 57.1% | 42.9% | 14 |
| docentes | 2.8% | 54.2% | 43.1% | 72 |
| forzas armadas | 11.8% | 52.9% | 35.3% | 17 |
| pers. admin. subalterno | 6.3% | 40.5% | 53.2% | 111 |
| pers. servicos | 5.6% | 27.8% | 66.7% | 36 |
| autónomos | 3.2% | 37.1% | 59.7% | 62 |
| labregos | 3.3% | 38.3% | 58.3% | 60 |
| mariñeiros | | 35.3% | 64.7% | 17 |
| obreiros | 5.0% | 39.5% | 55.5% | 220 |
| estudiantes | 1.8% | 46.4% | 51.8% | 168 |
| amas de casa | 3.6% | 50.6% | 45.7% | 247 |
| pers. econom. inactivo | | 42.9% | 57.1% | 14 |
| SEXO | | | | |
| home | 4.9% | 39.4% | 55.7% | 510 |
| muller | 3.2% | 49.8% | 47.0% | 627 |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | | |
| urbano | 2.7% | 51.3% | 46.0% | 552 |
| periurbano | 5.1% | 39.3% | 55.6% | 585 |

Táboa 3.5.1.2.0. *Lingua dos galegos. Galicia*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|
| | castelán | as dúas | galego |
| TOTAL GALICIA | 1.8% | 39.9% | 58.4% |
| LINGUA INICIAL | | | |
| galego | 1.2% | 34.4% | 64.3% |
| castelán | 3.1% | 50.1% | 46.8% |
| as dúas | 1.3% | 44.1% | 54.7% |
| outras | .9% | 41.5% | 57.6% |
| LINGUA HABITUAL | | | |
| só castelán | 5.8% | 60.2% | 34.0% |
| máis castelán | 1.9% | 50.1% | 48.1% |
| máis galego | 1.2% | 39.6% | 59.2% |
| só galego | 1.0% | 29.0% | 70.0% |
| ENTENDE O GALEGO | | | |
| nada | 24.4% | 29.8% | 45.8% |
| pouco | 6.9% | 59.8% | 33.3% |
| bastante | 1.8% | 41.4% | 56.8% |
| moito | 1.4% | 37.2% | 61.5% |
| FALA O GALEGO | | | |
| nada | 8.1% | 63.3% | 28.6% |
| pouco | 3.6% | 56.2% | 40.2% |
| bastante | 1.5% | 39.9% | 58.6% |
| moito | 1.1% | 33.6% | 65.2% |
| LE O GALEGO | | | |
| nada | 4.2% | 46.4% | 49.5% |
| pouco | 1.9% | 41.8% | 56.3% |
| bastante | .9% | 37.9% | 61.2% |
| moito | 1.0% | 34.9% | 64.1% |
| ESCRIBE O GALEGO | | | |
| nada | 2.8% | 46.3% | 50.9% |
| pouco | 1.5% | 40.2% | 58.3% |
| bastante | .8% | 34.5% | 64.6% |
| moito | .8% | 28.8% | 70.5% |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | |
| familia | 1.4% | 37.1% | 61.5% |
| escola | 1.9% | 46.5% | 51.6% |
| amigos | 1.7% | 50.4% | 47.9% |
| veciños | 3.9% | 55.8% | 40.3% |
| traballo | 2.6% | 49.2% | 48.2% |
| outros | 3.4% | 55.9% | 40.7% |

Táboa 3.5.1.2.1. *Lingua dos galegos. A Coruña*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 3.2% | 53.0% | 43.9% | 1169 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | 1.5% | 44.6% | 53.9% | 408 |
| castelán | 4.7% | 59.1% | 36.2% | 635 |
| as dúas | .8% | 48.3% | 50.8% | 120 |
| outras | | 66.7% | 33.3% | 6 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | 7.6% | 64.7% | 27.8% | 331 |
| máis castelán | 1.6% | 55.0% | 43.3% | 427 |
| máis galego | 1.7% | 45.5% | 52.8% | 288 |
| só galego | | 31.7% | 68.3% | 123 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| nada | 33.3% | | 66.7% | 3 |
| pouco | 3.8% | 58.5% | 37.7% | 53 |
| bastante | 3.8% | 51.9% | 44.3% | 345 |
| moito | 2.7% | 53.3% | 44.0% | 768 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | 11.3% | 73.6% | 15.1% | 53 |
| pouco | 5.5% | 57.8% | 36.7% | 218 |
| bastante | 2.9% | 48.4% | 48.7% | 376 |
| moito | 1.5% | 52.1% | 46.4% | 522 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | 12.7% | 50.7% | 36.6% | 71 |
| pouco | 5.4% | 51.0% | 43.6% | 296 |
| bastante | .7% | 53.5% | 45.8% | 415 |
| moito | 2.4% | 54.3% | 43.3% | 372 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | 5.5% | 55.2% | 39.4% | 310 |
| pouco | 3.0% | 53.8% | 43.2% | 435 |
| bastante | 1.3% | 55.7% | 43.0% | 228 |
| moito | 2.2% | 44.0% | 53.8% | 182 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | 2.9% | 47.1% | 49.9% | 715 |
| escola | 1.4% | 58.7% | 39.9% | 143 |
| amigos | .9% | 62.6% | 36.5% | 115 |
| veciños | 2.3% | 65.9% | 31.8% | 44 |
| traballo | 6.3% | 50.0% | 43.8% | 32 |
| outros | 6.1% | 62.1% | 31.8% | 66 |

Táboa 3.5.1.2.2. *Lingua dos galegos. Santiago*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | .9% | 39.5% | 59.6% | 1144 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | .3% | 32.4% | 67.3% | 593 |
| castelán | 1.6% | 47.6% | 50.8% | 378 |
| as dúas | .6% | 46.3% | 53.1% | 160 |
| outras | 7.7% | 46.2% | 46.2% | 13 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | 4.7% | 60.2% | 35.2% | 128 |
| máis castelán | .6% | 49.4% | 50.0% | 324 |
| máis galego | .6% | 37.5% | 62.0% | 355 |
| só galego | | 24.3% | 75.7% | 337 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| nada | 50.0% | 50.0% | | 2 |
| pouco | 3.7% | 66.7% | 29.6% | 27 |
| bastante | 1.3% | 47.9% | 50.8% | 309 |
| moito | .5% | 35.4% | 64.1% | 806 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | 13.6% | 54.5% | 31.8% | 22 |
| pouco | .7% | 62.1% | 37.2% | 145 |
| bastante | .8% | 46.9% | 52.2% | 356 |
| moito | .5% | 29.5% | 70.0% | 621 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | 4.6% | 43.7% | 51.7% | 87 |
| pouco | .9% | 44.1% | 55.0% | 333 |
| bastante | .3% | 42.1% | 57.6% | 342 |
| moito | .3% | 32.3% | 67.4% | 344 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | 1.7% | 46.7% | 51.6% | 289 |
| pouco | 1.0% | 43.9% | 55.1% | 408 |
| bastante | | 36.0% | 64.0% | 214 |
| moito | | 25.1% | 74.9% | 191 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | .3% | 36.5% | 63.1% | 898 |
| escola | | 45.1% | 54.9% | 71 |
| amigos | | 51.9% | 48.1% | 52 |
| veciños | 22.2% | 38.9% | 38.9% | 18 |
| traballo | | 53.3% | 46.7% | 30 |
| outros | | 58.0% | 42.0% | 50 |

Táboa 3.5.1.2.3. *Lingua dos galegos. Lugo-2*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 1.0% | 40.7% | 58.3% | 1066 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | .8% | 35.4% | 63.8% | 732 |
| castelán | 1.3% | 54.4% | 44.2% | 226 |
| as dúas | 2.0% | 49.0% | 49.0% | 102 |
| outras | | 33.3% | 66.7% | 6 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | 2.4% | 58.3% | 39.3% | 84 |
| máis castelán | 1.6% | 60.1% | 38.3% | 188 |
| máis galego | 1.2% | 42.9% | 55.9% | 338 |
| só galego | .4% | 27.9% | 71.7% | 456 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| nada | | 100.0% | | 1 |
| pouco | 10.7% | 64.3% | 25.0% | 28 |
| bastante | | 36.9% | 63.1% | 512 |
| moito | 1.5% | 43.0% | 55.4% | 525 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | 4.8% | 71.4% | 23.8% | 21 |
| pouco | 1.4% | 63.9% | 34.7% | 147 |
| bastante | .2% | 33.1% | 66.7% | 513 |
| moito | 1.8% | 40.3% | 57.9% | 385 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | 2.0% | 52.0% | 46.1% | 152 |
| pouco | 1.5% | 44.5% | 54.0% | 470 |
| bastante | .3% | 33.2% | 66.5% | 358 |
| moito | | 32.8% | 67.2% | 64 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | 1.2% | 51.9% | 46.9% | 322 |
| pouco | 1.6% | 42.2% | 56.3% | 446 |
| bastante | | 28.4% | 71.6% | 229 |
| moito | | 16.3% | 83.7% | 49 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | .8% | 38.4% | 60.8% | 895 |
| escola | | 46.0% | 54.0% | 50 |
| amigos | | 45.5% | 54.5% | 44 |
| veciños | 6.5% | 61.3% | 32.3% | 31 |
| traballo | 11.1% | 55.6% | 33.3% | 9 |
| outros | | 41.7% | 58.3% | 12 |

Táboa 3.5.1.2.4. *Lingua dos galegos. Lugo-5*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 1.1% | 33.9% | 65.0% | 1771 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | 1.1% | 31.3% | 67.6% | 1497 |
| castelán | 1.4% | 51.7% | 46.9% | 143 |
| as dúas | .8% | 45.2% | 54.0% | 126 |
| outras | | 20.0% | 80.0% | 5 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | 10.0% | 65.0% | 25.0% | 20 |
| máis castelán | | 66.0% | 34.0% | 94 |
| máis galego | 1.2% | 44.0% | 54.8% | 582 |
| só galego | .9% | 25.1% | 74.0% | 1075 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| pouco | | 43.8% | 56.3% | 16 |
| bastante | 1.0% | 35.2% | 63.8% | 696 |
| moito | 1.1% | 33.0% | 65.9% | 1059 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | 28.6% | 71.4% | | 7 |
| pouco | | 49.1% | 50.9% | 57 |
| bastante | 1.2% | 35.3% | 63.5% | 597 |
| moito | .9% | 32.2% | 66.9% | 1110 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | 2.4% | 36.0% | 61.6% | 125 |
| pouco | 1.6% | 35.4% | 63.0% | 794 |
| bastante | .4% | 32.6% | 67.0% | 534 |
| moito | .4% | 31.8% | 67.8% | 283 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | 2.2% | 38.5% | 59.3% | 460 |
| pouco | 1.0% | 33.2% | 65.8% | 819 |
| bastante | | 32.7% | 67.3% | 278 |
| moito | .6% | 27.5% | 71.9% | 178 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | 1.0% | 33.3% | 65.7% | 1676 |
| escola | | 33.3% | 66.7% | 21 |
| amigos | | 40.0% | 60.0% | 20 |
| veciños | | 43.8% | 56.3% | 32 |
| traballo | | 45.5% | 54.5% | 11 |
| outros | | 100.0% | | 4 |

Táboa 3.5.1.2.5. *Lingua dos galegos. Ourense-4*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|-----|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | .4% | 50.7% | 48.9% | 960 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | .3% | 45.0% | 54.8% | 714 |
| castelán | .9% | 60.9% | 38.2% | 110 |
| as dúas | .9% | 73.0% | 26.1% | 115 |
| outras | | 71.4% | 28.6% | 21 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | | 52.2% | 47.8% | 23 |
| máis castelán | 1.9% | 70.5% | 27.6% | 105 |
| máis galego | .3% | 60.2% | 39.6% | 379 |
| só galego | .2% | 38.2% | 61.6% | 453 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| pouco | | 73.3% | 26.7% | 15 |
| bastante | .6% | 57.7% | 41.7% | 523 |
| moito | .2% | 41.2% | 58.5% | 422 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | | 55.6% | 44.4% | 9 |
| pouco | | 73.0% | 27.0% | 63 |
| bastante | .6% | 57.6% | 41.8% | 490 |
| moito | .3% | 38.7% | 61.1% | 398 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | | 72.4% | 27.6% | 221 |
| pouco | .5% | 52.6% | 46.9% | 424 |
| bastante | 1.0% | 34.4% | 64.6% | 209 |
| moito | | 21.4% | 78.6% | 56 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | | 63.5% | 36.5% | 417 |
| pouco | .9% | 43.7% | 55.4% | 343 |
| bastante | 1.0% | 35.1% | 63.9% | 97 |
| moito | | 24.4% | 75.6% | 45 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | .3% | 49.5% | 50.2% | 887 |
| escola | | 45.0% | 55.0% | 20 |
| amigos | | 85.7% | 14.3% | 7 |
| veciños | 3.7% | 85.2% | 11.1% | 27 |
| traballo | | 42.9% | 57.1% | 7 |
| outros | | 66.7% | 33.3% | 3 |

Táboa 3.5.1.2.6. *Lingua dos galegos. Pontevedra*

| | A LINGUA DOS GALEGOS É... | | | |
|------------------------|---------------------------|---------|--------|------|
| | castelán | as dúas | galego | N |
| TOTAL SECTOR | 4.0% | 45.1% | 50.9% | 1137 |
| LINGUA INICIAL | | | | |
| galego | 2.2% | 39.5% | 58.3% | 458 |
| castelán | 5.8% | 47.9% | 46.3% | 501 |
| as dúas | 3.5% | 52.4% | 44.1% | 170 |
| outras | | 37.5% | 62.5% | 8 |
| LINGUA HABITUAL | | | | |
| só castelán | 8.1% | 52.3% | 39.6% | 321 |
| máis castelán | 2.4% | 49.5% | 48.1% | 289 |
| máis galego | 2.2% | 40.4% | 57.4% | 277 |
| só galego | 2.4% | 36.0% | 61.6% | 250 |
| ENTENDE O GALEGO | | | | |
| nada | | 100.0% | | 2 |
| pouco | 4.4% | 60.0% | 35.6% | 45 |
| bastante | 4.0% | 44.3% | 51.7% | 596 |
| moito | 3.8% | 44.5% | 51.6% | 494 |
| FALA O GALEGO | | | | |
| nada | 8.0% | 58.0% | 34.0% | 50 |
| pouco | 4.5% | 57.1% | 38.4% | 245 |
| bastante | 3.7% | 40.0% | 56.4% | 518 |
| moito | 3.4% | 42.3% | 54.3% | 324 |
| LE O GALEGO | | | | |
| nada | 10.9% | 47.3% | 41.8% | 165 |
| pouco | 3.5% | 47.3% | 49.2% | 376 |
| bastante | 2.9% | 42.5% | 54.6% | 381 |
| moito | 1.5% | 44.5% | 54.0% | 200 |
| ESCRIBE O GALEGO | | | | |
| nada | 6.2% | 47.6% | 46.2% | 433 |
| pouco | 4.3% | 44.3% | 51.4% | 352 |
| bastante | 1.0% | 43.0% | 56.0% | 207 |
| moito | .8% | 43.0% | 56.3% | 128 |
| ÁMBITOS DE ADQUISICIÓN | | | | |
| familia | 4.1% | 42.3% | 53.6% | 778 |
| escola | 1.6% | 50.0% | 48.4% | 122 |
| amigos | 6.0% | 34.0% | 60.0% | 50 |
| veciños | 3.1% | 56.9% | 40.0% | 65 |
| traballo | 3.3% | 43.3% | 53.3% | 30 |
| outros | 2.4% | 63.4% | 34.1% | 41 |

Táboa 3.5.2.1.0. Quén é máis galego. Galicia

| | É MÁIS GALEGO QUEN... | | |
|-------------------------|-----------------------|------------------|-------------|
| | vive e traballa aquí | naceu en Galicia | fala galego |
| TOTAL GALICIA | 21.4% | 62.3% | 16.3% |
| IDADE | | | |
| 16 a 25 anos | 24.0% | 45.7% | 30.3% |
| 26 a 40 anos | 25.4% | 57.1% | 17.5% |
| 41 a 65 anos | 19.7% | 68.5% | 11.8% |
| máis de 65 anos | 16.3% | 75.3% | 8.5% |
| ESTUDIOS | | | |
| ningún | 16.9% | 74.5% | 8.6% |
| primarios incompletos | 17.7% | 72.0% | 10.3% |
| primarios completos | 20.8% | 63.5% | 15.7% |
| FP | 25.2% | 50.9% | 23.9% |
| BUP | 24.9% | 47.4% | 27.8% |
| carreira grao medio | 29.2% | 47.5% | 23.3% |
| carreira grao superior | 33.2% | 42.6% | 24.1% |
| outros estudos | 15.4% | 62.6% | 22.0% |
| CLASE SOCIAL | | | |
| baixa | 18.5% | 68.1% | 13.4% |
| media-baixa | 20.1% | 65.3% | 14.7% |
| media | 22.9% | 59.1% | 18.0% |
| media-alta | 25.7% | 52.1% | 22.2% |
| PROFESIÓN | | | |
| empresarios | 21.8% | 62.9% | 15.3% |
| titul. superior/media | 34.9% | 48.8% | 16.3% |
| profesionais liberais | 39.2% | 44.1% | 16.7% |
| docentes | 32.7% | 40.7% | 26.7% |
| forzas armadas | 23.5% | 65.2% | 11.3% |
| pers. admin. subalterno | 22.7% | 59.8% | 17.5% |
| pers. servicios | 21.3% | 60.0% | 18.7% |
| autónomos | 17.8% | 66.8% | 15.3% |
| labregos | 20.7% | 69.1% | 10.2% |
| mariñeiros | 18.0% | 68.7% | 13.2% |
| obreiros | 19.6% | 66.2% | 14.2% |
| estudiantes | 24.2% | 41.5% | 34.3% |
| amas de casa | 19.0% | 69.8% | 11.2% |
| pers. econom. inactivo | 25.5% | 51.1% | 23.4% |
| SEXO | | | |
| home | 21.3% | 61.3% | 17.4% |
| muller | 21.5% | 63.1% | 15.4% |
| HÁBITAT DE RESIDENCIA | | | |
| urbano | 22.1% | 62.7% | 15.2% |
| periurbano | 18.4% | 66.1% | 15.5% |
| vilas | 21.1% | 61.0% | 17.9% |
| rural-1 | 22.2% | 60.9% | 16.9% |
| rural-2 | 21.2% | 62.3% | 16.5% |

Táboa 3.5.2.1.1. Quén é máis galego. A Coruña

| | É MÁIS GALEGO QUEN... | | | N |
|-------------------------|-----------------------|------------------|-------------|------|
P.130. *Quen fala castelán é máis realista ou práctico ca quen fala galego*

$\bar{x}=4.23$; Mo=5; s=1.05

A maioría dos entrevistados manifesta o seu desacordo con esta afirmación, aínda que a desviación típica (é dicir, a dispersión das respostas respecto da media) é lixeiramente maior ca nos casos anteriores. Dezaioito sectores sitúanse por riba da media, entre eles as cidades da Coruña (4.40), Santiago (4.43) e Lugo (4.24).

P.127. *Quen fala castelán cun forte acento galego ten menos posibilidades de ascender na súa profesión*

$\bar{x}=4.19$; Mo=5; s=1.06

Tamén esta variable obtén unha puntuación media elevada, o que dá conta, xunto coa moda de 5, da escasa presenza deste prexuízo na poboación. Sen embargo, a desviación típica indícanos que non existe un rexeitamento tan unánime da afirmación verquida no enunciado. En vinte dos trinta e catro sectores a media é superior á do total da mostra. As puntuacións máis baixas aparecen en Lugo-3 (3.87), Lugo-5 (3.88) e Lugo-6 (3.96).

P.128. *Quen fala castelán ten máis posibilidades de facer amigos ca quen fala galego*

$\bar{x}=4.18$; Mo=5; s=1.07

A media e a moda obtidas aquí seguen a ser favorables para o galego, o que parece mostrar un rexeitamento xeral do prexuízo tratado. A elevada dispersión, como nas dúas preguntas anteriores e na seguinte, é un dato indicativo da diminución da homoxeneidade das respostas, é dicir, do feito de que o desacordo coa formulación da variable non é tan unánime como nas preguntas 125 e 126.

Vinteun sectores están por riba da media galega. Igual ca no caso anterior, Lugo-3 e Lugo-5 teñen unha puntuación inferior a 4, xunto coas cidades de Vigo e Pontevedra. A Coruña e Santiago, pola contra, atópanse entre os sectores cunha puntuación máis elevada (4.36 e 4.39 respectivamente).

P.124. *Quen fala castelán ten máis estudos ca quen fala galego*

$\bar{x}=4.14$; Mo=5; s=1.15

Moi semellante tanto na formulación coma nos resultados estatísticos ás variables precendentes, tamén este prexuízo se caracteriza pola súa escasa presenza entre os entrevistados e pola elevada dispersión das respostas. Por sectores, vintedous están por riba da media da mostra xeral. Entre as cidades, Vigo e Pontevedra teñen unha puntuación inferior á de Galicia. As medias tampouco acadan os 4.14 puntos nalgúns sectores do rural como por exemplo Lugo-5, Pontevedra-11 e Ourense-6.

P.129. *Quen fala castelán ten máis posibilidades para relacionarse socialmente ca quen fala galego*

$\bar{x}=3.86$; Mo=5; s=1.28

Pese a que a moda é 5, neste caso a media sitúase no 3.86. Este descenso da media xunto cunha maior desviación típica, que case chega ós 1.3 puntos, permiten concluír que hai menos entrevistados de acordo con este enunciado ca cos anteriores e que a dispersión das respostas é maior. En canto ós sectores, dezasete están por riba da media, acadando nalgúns casos puntuacións superiores a 4 (Santiago, Lugo-2, Lugo-4, Ourense-3, etc.), e un ten a mesma puntuación cá do total de Galicia (Coruña-7).

P.134. *O galego é unha lingua máis fermosa có castelán*

$\bar{x}=3.44$; Mo=5; s=1.31

Esta variable refírese ó valor estético das linguas. Non se xulgan circunstancias relacionadas cos entrevistados polo feito de falar unha ou outra lingua, senón que se trata de dilucidar a valoración da beleza dunha lingua fronte á outra. Cabe destacar que, pese a ter unha moda de 5, o aumento da desviación típica e o valor da media amosan que o acordo incondicional coa formulación presentada non é unánime. Debemos concluír, polo tanto, que este prexuízo tampouco

ten unha presenza evidente entre a poboación galega. Nos sectores tamén se pode apreciar unha situación heteroxénea: tan só catorce teñen unha media superior á de Galicia, mentres que nun caso a puntuación é idéntica. Ningún sector da provincia de Lugo supera o 3.45.

P.132. *Quen fala galego é máis accesible para falar con el ca quen fala castelán*

$\bar{x}=2.88$; $Mo=1$; $s=1.45$

Nesta ocasión a moda indica que a resposta maioritaria tende ó total desacordo con esta afirmación. Para unha avaliación completa deste prexuízo, cómpre non esquecer que, neste caso, é o galego a lingua da que se parte. Pero non compartilo enunciado non ten por que significalo contrario: que os castelanfalantes son máis accesibles cós que falan galego, tendo en conta ademais que a media chega case ó valor intermedio ('indiferente'); tal diverxencia entre as puntuacións enténdese ó observala considerable dispersión das respostas. Por sectores, dezanove están por riba da media; destes, dezaseis teñen unha puntuación favorable para o galego.

P.131. *Quen fala galego é a primeira vista máis simpático ou afable ca quen fala castelán*

$\bar{x}=2.53$; $Mo=1$; $s=1.34$

A valoración media dos entrevistados sitúase, coma na pregunta precedente, entre o 'bastante en desacordo' e o 'indiferente', aínda que a moda nos indica que o valor máis frecuente é o 'totalmente en desacordo'. Comparado co caso anterior, podemos destacar que son menos os entrevistados que estiman que os galegofalantes sexan máis accesibles ou simpáticos cós castelanfalantes. En canto ós sectores, tan só en Ourense-6 a media supera o 3 (3.17). Ademais, hai dezasete cunha puntuación media superior á do total de Galicia, trece cunha inferior e catro cunha igual. Na cidade da Coruña é onde a poboación está máis en desacordo coa afirmación que encabeza estes comentarios (media de 2.15).

Unha vez rematada esta descrición dos estatísticos básicos de cada unha das variables, pasaremos a analiza-los factores independentemente. A nosa intención é medi-la vitalidade de certos prexuízos lingüísticos ós que algúns sectores da intelligentsia urbana teñen recorrido para caracterizar socialmente a poboación galegofalante. Hai que ter en conta, en calquera caso, que a situación relativa á dignificación da lingua cambiou substancialmente nestes últimos anos, o que

puido repercutir na erradicación ou alteración dos prexuízos en contra da lingua galega nos sectores poboacionais que participaran deles —se é que houbera algún grupo de poboación prexuízoso³⁵.

3.6.2. *Prexuízos referidos ó status social*

3.6.2.1. *Prexuízos referidos ó status social en Galicia*

Como dato inicial, destacaremos que a media xeral para toda Galicia é de 4.34 (cf. táboa 3.6.1.0), o cal vén indicar que estamos ante unha puntuación moi favorable ó galego ou, dito doutro xeito, os datos permiten afirmar que este prexuízo (relacionado co feito de que falar castelán mellora o status social) a penas está presente entre a poboación. No mapa 13 pódese ver que en dezanove dos trinta e catro sectores a media é superior á do total de Galicia mentres que en quince está por debaixo. Entre os sectores urbanos, Vigo e Pontevedra son os que acadan unha media máis baixa, inferior nos dous casos á do total da mostra. Polo contrario, A Coruña e Ferrol son sectores onde este prexuízo parece estar máis desprazado (medias de 4.54 e 4.51 respectivamente). O sector onde a media se aproxima máis ó 5 é Ourense-3, que acada unha puntuación de 4.62; no polo oposto atópase Lugo-5, que é o único onde a puntuación é inferior a 4 (3.97). O que caracteriza a maioría dos sectores é a gran uniformidade que presentan. As desviacións típicas non superan o 1 agás en Coruña-8.

Os cruzamentos coas distintas variables independentes amosan unha escasa variación, sen que haxa en ningún caso medias que permitan relacionar claramente un determinado grupo social con este prexuízo, tal como aparece ilustrado nas táboas 3.6.1.0 e 3.6.2.0. No grupo de variables sociais, seguindo a tendencia xeral xa destacada noutras partes deste estudio, non hai diferencias importantes, xa que son moi poucos os segmentos da poboación que teñen unha media inferior a 4. Entre estes destacan os maiores de 65 anos (3.98), os que non teñen estudos (3.93) e os labregos (3.99). Pola súa parte, as medias máis altas, é dicir, os segmentos da poboación onde ten menos cabida o prexuízo, están nos menores de 40 anos (4.53), nos que posúen estudos medios (4.57) ou uni-


³⁵ Neste aspecto debemos ser moi cautelosos, posto que non se dispón de ningún estudio representativo da poboación galega que analizase os prexuízos sobre a lingua. Existiu unha ten-

Sentadas estas premisas, tralas análises pertinentes decidimos quedarnos cun modelo que inclúe a capacidade para entende-lo galego, a idade e os estudos. No que respecta á comprensión do galego, agrupámo-los valores ‘nada’ e ‘pouco’, xa que os escasos exemplos da primeira destas categorías distorsionan lixeiramente os resultados. En canto ós estudos, reagrupáronse de forma distinta á habitual neste volume, quedando os catro grupos que seguen: sen estudos, primarios incompletos, primarios completos, e outros. Optamos por esta reagrupación tras comprobarmos que as principais diferencias se daban nos niveis educativos máis baixos, sendo imperceptible entre os entrevistados con estudos secundarios ou superiores. Esta será a agrupación que utilizaremos nos gráficos, nas táboas 3.6.1.0 a 3.1.1.6 aparecerán os valores habituais.

Con este modelo, pese a se-lo mellor dos que atopamos, non conseguimos explicar máis có 10.2% da varianza total do prexuízo *Status social*. Se engadimos variables novas no modelo non obtemos unha mellora substancial, porque parte da explicación da varianza vén determinada pola interacción das variables, sobre todo entre os estudos e a capacidade para entende-lo galego, aínda que esta interacción ve mingüada a súa importancia se eliminámo-los que afirman non poder entendelo (N=41).

Cos datos que manexamos, podemos afirmar que os individuos nos que en menor medida ten cabida este prexuízo son os que entenden moito o galego e ademais teñen un nivel de estudos superior ós primarios completos (4.64; 18.5% da mostra). O gráfico 3.6.1 reflicte a relación entre estas dúas variables.

Gráfico 3.6.1. Avaliación dos prexuízos referidos ó status social segundo a capacidade para entende-lo galego




Dentro de cada unha das variables o maior distanciamento da media xeral prodúcese nos seguintes grupos:

| | |
|-----------------------------------|---------------------------------|
| Idade | -0.37 nos maiores de 65 anos |
| Estudios | -0.41 nos que non teñen estudos |
| Capacidade para entende-lo galego | -0.33 nos que non o entenden |

O cruzamento da idade cos estudos, recollido no gráfico 3.6.2, pon de manifesto que son os entrevistados entre 26 e 40 anos os que teñen as medias máis elevadas en tódolos niveis educativos.

Gráfico 3.6.2. Avaliación dos prexuízos referidos ó status social segundo o nivel de estudos e a idade



3.6.2.2. Prexuízos referidos ó status social por sectores

Unha vez aplicado este modelo ós datos relativos ó conxunto de Galicia, faise necesario precisa-la súa rendibilidade en cada un dos seis sectores seleccionados. Posto que nos sectores as mostrás son máis pequenas, ten xa máis sentido investiga-la significatividade estatística do modelo e de cada unha das variables introducidas nel, polo que presentamos a continuación os datos pertinentes das análises da varianza. Como se verá, as tres variables incluídas non son sempre significativas, por mor de que nalgúns sectores a varianza explicada procede dun menor número de variables. Por outra banda, as interaccións non aparecen en ningún caso, pois non podían ser calculadas debido ó gran número de celas baleiras.

Cadro 3.6.2a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|-------|--------|------|
| Efectos principais | 55.040 | 8 | 6.880 | 17.429 | .000 |
| Idade | 21.260 | 3 | 7.087 | 17.953 | .000 |
| Estudios | 3.044 | 3 | 1.015 | 2.571 | .053 |
| Dominio da comprensión | 12.393 | 2 | 6.197 | 15.698 | .000 |
| Explicado | 55.040 | 8 | 6.880 | 17.429 | .000 |
| Residual | 458.304 | 1161 | .395 | | |
| Total | 513.344 | 1169 | .439 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 10.7% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Cadro 3.6.2b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|-------|--------|------|
| Efectos principais | 42.572 | 8 | 5.321 | 12.415 | .000 |
| Idade | 18.663 | 3 | 6.221 | 14.514 | .000 |
| Estudios | 2.517 | 3 | .839 | 1.958 | .119 |
| Dominio da comprensión | 1.051 | 2 | .526 | 1.226 | .294 |
| Explicado | 42.572 | 8 | 5.321 | 12.415 | .000 |
| Residual | 489.923 | 1143 | .429 | | |
| Total | 532.494 | 1151 | .463 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 8% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Cadro 3.6.2c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 99.886 | 8 | 12.486 | 20.022 | .000 |
| Idade | 11.573 | 3 | 3.858 | 6.186 | .000 |
| Estudios | 37.915 | 3 | 12.638 | 20.267 | .000 |
| Dominio da comprensión | 4.456 | 2 | 2.228 | 3.573 | .028 |
| Explicado | 99.886 | 8 | 12.486 | 20.022 | .000 |
| Residual | 706.530 | 1133 | .624 | | |
| Total | 806.416 | 1141 | .707 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 12.4% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Cadro 3.6.2d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 78.284 | 8 | 9.785 | 23.200 | .000 |
| Idade | 4.134 | 3 | 1.378 | 3.267 | .021 |
| Estudios | 25.294 | 3 | 8.431 | 19.990 | .000 |
| Dominio da comprensión | 27.595 | 2 | 13.797 | 32.712 | .000 |
| Explicado | 78.284 | 8 | 9.785 | 23.200 | .000 |
| Residual | 446.242 | 1058 | .422 | | |
| Total | 524.526 | 1066 | .492 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 14.9% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Cadro 3.6.2e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 78.320 | 8 | 9.790 | 16.097 | .000 |
| Idade | 9.516 | 3 | 3.172 | 5.216 | .001 |
| Estudios | 29.711 | 3 | 9.904 | 16.284 | .000 |
| Dominio da comprensión | 49.434 | 2 | 24.717 | 40.641 | .000 |
| Explicado | 78.320 | 8 | 9.790 | 16.097 | .000 |
| Residual | 578.379 | 951 | .608 | | |
| Total | 656.700 | 959 | .685 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 11.9% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Cadro 3.6.2f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|---|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 285.930 | 8 | 35.741 | 62.684 | .000 |
| Idade | 8.669 | 3 | 2.890 | 5.068 | .002 |
| Estudios | 63.974 | 3 | 21.325 | 37.400 | .000 |
| Dominio da comprensión | 75.103 | 2 | 37.551 | 65.859 | .000 |
| Explicado | 285.930 | 8 | 35.741 | 62.684 | .000 |
| Residual | 1006.939 | 1766 | .570 | | |
| Total | 1292.869 | 1774 | .729 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 22.1% | | | | |
| (Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras) | | | | | |

Como xa se sinalou, non tódalas variables resultan estatisticamente significativas: en Santiago non o son nin os estudos nin a capacidade para entende-lo galego; esta tampouco resulta significativa en Lugo-2. Se eliminamos estas variables, as porcentaxes de varianza explicada quedan como segue:

Cadro 3.6.3. Porcentaxe de varianza do prexuízo Status social explicada en cada sector

| Sector | Variables explicativas do modelo | Varianza explicada |
|---|---|--------------------|
| A Coruña ($\bar{x}=4.54$; $s=.66$) | idade e dominio da comprensión | 10.1% |
| Santiago ($\bar{x}=4.24$; $s=.84$) | idade | 7.3% |
| Pontevedra ($\bar{x}=4.24$; $s=.84$) | idade, estudos e dominio da comprensión | 12.5% |
| Lugo-2 ($\bar{x}=4.28$; $s=.83$) | idade, estudos e dominio da comprensión | 14.9% |
| Ourense-4 ($\bar{x}=4.41$; $s=.83$) | idade, estudos e dominio da comprensión | 11.9% |
| Lugo-5 ($\bar{x}=3.97$; $s=.85$) | idade, estudos e dominio da comprensión | 22.1% |

A porcentaxe de varianza explicada é diferente dun sector a outro e, salvo en Santiago e A Coruña, o modelo ten máis poder explicativo ca na súa aplicación ó conxunto da mostra. Como se comentou anteriormente, Lugo-5 é o único sector con media inferior a 4. Na Coruña, pola súa parte, obtense unha media superior á do resto dos sectores urbanos. Dos datos que aparecen no cadro anterior cómpre destacar que en Santiago só a idade é significativa. Esta é a única variable do modelo inicial (capacidade para entende-lo galego, idade e estudos) que resultou significativa en calquera dos seis sectores. A tendencia que observamos é que nos menores de 41 anos este prexuízo ten menos cabida. Na Coruña e en Lugo-2 quen mostra máis desacordo co prexuízo é o grupo de 26 a 40 anos, mentres que no resto dos sectores as actitudes máis favorables para o galego atopámolos nos menores de 26 anos. Entre os máis vellos, a media máis alta aparece en Ourense-4 (4.37) e a máis baixa en Lugo-5 (3.65).

Como se indicou en partes anteriores, en Pontevedra hai que tomar en consideración as peculiaridades do hábitat, sobre todo polo importante peso da poboación periurbana. Se a extraemos da mostra, a media dos que viven en núcleo urbano aproxímase bastante á do resto das cidades, agás Vigo onde é máis reducida (Pontevedra núcleo urbano, 4.23)

As tendencias xerais vistas para o conxunto de Galicia son as mesmas no caso dos sectores. Por exemplo, se considerámo-la idade,

a puntuación aumenta na dirección en que aquela diminúe. Pódese dicir algo semellante dos estudos, aínda que neste caso cómpre destacar certas excepcións (Ourense-4): canto máis alto é o nivel educativo, maiores son as puntuacións.

Na Coruña, as maiores distancias entre medias relaciónanse coa idade, onde hai 0.57 puntos de diferenza entre os máis vellos (4.18) e os do grupo de 26 a 40 anos (4.75). Esta variable, a única con significatividade estatística en Santiago, como xa se indicou, ten medias moi semellantes entre os dous grupos menores de 41 anos (4.62 nos de 16 a 25 e 4.61 nos de 26 a 40), mentres que entre os maiores de 65 anos a puntuación descende ata 4.08. Polo que respecta a Lugo-2, as diferencias son relativamente importantes segundo os estudos, onde hai 0.91 puntos entre os que non teñen estudos (3.54) e os que realizaron estudos primarios completos (4.45). As diferencias aínda son maiores en Lugo-5, onde 1.27 puntos separan os que carecen de estudos (3.13) dos que acadaron un nivel medio ou universitario (4.40), tal como pon de manifesto a táboa 3.1.6.4. En Ourense-4 hai bastante homoxeneidade na distribución das distintas variables que entran no modelo, aparecendo as puntuacións máis dispares na comprensión do galego: mentres entre os que afirman entendela pouco ou nada a media é de 4.16, entre os que teñen un alto dominio desta destreza a puntuación é de 4.69. Finalmente, en Pontevedra cómpre destacar que a maior diferenza aparece entre os que carecen de estudos, nos que o prexuízo ten certa presenza (3.75) e os que acadaron alomenos estudos secundarios (4.51).

A conclusión que podemos sacar do dito ata agora é que pese a apreciárense as tendencias antes subliñadas, non podemos falar de homoxeneidade entre os sectores. A variable máis significativa nun sector pode carecer de significatividade estatística noutro; ademais, as porcentaxes de varianza explicada son bastante diferentes, e non parece haber unha pauta que nos permita explicalas diferencias que acabamos de descubrir, nin as coincidencias (por exemplo, que en Lugo-5 e Ourense-4 a variable máis importante sexa o grao de comprensión do galego). Tendo sempre presente que estamos a falar dunha poboación bastante uniforme nas súas respostas, non parece haber unhas tendencias consistentes nas pequenas diferencias entre uns subgrupos e outros e entre os distintos sectores.

3.6.3. Prexuizos referidos á sociabilidade

3.6.3.1. Prexuizos referidos á sociabilidade en Galicia

Outra das agrupacións resultantes da análise factorial é a que figura baixo a etiqueta *Sociabilidade* e que, como se recordará, dá conta dun 15.4% da varianza. Neste caso buscábase avalia-los posicionamentos dos entrevistados ante a relación da lingua castelá coas maiores posibilidades de relación. Non obstante, cómpre aclarar que o desacordo coa afirmación de que o castelán favorece as relacións sociais non implica necesariamente o contrario, é dicir, a elección de 'totalmente en desacordo' pode acubillar indiferencia; se non fose así, probablemente estaríamos ante o mesmo prexuízo pero en sentido contrario.

A media xeral é algo máis baixa cá do caso anterior (prexuízo *Status social*), situándose lixeiramente por riba do 4 (4.08, cunha desviación típica de 0.98). Por tanto, igual que dixemos no caso xa comentado, podemos afirmar que entre a poboación galega este prexuízo ten un escaso enraizamento. Pese a que estamos, unha vez máis, ante un comportamento moi homoxéneo, hai certas diferencias conforme os parámetros mostrais que convirá resaltar. En primeiro lugar, incluímos un breve apuntamento do que acontece no conxunto dos sectores.

No conxunto de Galicia, conforme as variables sociais, as maiores disparidades aparecen no cruzamento coa idade, con 0.54 puntos de diferenza entre os que teñen de 26 a 40 anos (os que presentan a media máis elevada), e os maiores de 65, que se desvían 0.34 por debaixo da media xeral. Por estudos, o maior grao de desacordo con este prexuízo dáse nos que acadaron un nivel medio (4.25), seguidos dos universitarios (4.23). As diferencias por hábitat de residencia, sexo, clase social e profesión son aínda máis reducidas; só é salientable que os labregos acadan unha puntuación de 3.82, desviándose, deste xeito, da homoxeneidade citada.

Polo que respecta ás variables lingüísticas, a nota predominante é a gran uniformidade, sobre todo no referente á lingua inicial e habitual. Este dato permite afirmar que tamén entre os castelanfalantes hai amplo acordo en que fala-la súa lingua non entraña vantaxes á hora de establecer relacións sociais. As escasas diferencias que aparecen segundo as variables lingüísticas atopámolos nos cruza-

mentos coas distintas destrezas, fundamentalmente coa capacidade para entender e le-lo galego, sendo algo máis reducidas no relativo ás competencias para falar e escribir. En calquera das catro destrezas atopamos unha tendencia común: canto máis dominio se admite ter, maior é o rexeitamento deste prexuízo. Finalmente, a media é superior nos que aprenderon o galego na escola ou no traballo respecto ós que o adquiriron na familia, indicio, no primeiro caso, de que esta institución está a cumprir unha función importante no proceso de dignificación da lingua.


Seguindo coa estratexia da que nos valem no comentario do prexuízo referido ó *Status social*, cómpre utilizar un modelo que permita tomar en consideración só as variables que resulten significativas para explicar parte da escasa varianza das respostas. Os resultados da análise da varianza (univariada e multivariada) son os seguintes:

Cadro 3.6.4. Porcentaxe de varianza do prexuízo referido á Sociabilidade explicada polas diferentes variables de control

| Variables lingüísticas | | Variables sociais | |
|---|------|--|------|
| Lingua inicial | 0.2% | Idade | 3.9% |
| Lingua habitual | 0.0% | Estudios | 1.9% |
| Capacidade para entende-lo galego | 1.7% | Clase social | 0.4% |
| Capacidade para fala-lo galego | 0.8% | Profesión | 1.5% |
| Capacidade para le-lo galego | 1.9% | Sexo | 0.0% |
| Capacidade para escribi-lo galego | 2.6% | Hábitat de residencia | 0.2% |
| Ámbitos de adquisición | 0.3% | Hábitat de nacemento | 0.2% |
| Total explicado (análise multivariada con tódalas variables lingüísticas) | 4.6% | Total explicado (análise multivariada con tódalas variables sociais) | 4.7% |

Se comparamos esta variable coa anterior (cf. cadro 3.6.1), é evidente que o poder explicativo de calquera das variables é menor neste caso. Como consecuencia disto, o mellor modelo consegue explicar tan só o 6% da varianza total do prexuízo etiquetado como *Sociabilidade*, e está formado pola idade, a capacidade para entende-lo galego (recodificados os casos de 'nada' e 'pouco') e a capacidade para le-lo galego. É necesario ter en conta que unha boa parte desta varianza vén explicada polas interaccións entre estas variables. No gráfico 3.6.3 recollémo-la interacción entre a capacidade para entende-lo galego e a capacidade para lelo.

Gráfico 3.6.3. Avaliación dos prexuízos referidos á sociabilidade segundo a capacidade para entende-lo galego e a capacidade para lelo



As interaccións triples só permiten interpretar que a actitude máis favorable para o galego aparece naqueles entrevistados de 26 a 40 anos que afirman poder entendelo e lelo moi ben (4.51; equivalente ó 4.5% da mostra), mentres que a máis desfavorable dáse en grupos pequenos ($N < 30$). No peor dos casos a media é de 2.98, correspondente ós maiores de 65 anos, que non entenden nada o galego.

3.6.3.2. Prexuízos referidos á sociabilidade por sectores

O estudo detallado dos seis sectores revela que, agás en Santiago, a varianza explicada polo modelo (idade, capacidade para entende-lo galego e capacidade para lelo) é superior á do total de Galicia, chegando no caso de Lugo-2 ó 17.8% e en Lugo-5 ó 12%. A variable relacionada coa comprensión do galego carece de significatividade en Santiago, mentres que Pontevedra é o único sector no que o dominio da lectura en galego non é significativo. Finalmente, en Ourense-4 a idade non entra no modelo por non ser significativa.

Cadro 3.6.5a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|--------|--------|------|
| Principais efectos | 84.612 | 8 | 10.577 | 12.073 | .000 |
| Idade | 46.809 | 3 | 15.603 | 17.811 | .000 |
| Dominio da comprensión | 11.063 | 2 | 5.531 | 6.314 | .002 |
| Dominio da lectura | 10.995 | 3 | 3.665 | 4.183 | .006 |
| Explicado | 84.612 | 8 | 10.577 | 12.073 | .000 |
| Residual | 1003.074 | 1145 | .876 | | |
| Total | 1087.686 | 1153 | .943 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 7.8% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.5b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|-------|--------|------|
| Principais efectos | 50.778 | 8 | 6.347 | 8.501 | .000 |
| Idade | 23.348 | 3 | 7.783 | 10.423 | .000 |
| Dominio da comprensión | .628 | 2 | .314 | .421 | .657 |
| Dominio da lectura | 10.291 | 3 | 3.430 | 4.594 | .003 |
| Explicado | 50.778 | 8 | 6.347 | 8.501 | .000 |
| Residual | 822.089 | 1101 | .747 | | |
| Total | 872.866 | 1109 | .787 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 5.8% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.5c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|--------|--------|------|
| Principais efectos | 89.826 | 8 | 11.228 | 11.098 | .000 |
| Idade | 60.527 | 3 | 20.176 | 19.942 | .000 |
| Dominio da comprensión | 11.709 | 2 | 5.854 | 5.786 | .003 |
| Dominio da lectura | 4.225 | 3 | 1.408 | 1.392 | .244 |
| Explicado | 89.826 | 8 | 11.228 | 11.098 | .000 |
| Residual | 1129.073 | 1116 | 1.012 | | |
| Total | 1218.899 | 1124 | 1.084 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 7.4% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.5d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|------|--------|--------|------|
| Principais efectos | 116.806 | 8 | 14.601 | 28.101 | .000 |
| Idade | 9.510 | 3 | 3.170 | 6.101 | .000 |
| Dominio da comprensión | 30.758 | 2 | 15.379 | 29.599 | .000 |
| Dominio da lectura | 70.981 | 3 | 23.660 | 45.537 | .000 |
| Explicado | 116.806 | 8 | 14.601 | 28.101 | .000 |
| Residual | 538.293 | 1036 | .520 | | |
| Total | 655.099 | 1044 | .627 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 17.8% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.5e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de Cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Principais efectos | 69.296 | 8 | 8.662 | 10.740 | .000 |
| Idade | 4.740 | 3 | 1.580 | 1.959 | .119 |
| Dominio da comprensión | 29.536 | 2 | 14.768 | 18.310 | .000 |
| Dominio da lectura | 30.551 | 3 | 10.184 | 12.626 | .000 |
| Explicado | 69.296 | 8 | 8.662 | 10.740 | .000 |
| Residual | 726.702 | 901 | .807 | | |
| Total | 795.999 | 909 | .876 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 8.7% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.5f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|--|---------------------|------|--------|--------|------|
| Principais efectos | 193.859 | 8 | 24.232 | 29.469 | .000 |
| Idade | 20.416 | 3 | 6.805 | 8.276 | .000 |
| Dominio da comprensión | 77.933 | 2 | 38.966 | 47.387 | .000 |
| Dominio da lectura | 26.645 | 3 | 8.882 | 10.801 | .000 |
| Interaccións dobres | 18.817 | 21 | .896 | 1.090 | .352 |
| Idade x Dominio da comprensión | 5.350 | 6 | .892 | 1.084 | .369 |
| Idade x Dominio da lectura | 8.535 | 9 | .948 | 1.153 | .321 |
| Dominio da comprensión x Dominio da lectura | 3.162 | 6 | .527 | .641 | .698 |
| Interaccións triples | 11.713 | 11 | 1.065 | 1.295 | .221 |
| Idade x Dominio da compren x Dominio da lectura | 11.713 | 11 | 1.065 | 1.295 | .221 |
| Explicado | 224.389 | 40 | 5.610 | 6.822 | .000 |
| Residual | 1393.806 | 1695 | .822 | | |
| Total | 1618.195 | 1735 | .933 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 12% | | |

Tal como dixemos, a aplicación do modelo a cada un dos sectores necesita determinados axustes que pasamos a detallar no cadro seguinte:

Cadro 3.6.6. Porcentaxe de varianza do prexuízo referido á Sociabilidade explicada en cada sector

| Sector | Variables explicativas do modelo | Varianza explicada |
|--|--|--------------------|
| A Coruña ($\bar{x}=4.20$; $s=.97$) | idade, capacidade para entende-lo galego, capacidade para lelo | 7.8% |
| Santiago ($\bar{x}=4.29$; $s=.90$) | idade, capacidade para le-lo galego | 5.8% |
| Pontevedra ($\bar{x}=3.90$; $s=1.04$) | idade, capacidade para entende-lo galego | 8.1% |
| Lugo-2 ($\bar{x}=4.19$; $s=.80$) | idade, capacidade para entende-lo galego, capacidade para lelo | 17.8% |
| Ourense-4 ($\bar{x}=4.25$; $s=.94$) | capacidade para entende-lo galego, capacidade para falalo | 8.7% |
| Lugo-5 ($\bar{x}=3.83$; $s=.97$) | idade, capacidade para entende-lo galego, capacidade para falalo | 12.0% |

Como se ve, o modelo inicial mantense na Coruña e nos sectores da provincia de Lugo; no resto resultou lixeiramente modificado. As tendencias apreciadas son moi similares ás observadas na análise do prexuízo *Status social*, tanto no que se refire á idade coma ó dominio da destreza oral, polo que remitimos ó sinalado anteriormente. Polo que respecta á variable *capacidade de lectura*, os que mellor dominan a lectura en galego son quen máis rexeitan a afirmación de de que falar castelán favoreza as relacións sociais na maioría dos sectores. As maiores diferencias xorden entre os que non entenden nada o galego escrito e os que nalgunha medida poden ler un texto nesta lingua: nalgúns sectores a distinción cómpre trasladala ós pares nada/pouco por un lado, e bastante/moito por outro. As medias sempre son superiores nestes últimos, onde as puntuacións están por riba das xerais do sector.

Na Coruña, Santiago e Pontevedra a variable con maior poder explicativo é a idade, mentres que en Lugo-2 e Lugo-5 destaca a capacidade para comprende-lo galego e en Ourense-4 para lelo. Ningunha das interaccións que aparecen en Lugo-5 é significativa.

3.6.4. *Prexuízos referidos á simpatía ou accesibilidade*

3.6.4.1. *Prexuízos referidos á simpatía ou accesibilidade en Galicia*

O terceiro factor (cf. táboa 3.6.1.0) xurdiu da conxunción de dúas variables, se ben nesta ocasión, a diferenza dos dous casos anteriores, a orientación das preguntas ten como referente o galego e non o castelán. A etiqueta que as abrangue é *Os que falan galego son máis simpáticos ou accesibles*³⁷, e con el pretendiamos avaliar en que medida os entrevistados perciben os galegofalantes como persoas de trato máis afable, doado ou accesible.

Fronte ós casos xa comentados, que teñen unha media superior a 4, temos que destacar que a puntuación indica que non se comparte o prexuízo (2.71)³⁸. Xunto a isto, cómpre sinalar que temos unha maior dispersión (desviación típica 1.25). Por sectores, vinteun teñen unha puntuación superior á da totalidade de Galicia (mapa 7), dos que sete superan o 3. Dos trece con media inferior a 2.71, destacan os urbanos, todos con medias pouco favorables para o galego, tendencia que tamén se observa en Pontevedra-5 e en Pontevedra-7.

Fieis á metodoloxía seguida, antes de pasarmos á descrición do modelo utilizado, cómpre facer unha breve exploración das variables sociais e lingüísticas co fin de obter unha idea xeral da dirección das estimacións. De acordo coa idade, ó contrario do visto ata agora, nos menores de 41 anos a media é máis baixa, dando lugar tanto no grupo de 16 a 25 coma no de 26 a 40 a puntuacións que indican a ausencia de prexuízos neste sentido (2.41 e 2.42 respectivamente). Só no grupo dos maiores de 65 anos a media supera o 3 (3.15), mentres que no tramo de 41 a 65 anos descende ó 2.87.

Por estudos, tamén apreciamos diferenzas dignas de comentario, xa que a medida que o entrevistado ten un maior nivel

³⁷ Téñase en conta que neste caso os valores son: 1 'totalmente en desacordo', 2 'bastante en desacordo', 3 'indiferente', 4 'bastante de acordo' e 5 'totalmente de acordo'.

³⁸ Lémbrase que, tal como sucedía cos prexuízos referidos á sociabilidade, o rexeitamento da afirmación e, por conseguinte, unha baixa puntuación media, non significa, necesariamente, que existan predisposicións desfavorables para o galego, pois pode indicar tamén ausencia de prexuízo. Por isto procuraremos non utiliza-la etiqueta 'desfavorable' cando aparezan medias inferiores a 3, limitándonos a expresa-la inexistencia de prexuízo.

educativo, menos identificados están coa formulación deste prexuízo. Comparando a escala completa de estudos, advírtese un descenso progresivo da media desde os que non teñen estudos (3.34) ata os que acadaron unha licenciatura universitaria (2.04). A puntuación non é tan favorable para o galego non só neste último grupo senón tamén no conxunto da poboación que ten estudos de FP (2.34), BUP (2.27) ou diplomados universitarios (2.15).

En canto á clase social, a tendencia é que as clases máis desfavorecidas presenten medias superiores. A diferenza entre a clase baixa e a media-alta é de 1.02 puntos. O único grupo con media superior a 3 é a clase social baixa (3.18).

No referente á profesión, labregos e mariñeiros son os únicos que acadan medias superiores a 3 e por tanto favorables ó galego (3.38 e 3.08 respectivamente). No resto dos casos, as puntuacións descendentes de xeito desigual, sendo as máis baixas as de diplomados e titulados superiores (2), profesionais liberais (2.08) e docentes (2.17).

Finalmente, por hábitat de residencia, as diferenzas son máis cativas e, unha vez agrupados periurbano co urbano e rural-2 co rural-1, en ningún caso se supera a media de 3. Así mesmo, cómpre anotar que entre os residentes no rural a media é superior á do conxunto de Galicia, a diferenza dos do urbano, que son os que máis rexeitan o prexuízo analizado.

Polo que se refire ás variables lingüísticas, as diferenzas máis significativas entre medias aparecen por lingua habitual, de xeito que os monolingües en castelán (1.83) diferencianse 1.39 puntos dos galegofalantes habituais (3.22). Esta diferenza parece o suficientemente elevada como para considerala relevante nunha escala de 1 a 5. Segundo a lingua inicial, as diferenzas intergrupais tamén son importantes, se ben máis febles (1.01 puntos). Apréciase bastante máis homoxeneidade ó ter en conta as destrezas lingüísticas, sobre todo nas escritas (0.49 puntos en ler e 0.37 en escribir): a maior dominio do galego lido ou escrito, máis baixas son as medias, chegando a situarse no nivel do desacordo aqueles cunha maior capacidade para lelo (2.35) ou para escribilo (2.41), así como os castelanfalantes iniciais (2.05) e os que usan preferentemente esta lingua.

Despois desta breve visión panorámica da incidencia dos distintos factores na variación producida no prexuízo *Simpatía ou acce-*

sibilidade, optamos por facer unha análise da varianza na procura do mellor modelo posible para unha explicación dos resultados. A seguir introducímolo resultado de dita análise:

Cadro 3.6.7. Porcentaxe de varianza do prexuízo referido á Simpatía ou accesibilidade explicada polas distintas variables de control


| Variables lingüísticas | | Variables sociais | |
|---|-------|--|-------|
| Lingua inicial | 12.0% | Idade | 5.1% |
| Lingua habitual | 16.1% | Estudios | 8.7% |
| Capacidade para entende-lo galego | 0.9% | Clase social | 3.7% |
| Capacidade para fala-lo galego | 4.8% | Profesión | 7.9% |
| Capacidade para le-lo galego | 2.0% | Sexo | 0.3% |
| Capacidade para escribi-lo galego | 1.3% | Hábitat de residencia | 5.5% |
| Ámbitos de adquisición | 5.2% | Hábitat de nacemento | 5.7% |
| Total explicado (análise multivariada con tódalas variables lingüísticas) | 17.2% | Total explicado (análise multivariada con tódalas variables sociais) | 14.2% |

Unha vez feitas as análises multivariadas correspondentes, deseñamos un modelo que inclúe a idade, os estudos (sen recodificar) e a lingua habitual, cun poder de explicación da varianza do 18.6%. Parte desta varianza explicada resulta da interacción entre a idade e a lingua habitual por un lado, e a idade e os estudos polo outro. Así mesmo, tamén hai interaccións triples, onde parte do efecto dunha variable sobre a variable criterio depende da presenza das outras dúas variables.

O cruzamento da idade coa lingua habitual, recollida no gráfico 3.6.4, reflicte con claridade que os máis novos non son os que en maior medida desbotan este prexuízo, como se podería concluir se se tivese en conta o factor idade de xeito independente. Como ilustra o gráfico citado, calquera que sexa a opción lingüística que utilice o entrevistado, as medias inferiores sempre recaen no grupo de 26 a 40 anos. As diferenzas son practicamente imperceptibles entre os monolingües en galego e entre os bilingües que usan máis esta lingua, aumentando lixeiramente entre aqueles que falan máis castelán ca galego. Nestes últimos, mesmo entre os que teñen de 41 a 65 anos, a puntuación é inferior á dos menores de 25 anos. O cruzamento tamén permite destacar que a media dos monolingües en castelán maiores de 65 anos indica que son os que

menos comparten este prexuízo favorable para o galego (2.12). Por outro lado, os menores de 26 anos que só falan galego teñen unha puntuación superior a 3, polo que tenden a considerar máis có resto do mesmo grupo de idade que os galegofalantes son máis simpáticos ou accesibles cós castelanfalantes. O gráfico 3.6.4 permite ver que, unha vez cruzadas ámbalas dúas variables, os diferentes grupos de lingua habitual presentan unha maior homoxeneidade interna, mentres que as diferenzas dentro de cada grupo de idade son bastante máis grandes. É dicir, é máis predicible a instalación deste prexuízo coñecendo a lingua que falan os entrevistados que tendo só a idade como referencia.


Gráfico 3.6.4. Avaliación dos prexuízos referidos á simpatía ou accesibilidade segundo a idade e a lingua habitual



Polo que se refire á interacción entre a idade e os estudos, apreciamos tamén constantes similares; os entrevistados de idades comprendidas entre os 26 e os 40 son quen menos comparten este prexuízo en tódolos niveis de estudos, agás entre os que teñen estudos primarios incompletos, tal como recolle o gráfico 3.6.5. O cruzamento ofrece diferenzas cativas por idade nos que non teñen ningún estudo e os que teñen primarios (com-

pletos ou incompletos). Entre os primeiros, as medias son superiores a 3 en tódolos grupos de idade, e polo tanto favorables ó galego. O gráfico 3.6.5 apunta un lixeiro descenso da media ó pasar do nivel educativo máis baixo ó superior, salvo nos maiores de 65 anos e nalgún outro caso particular. A curva crebada que representa os maiores de 65 é un bo indicativo da escasa uniformidade.

Gráfico 3.6.5. Avaliación dos prexuízos referidos á simpatía ou accesibilidade segundo a idade e o nivel de estudos



3.6.4.2. Prexuízos referidos á simpatía ou accesibilidade por sectores

Xa dixemos que en vinteun sectores a presenza deste prexuízo favorable para o galego é superior á do total de Galicia, sendo as puntuacións máis baixas nos sectores urbanos ca nos formados por vilas ou por concellos do rural. A aplicación do modelo deseñado para a totalidade da poboación resulta apropiado na Coruña, Santiago e Ourense-4, mentres que en Pontevedra, Lugo-2 e Lugo-5 requírese unha modificación parcial. A varianza explicada oscila entre o 20.5% de Pontevedra e o 10.1% de Lugo-5:

Cadro 3.6.8a. Resultados estatísticos da análise da varianza (A Coruña)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 337.691 | 12 | 28.141 | 21.422 | .000 |
| Idade | 23.493 | 3 | 7.831 | 5.961 | .000 |
| Lingua habitual | 108.413 | 3 | 36.138 | 27.509 | .000 |
| Estudios | 30.459 | 6 | 5.077 | 3.864 | .001 |
| Explicado | 337.691 | 12 | 28.141 | 21.422 | .000 |
| Residual | 1490.993 | 1135 | 1.314 | | |
| Total | 1828.684 | 1147 | 1.594 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 18.5% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.8b. Resultados estatísticos da análise da varianza (Santiago)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 303.169 | 12 | 25.264 | 18.423 | .000 |
| Idade | 38.187 | 3 | 12.729 | 9.282 | .000 |
| Lingua habitual | 88.581 | 3 | 29.527 | 21.532 | .000 |
| Estudios | 24.602 | 6 | 4.100 | 2.990 | .007 |
| Explicado | 303.169 | 12 | 25.264 | 18.423 | .000 |
| Residual | 1548.212 | 1129 | 1.371 | | |
| Total | 1851.381 | 1141 | 1.623 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 16.4% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.8c. Resultados estatísticos da análise da varianza (Pontevedra)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 320.308 | 12 | 26.692 | 24.643 | .000 |
| Idade | 6.337 | 3 | 2.112 | 1.950 | .120 |
| Lingua habitual | 89.939 | 3 | 29.980 | 27.678 | .000 |
| Estudios | 37.678 | 6 | 6.280 | 5.797 | .000 |
| Explicado | 320.308 | 12 | 26.692 | 24.643 | .000 |
| Residual | 1207.745 | 1115 | 1.083 | | |
| Total | 1528.053 | 1127 | 1.356 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | | | 21% | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.8d. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-2)

| | Suma de Cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 196.318 | 12 | 16.360 | 15.632 | .000 |
| Idade | 4.681 | 3 | 1.560 | 1.491 | .215 |
| Lingua habitual | 101.364 | 3 | 33.788 | 32.285 | .000 |
| Estudios | 18.119 | 6 | 3.020 | 2.885 | .009 |
| Explicado | 196.318 | 12 | 16.360 | 15.632 | .000 |
| Residual | 1095.758 | 1047 | 1.047 | | |
| Total | 1292.076 | 1059 | 1.220 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 15.2% | | | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.8e. Resultados estatísticos da análise da varianza (Ourense-4)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|-----|--------|--------|------|
| Efectos principais | 195.953 | 12 | 16.329 | 9.460 | .000 |
| Idade | 20.118 | 3 | 6.706 | 3.885 | .009 |
| Lingua habitual | 85.871 | 3 | 28.624 | 16.582 | .000 |
| Estudios | 29.104 | 6 | 4.851 | 2.810 | .010 |
| Explicado | 195.953 | 12 | 16.329 | 9.460 | .000 |
| Residual | 1626.077 | 942 | 1.726 | | |
| Total | 1822.030 | 954 | 1.910 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 10.8% | | | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

Cadro 3.6.8f. Resultados estatísticos da análise da varianza (Lugo-5)

| | Suma de cadrados | GL | MC | F | P |
|----------------------------------|---------------------|------|--------|--------|------|
| Efectos principais | 196.456 | 12 | 16.371 | 16.628 | .000 |
| Idade | 1.710 | 3 | .570 | .579 | .629 |
| Lingua habitual | 49.807 | 3 | 16.602 | 16.862 | .000 |
| Estudios | 50.604 | 6 | 8.434 | 8.566 | .000 |
| Explicado | 196.456 | 12 | 16.371 | 16.628 | .000 |
| Residual | 1724.976 | 1752 | .985 | | |
| Total | 1921.432 | 1764 | 1.089 | | |
| Porcentaxe de varianza explicada | 10.2% | | | | |

(Non se poden calcula-las interaccións debido á existencia de celas baleiras)

No cadro 3.6.9 recóllese o modelo seguido en cada un dos seis sectores, así como a varianza explicada en cada un deles:

Cadro 3.6.9. Porcentaxe de varianza do prexuízo referido á Simpatía ou accesibilidade explicada en cada sector

| Sector | Variables explicativas do modelo | Varianza explicada |
|--|----------------------------------|--------------------|
| A Coruña ($\bar{x}=2.23$; $s=1.26$) | idade, estudos, lingua habitual | 18.5% |
| Santiago ($\bar{x}=2.46$; $s=1.27$) | idade, estudos, lingua habitual | 16.4% |
| Pontevedra ($\bar{x}=2.37$; $s=1.16$) | estudios, lingua habitual | 20.5% |
| Lugo-2 ($\bar{x}=2.81$; $s=1.10$) | estudios, lingua habitual | 14.8% |
| Ourense-4 ($\bar{x}=2.74$; $s=1.38$) | idade, estudos, lingua habitual | 10.8% |
| Lugo-5 ($\bar{x}=3.13$; $s=1.04$) | estudios, lingua habitual | 10.1% |

As medias oscilan entre o 2.23 da Coruña e o 3.13 de Lugo-5. En Pontevedra e Santiago, as puntuacións tamén son inferiores á que vimos no conxunto de Galicia (2.71). Do modelo inicial (lingua habitual, estudos e idade), permanecen a lingua habitual e os estudos en cada un dos seis sectores. Polo que se refire á lingua habitual, as tendencias son moi similares ás de Galicia, coa particularidade que nos sectores non urbanos só os monolingües en galego teñen unha puntuación por riba da media correspondente ó sector. As maiores desviacións respecto da media danse nos seguintes grupos de lingua habitual:

| | |
|------------|---------------------|
| A Coruña | 0.92 (só galego) |
| Pontevedra | 0.68 (só galego) |
| Santiago | -0.77 (só castelán) |
| Lugo-2 | -0.75 (só castelán) |
| Ourense-4 | -1.06 (só castelán) |
| Lugo-5 | -0.99 (só castelán) |

Tamén se manteñen as tendencias por estudos xa vistas para o conxunto da mostra, coa particularidade de que en Ourense-4 só os que acadaron estudos primarios incompletos teñen unha media 0.30 superior á do total do sector. Algo parecido se obtén mantendo a variable idade naqueles sectores onde parte da varianza vén explicada por ela.

3.6.5. *Prexuízo referido ó valor estético da lingua*3.6.5.1. *Prexuízo referido ó valor estético da lingua en Galicia*

Finalmente, a única variable relacionada co último dos factores da análise factorial é a que ten que ver co valor estético do galego en relación co castelán (*O galego é unha lingua máis fermosa có castelán*). A media xeral (3.44) é moderadamente favorable para o galego³⁹.

Unha vez máis, os resultados son bastante uniformes nos diferentes parámetros poboacionais, e algunhas das variables independentes a penas reflicten diferencias na distribución do *prexuízo Valor estético*. Así ocorre, por exemplo, coa idade dos entrevistados, onde a diferenza é de 0.23 puntos entre os maiores de 65 anos (3.30) e os de 26 a 40 anos (3.53), polo que debemos ser prudentes ó falar dunha tendencia que relacione a idade coa apreciación estética do galego en contraste co castelán. Se as diferencias por idade son escasas, aínda o son menos por sexo, estudos, clase social ou hábitat de residencia. Segundo a profesión, a táboa 3.6.1.0 amósanos que naquelas onde predominan os galegofalantes (mariñeiros e labregos) a media é superior, mentres que nos grupos máis castelanizados (forzas armadas, profesionais liberais, etc.) as puntuacións baixan un pouco. Sen embargo, a distancia entre as dúas puntuacións extremas é de 0.60 puntos.

